BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

4º ESO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Colexio Virxe Milagrosa.

ÍNDICE

1. Introdución e contextualización.
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
3. Obxectivos.
   3.1 Obxectivos xerais de etapa.
   3.2 Obxectivos de área.
4. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.
5. Temporalización.
6. Mínimos esixibles.
7. Procedementos e instrumentos de avaliación.
8. Procedementos para a realización da avaliación inicial.
9. Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
10. Medidas de atención á diversidade.
11. Metodoloxía.
12. Materias e recursos didácticos.
13. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
14. Elementos transversais.
15. Contribución aos distintos plans: Proxecto lector, Plan TIC, Plan de convivencia.
16. Actividades complementarias e extraescolares.
17. Procedementos para avaliar a propia programación.

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

Esta programación vai dirixida á Bioloxía e Xeoloxía. Como se recolle no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A materia de Bioloxía e Xeoloxía, tanto na etapa da educación secundaria obrigatoria como no bacharelato, debe contribuír a que o alumnado desenvolva as competencias clave de cada etapa educativa, pondo especial atención na adquisición da competencia científica en todas as súas dimensións. Non se trata, pois, unicamente de adquirir coñecementos relacionados coa bioloxía e a xeoloxía, senón de que o alumnado aprenda a observar e a reflexionar sobre situacións reais, recoller datos, tomar decisións, ter curiosidade, iniciativa, motivación e moitos outros aspectos que o leven a un mellor desenvolvemento do seu contorno e a un mellor benestar social. A bioloxía e a xeoloxía deberán tamén contribuír a que as persoas melloren a súa autoestima e a superar prexuízos, respectar diferenzas e participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, mediante o uso do diálogo e respectando a diversidade cultural.

Durante estas etapas perséguese asentar as competencias xa adquiridas, para ir mellorando un nivel competencial que conduza o alumnado a non perder o interese que ten desde o comezo da súa temperá actividade escolar por non deixar de aprender.

Durante o primeiro ciclo da ESO, o eixe vertebrador da materia xirará en torno aos seres vivos e a súa interacción coa Terra, incidindo nomeadamente na importancia que a conservación do ambiente ten para todos os seres vivos. Tamén durante este ciclo, a materia ten como núcleo central a saúde e a súa promoción. O principal obxectivo é que o alumnado adquira as capacidades e as competencias que lle permitan coidar o seu corpo a nivel tanto físico como mental, así como valorar e ter unha actuación crítica ante a información e ante actitudes sociais que poidan repercutir negativamente no seu desenvolvemento físico, social e psicolóxico. Preténdese tamén que os alumnos e as alumnas entendan e valoren a importancia de preservar o ambiente polas repercusións que ten sobre a súa saúde. Así mesmo, deben aprender a ser responsables das súas decisións diarias e das consecuencias que estas teñen na súa saúde e no contorno, e comprender o valor que a investigación ten nos avances médicos e no impacto da calidade de vida das persoas.

Neste primeiro ciclo, o bloque "Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica" e o bloque “Proxecto de investigación" son comúns a primeiro e a terceiro de ESO. Dado que a bioloxía e xeoloxía son disciplinas de carácter científico, debemos ter sempre eses bloques como marco de referencia no desenvolvemento do currículo. Non se trata, por tanto, de bloques illados e independentes dos demais, senón que están implícitos en cada un deles e son a base para a súa concreción.

En Bioloxía e Xeoloxía de primeiro de ESO, o currículo parte do mundo macroscópico, máis concreto, observable e identificable polo alumnado (como a Terra no Universo, a biodiversidade no planeta Terra e os ecosistemas), para se achegar en terceiro de ESO a un nivel máis abstracto (estudo microscópico da célula, o ser humano e a saúde, o relevo terrestre e a súa evolución).

Finalmente, en cuarto curso de ESO iníciase o alumnado nas grandes teorías que permitiron o desenvolvemento máis actual desta ciencia (a tectónica de placas, a teoría celular e a teoría da evolución), para finalizar co estudo dos ecosistemas, as relacións tróficas entre os niveis e a interacción dos organismos entre eles e co medio, así como a súa repercusión na dinámica e na evolución dos devanditos ecosistemas.

No bacharelato, a materia de Bioloxía e Xeoloxía afonda nas competencias adquiridas en ESO, analizando con maior detalle a organización dos seres vivos, a súa biodiversidade, a súa distribución e os factores que nela inflúen, así como o comportamento da Terra como un planeta

en continua actividade.

A xeoloxía toma como fío condutor a teoría da tectónica de placas. A partir dela farase énfase na composición, na estrutura e na dinámica do interior terrestre, para continuar coa análise dos movementos das placas e as súas consecuencias (expansión oceánica, relevo terrestre, magmatismo, riscos xeolóxicos, etc.) e finalizar co estudo da xeoloxía externa.

A bioloxía preséntase co estudo dos niveis de organización dos seres vivos (composición química, organización celular e estudo dos tecidos animais e vexetais). Tamén se desenvolve e completa nesta etapa o estudo da clasificación e a organización dos seres vivos, e moi en especial desde o punto de vista do seu funcionamento e da adaptación ao medio en que habitan.

Ao longo das etapas de ESO e bacharelato, a materia de Bioloxía e Xeoloxía permitirá ao alumnado desenvolver as competencias esenciais que se inclúen no currículo, así como as estratexias do método científico. Entre estas competencias haberá que considerar a lingüística e a dixital, a través da realización de tarefas en grupo que supoñan compilar e organizar información, expola de xeito oral e escrito, elaborar presentacións e defender as opinións propias en debates na aula. Os alumnos e as alumnas deberán desenvolver tamén nesta etapa a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual; e igualmente deberán potenciar actitudes conducentes á reflexión e á análise sobre os grandes avances científicos da actualidade, as súas vantaxes e as implicacións éticas que en ocasións se suscitan, e coñecer e utilizar as normas básicas de seguridade e uso do material de laboratorio.

En adición ao anterior e debido aos grandes retos biotecnolóxicos actuais, a materia de Bioloxía e Xeoloxía deberá ter, no seu tratamento metodolóxico, un carácter eminentemente práctico, baseado na realización de variadas e adecuadas tarefas experimentais, adaptadas a cada nivel, que permitan ao alumnado alcanzar as destrezas necesarias no manexo de material de laboratorio, microscopios, material de campo, recollida de mostras, resolución de problemas e todos os que lle permitan afrontar no futuro estudos científicos coa formación necesaria para o seu correcto desenvolvemento. Para alcanzar estes obxectivos ao longo do currículo preséntanse actividades de laboratorio e manexo de modelos baseados nas novas tecnoloxías, que se engaden á formación teórica que se recolle nos contidos.

Xa que logo, a materia de Bioloxía e Xeoloxía en ESO e en bacharelato ha permitir que os alumnos e as alumnas adquiran un nivel competencial que lles axude a ser cidadáns e cidadás con respecto por si mesmos/as, coas demais persoas e co medio, co material que utilizan ou que está ao seu dispor; a ser responsables, capaces de ter criterios propios e de manter o interese por aprender e descubrir.

O centro escolar no que se aplicará a Programación Didáctica é un Colexio privado concertado tipificado como dunha liña; posúe tres grupos de Educación Infantil, seis de Educación Primaria e catro da ESO; en total, 13 grupos. En xeral, o nivel socio-económico-cultural do alumnado é medio. A relación entre o centro escolar e os pais/nais é boa; estes teñen interese e están ben informados das actividades que nel se realizan. A Asociación de Nais e Pais de Alumnos (ANPA) colabora nas actividades complementarias e extraescolares, o cal indica unha actitude positiva cara a educación dos nenos/as.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Na área de Bioloxía e Xeoloxía incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)

O método científico vai ser un elemento importante dentro desta área, polo cal, traballaremos con aspectos relacionados que teñan que ver coa adquisición de ferramentas que posibiliten o bo desempeño do alumnado na materia.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece ao noso redor e responder a preguntas.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.
- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.

Comunicación lingüística (CCL)

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita cobran moito sentido xa que facilitan chegar á comprensión profunda do que pretende esta área. Será interesante adestrar estes aspectos ao longo de todas as unidades como ferramentas básicas para adquirir destrezas desde esta competencia. Para iso, en cada unidade didáctica, adestraremos polo menos un descritor de cada un destes indicadores.

Os descritores aos que lles daremos prioridade serán:

- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.
- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.

Competencia dixital (DC)

A sociedade na que vivimos crea a necesidade de traballar de xeito transversal esta competencia. Terase que dotar o alumnado de ferramentas para a óptima adquisición de coñecemento en todas as áreas e idades.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.

Conciencia e expresións culturais (CEC)

Desde a área de Bioloxía e Xeoloxía podemos adestrar aspectos desta competencia que nos levan á adquisición de valores e actitudes que teñen que ver coa interculturalidade, os pensamentos diverxentes, as crenzas...

Polo que nesta área traballaremos os seguintes descritores:

- Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade, e mostrar gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

Esta competencia favorece ser crítico ante diferentes situacións, ante investigacións sobre avances científicos... Así mesmo, pretende traballar todos aqueles aspectos que fomentan unha reflexión ante situacións de hoxe, que posibilitan que o alumnado creza e madure adquirindo ferramentas que o van levar a posuír un criterio propio o día de mañá.

Para iso adestraremos os seguintes descritores:

- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEE)

O adestramento de habilidades emprendedoras no deseño de calquera tarefa vai posibilitar unha óptima xestión de recursos materiais e persoais, polo que nesta área, e en calquera, o alumnado crecerá en autonomía, en liderado e verase capaz de acoller con entusiasmo calquera labor que se lle encomende. Por iso, será importante que se adestren de forma eficiente e eficaz os seguintes descritores:

- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.

Aprender a aprender (CAA)

Esta competencia lévanos a coidar os procesos de aprendizaxe do alumnado e a metodoloxía empregada para a óptima adquisición dos contidos de calquera área. Por iso, traballaremos e adestraremos cada un dos descritores de forma que aseguremos a consecución de obxectivos formulados previamente.

- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que hai que realizar no proceso de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

3.OBXECTIVOS

3.1 OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos ea igualdade de trato e de

oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3.2 OBXECTIVOS DA ÁREA DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

1. Coñecer o vocabulario científico adecuado ao seu nivel.
2. Coñecer toda a información de carácter científico para ter unha opinión propia.
3. Levar a cabo un traballo experimental de prácticas de laboratorio ou de campo.
4. Levar a cabo un proxecto de investigación desde unha boa planificación a unha óptima exposición.
5. Adquirir coñecemento sobre a saúde e a enfermidade e todo o relacionado co sistema inmunitario.
6. Identificar as substancias aditivas e os problemas asociados a elas.
7. Coñecer todo o relacionado coa nutrición e alimentación identificando os trastornos de conduta alimentaria.
8. Identificar a anatomía e fisioloxía dos diferentes aparatos: dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor.
9. Coñecer a función do sistema nervioso e endócrino.
10. Coñecer a estrutura e función dos órganos dos sentidos: coidado e hixiene.
11. Identificar as principais glándulas endócrinas. Función.
12. Coñecer a función do aparato locomotor: relacións funcionais entre ósos e músculos.
13. Identificar a anatomía do aparato reprodutor: cambios físicos e psíquicos na adolescencia.
14. Coñecer o ciclo menstrual: fecundación, embarazo e parto.
15. Apreciar e considerar a sexualidade das persoas.
16. Coñecer os diferentes tipos de relevo terrestre.
17. Coñecer e identificar as formas de erosión.
18. Coñecer a importancia das augas subterráneas e a súa relación coas augas superficiais.
19. Coñecer as causas dos movementos da auga do mar e relacionalos coa erosión.
20. Identificar a acción eólica en diferentes ambientes.
21. Coñecer a acción xeolóxica dos glaciares.
22. Apreciar a actividade xeolóxica dos seres vivos e a especie humana como axente xeolóxico externo.
23. Identificar as actividades sísmicas e volcánicas coas súas características e os efectos que poden xerar.
24. Coñecer os riscos sísmicos e volcánicos e a forma de previlos.
25. Coñecer e identificar os compoñentes que fan do solo un ecosistema.

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE

Obxectivos	Bioloxía e Xeoloxía. 4º de ESO			
	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1. A evolución da vida			
▪ f ▪ h	▪ B1.1. Célula procariota e célula eucariota: relacións evolutivas. Célula animal e célula vexetal: morfoloxía e función.	▪ B1.1. Determinar as analoxías e as diferenzas na estrutura das células procariotas e eucariotas, e interpretar as relacións	▪ BXB1.1.1. Compara a célula procariota e a eucariota, a animal e a vexetal, e recoñece a función dos orgánulos celulares e a relación entre morfoloxía e	▪ CAA ▪ CMCCT

	Bioloxía e Xeoloxía. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		evolutivas entre elas.	función.	
			▪ BXB1.1.2. Identifica tipos de células utilizando o microscopio óptico, micrografías e esquemas gráficos.	▪ CD ▪ CAA
▪ f ▪ g	▪ B1.2. Núcleo e ciclo celular.	▪ B1.2. Identificar o núcleo celular e a súa organización segundo as fases do ciclo celular, a través da observación directa ou indirecta.	▪ BXB1.2.1. Distingue os compoñentes do núcleo e a súa función segundo as etapas do ciclo celular.	▪ CCL ▪ CAA
▪ g ▪ f	▪ B1.3. Cromatina e cromosomas. Cariotipo.	▪ B1.3. Comparar a estrutura dos cromosomas e da cromatina.	▪ BXB1.3.1. Recoñece as partes dun cromosoma utilizándoo para construír un cariotipo.	▪ CMCCT
▪ g ▪ f ▪ h	▪ B1.4. Mitose e meiose: principais procesos, importancia e significado biolóxico.	▪ B1.4. Formular e identificar os principais procesos que teñen lugar na mitose e na meiose, e revisar o seu significado e a súa importancia biolóxica.	▪ BXB1.4.1. Recoñece as fases da mitose e meiose, diferencia ambos os procesos e distingue o seu significado biolóxico.	▪ CMCCT ▪ CAA
▪ g ▪ f ▪ h	▪ B1.5. Ácidos nucleicos: ADN e ARN.	▪ B1.5. Comparar os tipos e a composición dos ácidos nucleicos, e relacionalos coa súa función.	▪ BXB1.5.1. Distingue os ácidos nucleicos e enumera os seus compoñentes.	▪ CAA ▪ CSIEE
▪ g ▪ h	▪ B1.6. ADN e xenética molecular. Proceso de replicación do ADN. Concepto de xene.	▪ B1.6. Relacionar a replicación do ADN coa conservación da información xenética.	▪ BXB1.6.1. Recoñece a función do ADN como portador da información xenética, e relaciónao co concepto de xene.	▪ CAA
▪ g ▪ b	▪ B1.7. Expresión da información xenética. Código xenético.	▪ B1.7. Comprender e ilustrar como se expresa a información xenética, utilizando o código xenético e resolvendo problemas sinxelos.	▪ BXB1.7.1. Ilustra os mecanismos da expresión xenética por medio do código xenético.	▪ CAA ▪ CSIEE
▪ b ▪ a	▪ B1.8. Mutacións. Relacións coa evolución.	▪ B1.8. Valorar e recoñecer o papel das mutacións na diversidade xenética, e comprender a relación entre mutación e evolución.	▪ BXB1.8.1. Recoñece e explica en que consisten as mutacións e os seus tipos.	▪ CMCCT ▪ CAA
▪ f ▪ g ▪ h	▪ B1.9. Herdanza e transmisión de caracteres. Introdución e desenvolvemento das leis de Mendel. ▪ B1.10. Base cromosómica da herdanza mendeliana. ▪ B1.11. Aplicacións das leis de Mendel.	▪ B1.9. Formular os principios da xenética mendeliana, aplicando as leis da herdanza na resolución de problemas sinxelos, e recoñecer a base cromosómica das leis de Mendel.	▪ BXB1.9.1. Recoñece os principios básicos da xenética mendeliana e resolve problemas prácticos de cruzamentos con un ou dous caracteres.	▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCEC
▪ g	▪ B1.12. Herdanza do sexo e herdanza ligada ao sexo.	▪ B1.10. Diferenciar a herdanza do sexo e a ligada ao sexo, e establecer a relación entre elas.	▪ BXB1.10.1. Resolve problemas prácticos sobre a herdanza do sexo e a ligada ao sexo.	▪ CAA ▪ CSIEE
▪ a ▪ c ▪ g ▪ m	▪ B1.13. Doenzas hereditarias máis frecuentes e o seu alcance social.	▪ B1.11. Coñecer e identificar algunhas doenzas hereditarias, a súa prevención e o seu alcance social.	▪ BXB1.11.1. Identifica as doenzas hereditarias máis frecuentes e o seu alcance social, e resolve problemas prácticos sobre	▪ CMCCT ▪ CSC

	Bioloxía e Xeoloxía. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			doenzas hereditarias, utilizando árbores xenealóxicas.	
▪ f	▪ B1.14. Técnicas da enxeñaría xenética.	▪ B1.12. Identificar as técnicas da enxeñaría xenética: ADN recombinante e PCR.	▪ BXB1.12.1. Diferencia técnicas de traballo en enxeñaría xenética.	▪ CMCCT ▪ CSIEE
▪ g ▪ h ▪ m	▪ B1.15. Aplicacións da enxeñaría xenética. Biotecnoloxía. Bioética.	▪ B1.13. Comprender e describir o proceso da clonación.	▪ BXB1.13.1. Describe as técnicas de clonación animal, distinguindo clonación terapéutica e reprodutiva.	▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CAA
▪ a ▪ c ▪ g	▪ B1.15. Aplicacións da enxeñaría xenética. Biotecnoloxía. Bioética.	▪ B1.14. Recoñecer as aplicacións da enxeñaría xenética: organismos modificados xeneticamente (OMX).	▪ BXB1.14.1. Analiza as implicacións éticas, sociais e ambientais da enxeñaría xenética.	▪ CSC ▪ CSIEE
▪ a ▪ c ▪ d	▪ B1.15. Aplicacións da enxeñaría xenética. Biotecnoloxía. Bioética.	▪ B1.15. Valorar e interpretar as aplicacións da tecnoloxía do ADN recombinante na agricultura, na gandaría, no ambiente e na saúde.	▪ BXB1.15.1. Interpreta criticamente as consecuencias dos avances actuais no campo da biotecnoloxía.	▪ CSC
▪ a ▪ c ▪ g ▪ h	▪ B1.16. Orixe e evolución dos seres vivos. Hipóteses sobre a orixe da vida na Terra. ▪ B1.17. Teorías da evolución. Feito e mecanismos da evolución.	▪ B1.16. Coñecer e describir as hipóteses sobre a orixe da vida e as probas da evolución. Comparar lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo.	▪ BXB1.16.1. Distingue as características diferenciadoras entre lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo.	▪ CMCCT ▪ CAA
▪ g ▪ h	▪ B1.16. Orixe e evolución dos seres vivos. Hipóteses sobre a orixe da vida na Terra. ▪ B1.17. Teorías da evolución. Feito e mecanismos da evolución.	▪ B1.17. Comprender e establecer os mecanismos da evolución destacando a importancia da mutación e a selección. Analizar o debate entre gradualismo, saltacionismo e neutralismo.	▪ BXB1.17.1. Establece a relación entre variabilidade xenética, adaptación e selección natural.	▪ CAA
▪ g	▪ B1.18. As árbores filoxenéticas no proceso de evolución.	▪ B1.18. Interpretar árbores filoxenéticas, incluíndo a humana.	▪ BXB1.18.1. Interpreta árbores filoxenéticas.	▪ CAA
▪ g ▪ h ▪ b	▪ B1.19. Evolución humana: proceso de hominización.	▪ B1.19. Describir a hominización.	▪ BXB1.19.1. Recoñece e describe as fases da hominización.	▪ CMCCT ▪ CCL
	Bloque 2. A dinámica da Terra			
▪ f ▪ g ▪ h	▪ B2.1. Historia da Terra. Orixe da Terra. Tempo xeolóxico: ideas históricas sobre a idade da Terra. Principios e procedementos que permiten reconstruír a súa historia. Utilización do actualismo como método de interpretación.	▪ B2.1. Recoñecer, compilar e contrastar feitos que amosen a Terra como un planeta cambiante.	▪ BXB2.1.1. Identifica e describe feitos que amosen a Terra como un planeta cambiante, e relaciónaos cos fenómenos que suceden na actualidade.	▪ CAA
▪ g	▪ B2.1. Historia da Terra. Orixe da Terra. Tempo xeolóxico: ideas históricas sobre a idade da Terra. Principios e procedementos que permiten reconstruír a súa historia. Utilización do actualismo	▪ B2.2. Rexistrar e reconstruír algúns dos cambios máis notables da historia da Terra, e asocialos coa súa situación actual.	▪ BXB2.2.1. Reconstrúe algúns cambios notables na Terra, mediante a utilización de modelos temporais a escala e recoñecendo as unidades temporais na historia xeolóxica.	▪ CAA ▪ CSIEE

	Bioloxía e Xeoloxía. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	como método de interpretación.			
▪ g ▪ h	▪ B2.2. Eóns, eras xeolóxicas e períodos xeolóxicos: situación dos acontecementos xeolóxicos e biolóxicos importantes.	▪ B2.3. Categorizar e integrar os procesos xeolóxicos máis importantes da historia da Terra.	▪ BXB2.3.1. Discrimina os principais acontecementos xeolóxicos, climáticos e biolóxicos que tiveron lugar ao longo da historia da Terra, e recoñece algúns animais e plantas característicos de cada era.	▪ CMCCT
▪ f	▪ B2.3. Os fósiles guía e o seu emprego para a datación e o estudo de procesos xeolóxicos.	▪ B2.4. Recoñecer e datar eóns, eras e períodos xeolóxicos, utilizando o coñecemento dos fósiles guía.	▪ BXB2.4.1. Relaciona algún dos fósiles guía máis característico coa súa era xeolóxica.	▪ CAA
▪ e ▪ f	▪ B2.4. Interpretación de mapas topográficos e realización de perfís topográficos. Interpretación e datación de procesos representados en cortes xeolóxicos.	▪ B2.5. Interpretar cortes xeolóxicos sinxelos e perfís topográficos como procedemento para o estudo dunha zona ou dun terreo.	▪ BXB2.5.1. Interpreta un mapa topográfico e fai perfís topográficos..	▪ CMCCT ▪ CCL
			▪ BXB2.5.2. Resolve problemas sinxelos de datación relativa, aplicando os principios de superposición de estratos, superposición de procesos e correlación.	▪ CMCCT
▪ g	▪ B2.5. Estrutura e composición da Terra. Modelos xeodinámico e xeoquímico.	▪ B2.6. Comprender e comparar os modelos que explican a estrutura e a composición da Terra.	▪ BXB2.6.1. Analiza e compara os modelos que explican a estrutura e a composición da Terra.	▪ CAA
▪ g ▪ f	▪ B2.5. Estrutura e composición da Terra. Modelos xeodinámico e xeoquímico. ▪ B2.6. A tectónica de placas e as súas manifestacións. Evolución histórica da deriva continental á tectónica de placas.	▪ B2.7. Combinar o modelo dinámico da estrutura interna da Terra coa teoría da tectónica de placas.	▪ BXB2.7.1. Relaciona as características da estrutura interna da Terra e asóciaas cos fenómenos superficiais.	▪ CAA ▪ CSIEE
▪ g	▪ B2.6. A tectónica de placas e as súas manifestacións. Evolución histórica da deriva continental á tectónica de placas.	▪ B2.8. Recoñecer as evidencias da deriva continental e da expansión do fondo oceánico.	▪ BXB2.8.1. Expresa algunhas evidencias actuais da deriva continental e da expansión do fondo oceánico.	▪ CAA
▪ g	▪ B2.6. A tectónica de placas e as súas manifestacións. Evolución histórica da deriva continental á tectónica de placas.	▪ B2.9. Interpretar algúns fenómenos xeolóxicos asociados ao movemento da litosfera e relacionalos coa súa situación en mapas terrestres. Comprender os fenómenos naturais producidos nos contactos das placas.	▪ BXB2.9.1. Coñece e explica razoadamente os movementos relativos das placas litosféricas.	▪ CAA ▪ CMCCT
			▪ BXB2.9.2. Interpreta as consecuencias dos movementos das placas no relevo.	▪ CAA
▪ g ▪ h	▪ B2.6. A tectónica de placas e as súas manifestacións. Evolución histórica da deriva continental á tectónica de placas.	▪ B2.10. Explicar a orixe das cordilleiras, os arcos de illas e os oróxenos térmicos.	▪ BXB2.10.1. Identifica as causas dos principais relevos terrestres.	▪ CMCCT
▪ g	▪ B2.6. A tectónica de placas e as súas manifestacións. Evolución histórica da deriva continental á	▪ B2.11. Contrastar os tipos de placas litosféricas e asociarlles movementos e consecuencias.	▪ BXB2.11.1. Relaciona os movementos das placas con procesos tectónicos.	▪ CAA ▪ CCL

	Bioloxía e Xeoloxía. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	tectónica de placas.			
▪ g ▪ b	▪ B2.7. Evolución do relevo como resultado da interacción da dinámica externa e interna.	▪ B2.12. Analizar que o relevo, na súa orixe e na súa evolución, é resultado da interacción entre os procesos xeolóxicos internos e externos.	▪ BXB2.12.1. Interpreta a evolución do relevo baixo a influencia da dinámica externa e interna.	▪ CAA
	Bloque 3. Ecoloxía e medio ambiente			
▪ f ▪ h	▪ B3.1. Compoñentes e estrutura do ecosistema: comunidade e biótopo. Hábitat e nicho ecolóxico.	▪ B3.1. Explicar os conceptos de ecosistema, biótopo, poboación, comunidade, ecotón, hábitat e nicho ecolóxico.	▪ BXB3.1.1. Identifica o concepto de ecosistema e distingue os seus compoñentes.	▪ CMCCT
			▪ BXB3.1.2. Analiza as relacións entre biótopo e biocenose, e avalía a súa importancia para manter o equilibrio do ecosistema.	▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CCL
▪ g ▪ b ▪ f	▪ B3.2. Factores ambientais e seres vivos. Factores limitantes e adaptacións. Límite de tolerancia.	▪ B3.2. Comparar adaptacións dos seres vivos a diferentes medios, mediante a utilización de exemplos.	▪ BXB3.2.1. Interpreta as adaptacións dos seres vivos a un ambiente determinado, relacionando a adaptación co factor ou os factores ambientais desencadeantes deste.	▪ CSC ▪ CAA
▪ a ▪ b	▪ B3.2. Factores ambientais e seres vivos. Factores limitantes e adaptacións. Límite de tolerancia.	▪ B3.3. Categorizar os factores ambientais e a súa influencia sobre os seres vivos, e recoñecer o concepto de factor limitante e límite de tolerancia.	▪ BXB3.3.1. Recoñece os factores ambientais que condicionan o desenvolvemento dos seres vivos nun ambiente determinado, e valora a súa importancia na conservación deste.	▪ CMCCT ▪ CAA
▪ g ▪ f	▪ B3.3. Relacións intraespecíficas e interespecíficas. Influencia na regulación dos ecosistemas. ▪ B3.4. Autorregulación do ecosistema, da poboación e da comunidade.	▪ B3.4. Identificar as relacións intraespecíficas e interespecíficas como factores de regulación dos ecosistemas.	▪ BXB3.4.1. Recoñece e describe relacións e a súa influencia na regulación dos ecosistemas, interpretando casos prácticos en contextos reais.	▪ CMCCT
▪ f ▪ h	▪ B3.5. Relacións tróficas: cadeas e redes.	▪ B3.5. Explicar os conceptos de cadeas e redes tróficas.	▪ BXB3.5.1. Recoñece os niveis tróficos e as súas relacións nos ecosistemas, e valora a súa importancia para a vida en xeral e o mantemento destas.	▪ CAA ▪ CSC ▪ CCL
▪ a ▪ c ▪ g	▪ B3.6. Dinámica do ecosistema. ▪ B3.7. Ciclo da materia e fluxo da enerxía. ▪ B3.8. Pirámides ecolóxicas. ▪ B3.9. Ciclos bioxeoquímicos e sucesións ecolóxicas.	▪ B3.6. Expresar como se produce a transferencia de materia e enerxía ao longo dunha cadea ou rede trófica, e deducir as consecuencias prácticas na xestión sustentable dalgúns recursos por parte do ser humano.	▪ BXB3.6.1. Compara as consecuencias prácticas na xestión sustentable dalgúns recursos por parte do ser humano, e valora criticamente a súa importancia.	▪ CSC ▪ CCEC
▪ a ▪ c ▪ m	▪ B3.10. Eficiencia ecolóxica e aproveitamento dos recursos alimentarios. Regra do 10 %.	▪ B3.7. Relacionar as perdas enerxéticas producidas en cada nivel trófico co aproveitamento dos recursos alimentarios do planeta desde un punto de vista	▪ BXB3.7.1. Establece a relación entre as transferencias de enerxía dos niveis tróficos e a súa eficiencia enerxética.	▪ CAA

	Bioloxía e Xeoloxía. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		sustentable.		
▪ a ▪ c	▪ B3.11. Actividade humana e medio ambiente. Impactos e valoración das actividades humanas nos ecosistemas. Consecuencias ambientais do consumo humano de enerxía. ▪ B3.12. Os recursos naturais e os seus tipos. A superpoboación e as súas consecuencias: deforestación, sobreexplotación, incendios, etc.	▪ B3.8. Contrastar algunhas actuacións humanas sobre diferentes ecosistemas, valorar a súa influencia e argumentar as razóns de certas actuacións individuais e colectivas para evitar a súa deterioración.	▪ BXB3.8.1. Argumenta sobre as actuacións humanas que teñen unha influencia negativa sobre os ecosistemas: contaminación, desertización, esgotamento de recursos, etc.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CCEC
			▪ BXB3.8.2. Defende e conclúe sobre posibles actuacións para a mellora ambiental e analiza desde distintos puntos de vista un problema ambiental do contorno próximo, elabora informes e preséntaos utilizando distintos medios.	▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL
▪ b ▪ f	▪ B3.13. Os residuos e a súa xestión. Coñecemento de técnicas sinxelas para coñecer o grao de contaminación e depuración ambiental.	▪ B3.9. Concretar procesos de tratamento de residuos e describir a xestión que dos residuos se fai no seu contorno próximo.	▪ BXB3.9.1. Describe os procesos de tratamento de residuos, e valora criticamente a súa recollida selectiva.	▪ CSC ▪ CSIEE
▪ m ▪ c ▪ a	▪ B3.13. Os residuos e a súa xestión. Coñecemento de técnicas sinxelas para coñecer o grao de contaminación e depuración ambiental.	▪ B3.10. Contrastar argumentos a favor da recollida selectiva de residuos e a súa repercusión a nivel familiar e social.	▪ BXB3.10.1. Argumenta os proles e os contras da reciclaxe e da reutilización de recursos materiais.	▪ CSC ▪ CAA
▪ a ▪ g	▪ B3.14. Uso de enerxías renovables como factor fundamental para un desenvolvemento sustentable. Consecuencias ambientais do consumo humano de enerxía.	▪ B3.11. Asociar a importancia da utilización de enerxías renovables no desenvolvemento sustentable.	▪ BXB3.11.1. Destaca a importancia das enerxías renovables para o desenvolvemento sustentable do planeta.	▪ CSC ▪ CCL
	Bloque 4. Proxecto de investigación			
▪ b ▪ c ▪ e ▪ f ▪ g	▪ B4.1. Método científico. Elaboración de hipóteses, e comprobación e argumentación a partir da experimentación ou a observación.	▪ B4.1. Planear, aplicar, e integrar as destrezas e as habilidades propias do traballo científico.	▪ BXB4.1.1. Integra e aplica as destrezas propias dos métodos da ciencia.	▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSIEE
▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h	▪ B4.1. Método científico. Elaboración de hipóteses, e comprobación e argumentación a partir da experimentación ou a observación.	▪ B4.2. Elaborar hipóteses e contrastalas a través da experimentación ou da observación e a argumentación.	▪ BXB4.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.	▪ CAA ▪ CCL ▪ CMCCT
▪ b ▪ e ▪ f ▪ h ▪ o	▪ B4.2. Artigo científico. Fontes de divulgación científica.	▪ B4.3. Discriminar e decidir sobre as fontes de información e os métodos empregados para a súa obtención.	▪ BXB4.3.1. Utiliza fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.	▪ CAA ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD
▪ a ▪ b	▪ B4.3. Proxecto de investigación: organización. Participación e	▪ B4.4. Participar, valorar e respectar o traballo individual e	▪ BXB4.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en	▪ CAA ▪ CSC

	Bioloxía e Xeoloxía. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ c ▪ d ▪ g	colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións.	en grupo.	grupo.	▪ CSIEE
▪ a ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h ▪ o	▪ B4.3. Proxecto de investigación: organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións.	▪ B4.5. Presentar e defender en público o proxecto de investigación realizado.	▪ BXB4.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e a súa defensa na aula.	▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CD ▪ CMCCT
			BXB4.5.2. Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.	▪ CCL

5. TEMPORALIZACIÓN.

1º TRIMESTRE	Unidades 6-7-8-9-1 6. Coñecer a Terra e descubrir o seu pasado. 7. A tectónica de placas. 8. Manifestacións da tectónica de placas. 9. Historia da Terra e da vida. 1. A célula: unidade de vida.
2º TRIMESTRE	Unidades 2-3-4-5 2. Os caracteres e a súa herdanza. 3. As leis da herdanza. 4. Os xenes e a súa manipulación. 5. A evolución dos seres vivos.
3º TRIMESTRE	Unidades 10-11-12 10. A especie e o medio. 11. A comunidade e o ecosistema. 12. As actividades humanas e o medioambiente.

6. **MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR A MATERIA**

- Comparar a estrutura de distintos tipos de células.
- Observar as fases do ciclo celular identificando o núcleo celular e a súa organización.
- Analizar semellanzas e diferenzas entre os cromosomas e a cromatina.
- Coñecer os procesos que teñen lugar na mitose e na meiose.
- Identificar as funcións dos distintos ácidos nucleicos.
- Recoñecer como forma de conservación xenética a replicación do ADN.
- Utilizar o código xenético para expresar información xenética.
- Ver as mutacións como formas de diversidade xenética.
- Aplicar as leis da herdanza e os principios mendelianos na resolución de problemas sinxelos.
- Establecer relacións entre a herdanza do sexo e a ligada ao sexo.
- Reflexionar sobre as enfermidades hereditarias e a súa prevención.
- Identificar técnicas e aplicacións da enxeñería xenética e clonación.
- Coñecer as probas e mecanismos da evolución e a mutación.
- Realizar interpretacións a partir de arbores filoxenéticas.
- Conceptualizar a hominización.
- Identificar o carácter cambiante da terra, describir os cambios notables e interpretar cortes xeolóxicos e perfís topográficos.
- Recoñecer os procesos xeolóxicos máis importantes na historia da Terra, analizando eóns, eras e períodos utilizando o coñecemento dos fósiles guía.
- Coñecer e interpretar os fenómenos naturais derivados da tectónica de placas.
- Analizar a estrutura da Terra a partir de distintos modelos e recursos de análise.
- Reflexionar sobre a formación da litosfera, o relevo e a súa degradación.
- Relacionar os factores ambientais coa vida dos seres vivos e ecosistemas.
- Identificar o concepto de factor limitante e límite de tolerancia.
- Afondar nos conceptos de biótopo, poboación, comunidade, ecotón, cadeas e redes tróficas.
- Reflexionar sobre a adaptación dos seres vivos ao medio.
- Identificar o proceso de transferencia de materia e enerxía na cadea trófica.
- Valorar o impacto que o ser humano lles ocasiona aos ecosistemas.
- Coñecer distintos procesos de tratamento de residuos e reflexionar sobre a recollida selectiva.
- Identificar a importancia da utilización de enerxías renovables para a sostibilidade do planeta.
- Utilizar o método científico con destreza.
- Formular e contrastar hipóteses na experimentación e/ou observación.
- Analizar a fiabilidade das fontes de información empregadas.
- Desenvolver habilidades de traballo individual e grupal.
- Realizar presentacións públicas argumentando as súas investigacións.

7. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

A avaliación efectuarase mediante a observación sistemática do progreso e evolución do alumno e atendendo sempre ás súas capacidades persoais seguindo as seguintes porcentaxes:

a) As probas de avaliación de contidos. (80%)
b) A realización de tarefas diarias, esforzo e participación. (10%)
c) Os traballos trimestrais. (10%)

Os instrumentos de avaliación serán os seguintes:
a) Probas de avaliación de contidos. (80%)
b) Rúbricas para a observación sistemática de aula (10%)
c) Rúbricas para avaliar os traballos trimestrais. (10%)

Segundo a ORDE do 25 de xaneiro de 2022 que actualizou a normativa de avaliación nas ensinanzas de Educación Primaria, de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG 11/02/2022) realizarase unha 3ª avaliación parcial en xuño de 2023.

Para a proba final:

- Os alumnos con todas as avaliacións aprobadas poderán subir ata 1 punto como máximo realizando fichas con actividades de maior dificultade na súa resolución, pero con contidos relacionados cos do curso.

- Os alumnos con avaliacións suspensas terán fichas de recuperación para practicar a materia suspensa, ademais da proba escrita (100%).

- O período do 6 ao 20 de xuño dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. A avaliación final realizarase o 21 de xuño de 2022.
- Só se fará media entre as distintas notas obtidas nas probas trimestrais si se acada unha nota mínima de 4 en cada unha delas. Excepcionalmente poderase facer media cunha calificación inferior a 4 e superior a 3 se ésta se produciu no primeiro parcial e a mellora académica é notable de xeito que a nota media resultante é de aprobado.
- Só se considerará superada a materia si se acada unha porcentaxe mínima dun 40% en cada uns dos procedementos de avaliación.
- A proba de avaliación final de xuño suporá o 100% da calificación para os alumnos coas tres avaliacións suspensas e o 100% da correspondente avaliación suspensa para os que teñan só alguna das avaliacións suspensas.

8. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INICIAL.

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso escolar e terá en conta os seguintes aspectos:

- Información do titor ou titora do curso anterior para coñecer as necesidades de aprendizaxe do alumnado, características familiares que poidan incidir na súa aprendizaxe ou calquera outra circunstancia que poida afectar ao seu desenvolvemento.
- A observación do traballo e a conduta na aula.

- A análise das producións do alumno realizadas: caderno de clase e resolución de exercicios diarios.
- As preguntas respecto a aprendizaxes básicas necesarias para desenvolver a seguinte fase de aprendizaxe.

Esta avaliación será o punto de referencia para adoptar as medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas.

9. ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES DO CURSO ANTERIOR

A recuperación de Bioloxía e Xeoloxía do presente curso terá en conta o establecido na programación do curso correspondente no tocante aos criterios de avaliación e os mínimos esixibles para superar a materia.

A recuperación poderá realizarse a través de tres probas:

- A recuperación da 1ª avaliación realizarase no mes de xaneiro.
- A recuperación da 2ª avaliación realizarase no mes de abril.
- A recuperación da 3ª avaliación realizarase no mes de xuño.

Antes da realización destas probas, os alumnos obrigatoriamente terán que entregar unha serie de actividades propostas polo profesor, que realizará un seguimento do traballo que vai realizando o alumno ó longo do curso.

Cada un dos instrumentos empregados para a avaliación valorarase do seguinte xeito:

- Probas parciais: 80%
- Actividades: 20%

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais ten que alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais, os obxectivos e as competencias da etapa. Para asegurar un progreso axeitado, estableceranse as seguintes medidas de atención á diversidade:

Medidas ordinarias:

- Reforzo educativo dentro da aula.
- Adaptación dos exames (forma e tempo).
- Exención na materia de francés para alumnado de 1º e 2º de ESO.

Medidas específicas:

- Adaptacións curriculares.

Á marxe destas medidas, teranse en conta outros aspectos importantes:

- Estratexias para favorecer a autoestima: felicitacións en público, correccións en privado, ignorar os comportamentos de chamada de atención leves.
- Metodoloxía con actividades variadas, traballo cooperativo e colaboración entre alumnos.
- Organización da aula, por exemplo, alumno con dificultades sentado preto da profesora e nun lugar onde haxa poucos elementos distractores

11. METODOLOXÍA

Os principios metodolóxicos que se seguirán na área son os seguintes:

1. Especial atención á diversidade e utilización de métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e favorezan a capacidade de aprenderen por si mesmos.

2. Metodoloxía activa e participativa, favorecendo o traballo individual e cooperativo do alumnado , o traballo en grupo colaborativo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmellorable para adestrar a competencia comunicativa.

3. Especial atención a adquisición e ao desenvolvemento das competencias clave.

4. Adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión oral e lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación que son, obviamente, extrapolables a outras áreas e contextos de aprendizaxes.

5. Integración e uso das tecnoloxías da información e da comunicación an aula.

6. Desde o coñecemento da diversidade da aula e en resposta ás múltiples intelixencias predominantes no alumnado, o desenvolvemento de actividades desde a teoría das intelixencias múltiples para que todos os alumnos e as alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que se adquiran para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

12. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Ordenador e material E-Dixgal.
- Libros do fondo do colexio.
- Recursos fotocopiables que recollen actividades de reforzo e de ampliación; material para o desenvolvemento das competencias; fichas de autoavaliación e a Adaptación curricular.
- Libros dixitais.
- Pizarra dixital.
- Material audiovisual.

- Internet.
- Presentacións power-point.

13. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
Avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel do alumnado.		
Identificación dos coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
Revisión dos traballos propostos na aula e fóra dela.		
Información necesaria sobre a resolución de tarefas.		
Corrección e explicación dos traballos e actividades do alumnado.		
Utilización de suficientes criterios de avaliación que atendan a avaliación dos diferentes contidos.		
Proposta de novas		

actividades para facilitar a adquisición de obxectivos cando estes non foron acadados con suficiencia.		
Proposta de actividades de maior nivel cando os obxectivos foron acadados con suficiencia.		

14. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Traballaránse os seguintes valores:

- Igualdade entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero.
- Responsabilidade ante un consumo responsable.
- Repeto á natureza: deterioro medioambiental, extinción das especies.
- Prevención e resolución pacífica de conflitos (xustiza, igualdade, paz, democracia...).
- Prevención da violencia terrorista e de calquera forma de violencia.
- Prevención do racismo e a xenofobia.
- Desenvolvemento sostible e medio.
- Riscos de explotación e abuso sexual.
- Situacións de risco derivadas da utilización das TIC.
- Protección ante urxencias e catástrofes.
- Espírito emprendedor e iniciativa empresarial.
- Educación e seguridade vial.

15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AOS DISTINTOS PLAN

Accións de contribución ao Plan TIC.

As TIC son unha ferramenta fundamental á hora de practicar o que poderiamos chamar un “traballo autónomo”, motor dunha aprendizaxe duradeira e permanente, que provoca a utilización de habilidades cognitivas e a autonomía do alumnado. O tratamento da información implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e empregar a información dispoñible, contrastándoa cando é preciso. O emprego das TIC centrarase basicamente en:

- Busca e selección de información en diversas páxinas web.
- Utilización de diccionarios, enciclopedias e prensa dixitais.
- Realización de actividades on-line.
- Gravación de videos.
- Libros dixitais.
- Utilización da aula de informática.

- Utilización da plataforma dixital Esemtia.
- Presentacións de power point .
- Utilización de material sonoro.

Accións de contribución ao Plan Lector

Actuacións destinadas ao fomento da lectura para garantir unha progresiva capacitación do alumnado nas competencias básicas e contribuír á súa formación como cidadáns activos e solidarios:

- Lectura diaria na clase de diferentes tipos de textos. A lectura pode ser silenciosa (para logo compartir todas as cuestións que suscite) ou en voz alta (neste caso sempre cuns minutos para unha preparación previa).
- Realización de actividades que favorezan a lectura comprensiva (activar os coñecementos previos, establecer predicións, formular preguntas, resumir...)
- Realización de traballos de investigación.
- Sesións de lectura de prensa e revistas dentro da programación das titorías.
- Traballo co xornal na aula: iránse comentando noticias de actualidade relacionadas coa materia.
- Proxección de documentais relacionados cos temas tratados ao longo da materia.
- Actividades para conmemorar o Día do Libro, a Semana das Letras Galegas e as Xornadas Culturais.

Accións de contribución ao Plan de Convivencia

Aplícase no traballo diario da aula, entre outras cousas ao traballar cooperativamente e respectar ás demais persoas. Relaciónase co Plan de acción titorial.

16. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Serán actividades encamiñadas a reforzar a consecución de obxectivos:

- A visita a exposición e museos de interese.
- Realización de traballos cooperativos referidos a temas relacionados coa materia.
- As actividades de colaboración co Concello e outras institucións para traballar a educación en valores.
- As convivencias lúdicas e festivas dentro e fóra do centro.
- A visita a vilas e cidades para coñecer o noso patrimonio natural, histórico e cultural.

17. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

A avaliación da programación didáctica no seu conxunto farase a través da seguinte ferramenta:

ASPECTOS A AVALIAR	AVALIACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
Temporalización das unidades didácticas		
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos		
Manexo dos contidos da unidade		
Realización de tarefas		
Estratexias metodolóxicas seleccionadas		
Recursos		
Claridade nos criterios de avaliación		
Uso de diversas ferramentas de avaliación		
Atención á diversidade		

CPR PLURILINGÜE
VIRXE MILAGROSA BUEU

XEOGRAFÍA E HISTORIA
4º ESO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

2022-2023

José Ramón Martínez Méndez

PROFESOR: José Ramón Martínez Méndez

ÍNDICE

1. Introdución e contextualización
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave
3. Concreción dos obxectivos por etapa e curso
4. Contidos mínimos para superar a materia.
5. Concrecións metodolóxicas
6. Materiais e recursos didácticos
7. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e promoción
8. Plans de seguemento das materias pendentes
9. Procedementos para realizar a avaliación inicial
10. Medidas de atención á diversidade
11. Concreción dos elementos transversais
12. Actividades complementarias e extraescolares
13. Relación de unidades didácticas

1.- INTRODUCION E CONTEXTUALIZACIÓN

As materias da área Xeografía e Historia pretenden profundar no coñecemento da sociedade, da súa organización e funcionamento nun territorio, a través do tempo e na actualidade, utilizando o aprendido polo alumnado na etapa anterior na área de coñecemento do medio natural, social e cultural.

A complexidade das sociedades actuais e a aparición de novas temáticas (educación ambiental, cívica, para o consumo, a paz ou o lecer), recomendan a incorporación de contidos procedentes doutras disciplinas como a socioloxía, a antropoloxía, a economía, ou a ecoloxía, que ofrecen perspectivas de análise diferentes para lograr o obxectivo común, que é o coñecemento da realidade social. Para a análise da dimensión espacial resulta axeitado o enfoque ecoxeográfico, que permite tomar en consideración as múltiples variables naturais e antrópicas que conforman un espazo e, ademais, atende o dinamismo interno de cada variable e das súas interaccións.

A paisaxe, como unidade espacial de análise ecoxeográfica, ten especial relevancia e permite abordar o estudo dos problemas a que a xeografía debe dar reposta. A historia débelle proporcionar ao alumnado un coñecemento global que resulta necesario para entender o presente e para mellorar o futuro. É preciso tamén facer emerxer no seu estudo suxeitos históricos ata hai pouco moi silenciados, como as mulleres, a clase obreira, os pobres... dándolles o protagonismo que lles corresponde e que vai permitir unha renovación do discurso histórico. En ambalas dúas materias non se debe esquecer o importante que resulta adquirir un vocabulario conceptual propio e a capacidade para utilizalo e xeneralizalo correctamente. Do mesmo xeito, cumpriría enfiar ao longo do currículo de todos os cursos tres elementos de análise que consideramos imprescindibles para comprender a realidade social: a historia, o espazo e os recursos.

Por outra parte, as dúas materias permiten desenvolver unha metodoloxía que compare o inmediato e o afastado, o propio e o alleo, o máis concreto e o máis abstracto, xustificando así a importancia que no currículo debe concederse aos aspectos da xeografía, a historia e a cultura de Galicia. Non debe esquecerse, á hora de introducir contidos metodolóxicos, a importancia de saber interpretar fontes de diversa tipoloxía, a comprensión da multicausalidade e a intencionalidade na interpretación dos procesos, o uso adecuado da información e o manexo da documentación.

A finalidade destas materias concretaríase en dar unha visión global do mundo e un conxunto de valores para que os alumnos e alumnas adopten unha actitude ética e comprometida dentro dunha sociedade plural e solidaria.

Esta programación levarase a cabo no colexio CPR Plurilingüe "**VIRXE MILAGROSA**" en Bueu, Centro que consta dunha soa liña e vai dirixida ao 4º curso da ESO.

Neste curso serán 19 en 4º da ESO. A lingua predominante é o castelán.

Durante este curso se levarán a cabo diversas Adaptacións curriculares e un número significativo do alumnado terá medidas de reforzo.

2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A aprendizaxe da Xeografía e Historia no Segundo Curso da ESO centrarase no desenvolvemento dos seguintes obxectivos competenciais para cada unha das competencias:

1. Comunicación lingüística

- Utilizar adecuadamente o vocabulario propio das ciencias sociais para construír un discurso preciso.
- Desenvolver a empatía e interesarse por coñecer e escoitar opinións distintas á propia.
- Utilizar diferentes variantes do discurso, en especial, a descrición e a argumentación.
- Ler e interpretar textos de tipoloxía diversa, linguaxes icónicas, simbólicas e de representación.

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

- Elaborar e interpretar eixes cronolóxicos.
- Analizar e comprender os datos cuantitativos recollidos en táboas, gráficos e diagramas.
- Facer cálculos matemáticos de números enteiros e porcentaxes para chegar a conclusións cuantitativas.
- Identificar e localizar os ámbitos xeopolíticos, económicos e culturais nos que se enmarcan os acontecementos da Idade Media.
- Coñecer os distintos usos do espazo e dos recursos que fixeron as sociedades ao longo dos períodos históricos estudados.

3. Competencia dixital

- Relacionar e comparar a información procedente de diversas fontes: escritas, gráficas, audiovisuais, etc.
- Contrastar a información obtida e desenvolver un pensamento crítico e creativo.

- Elaborar a información transformando os datos recollidos e traducíndoos a outro formato ou linguaxe.
- Empregar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación na procura e o procesamento da información.

4. Aprender a aprender

- Desenvolver unha visión estratéxica dos problemas, anticipar posibles escenarios e consecuencias futuras das accións individuais e/ou sociais.
- Buscar explicacións multicausais para comprender os fenómenos sociais e avaliar as súas consecuencias.
- Utilizar distintas estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información: esquemas, resumos, etc.
- Participar en debates e contrastar as opinións persoais coas do resto dos compañeiros.
- Desenvolver o gusto pola aprendizaxe continua e a actualización permanente.

5. Competencias sociais e cívicas

- Comprender o concepto de tempo histórico.
- Identificar a relación multicausal dun feito histórico e as súas consecuencias.
- Coñecer as grandes etapas e os principais acontecementos da Idade Media.
- Comprender o funcionamento das sociedades, o seu pasado histórico, a súa evolución e transformacións.
- Desenvolver a empatía mediante a comprensión das accións humanas do pasado.
- Expresarse de forma asertiva e amosar unha actitude favorable ao diálogo e ao traballo cooperativo.

6. Conciencia e expresións culturais

- Comprender a función que as artes tiveron e teñen na vida dos seres humanos.
- Recoñecer os diferentes estilos da arte medieval e moderna e os valores estéticos que expresan.
- Analizar obras de arte de forma técnica e identificar o contexto histórico que explica a súa aparición.
- Desenvolver unha actitude activa en relación coa conservación e a protección do patrimonio histórico.

7. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

- Asumir responsabilidades e tomar decisións con respecto á planificación do proceso de resolución das actividades propostas.
- Interpretar adecuadamente as particularidades de cada situación e de cada problema estudado.

- Saber argumentar de forma lóxica e coherente as explicacións dos conceptos e fenómenos estudados.
- Autorregular a propia aprendizaxe: tomar conciencia do que se sabe e do que falta por aprender; e realizar autoavaliacións do propio traballo.

3. OBXECTIVOS

3.1 Obxectivos xerais da etapa

A Educación Secundaria Obrigatoria debe contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan alcanzar os seguintes obxectivos:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas do aprendizaxe como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os

métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, en lingua galega, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizasen achegas importantes á cultura e á sociedade galegas, ou a outras culturas do mundo.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

OBXECTIVOS DA MATERIA PARA 4º CURSO DA E.S.O.

OBXECTIVOS	COMPETENCIAS CLAVE
1. Analizar a Europa do século XVIII: unha poboación en lixeiro incremento demográfico, unha economía de base agraria, unha sociedade estamental, o absolutismo monárquico e a arte rococó.	Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas. Conciencia e expresións culturais.
2. Recoñecer as causas da Guerra de Sucesión, a configuración das alianzas de ambos bandos e a configuración política que supuxo a aprobación dos decretos de Nova Planta.	Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas. Comunicación lingüística.
3. Entender o significado político dos Borbóns na España do século XVIII: As reformas de Felipe V, Fernando VI e Carlos III.	Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas. Comunicación lingüística.
4. Analizar as particularidades artísticas, políticas, económicas, demográficas, urbanísticas e sociais de Galicia no século XVIII.	Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas. Conciencia e expresións culturais.
5. Coñecer o pensamento ilustrado europeo nas súas vertentes económicas e políticas e identificar os principais pensadores coas súas achegas, analizando a súa repercusión en España e máis concretamente en Galicia.	Competencias sociais e cívicas. Comunicación lingüística. Conciencia e expresións culturais.
6. Comprender a ruptura histórica que representou a Revolución Francesa analizando as novidades políticas que achegou e recoñecer as causas e as ideas que conduciron á Restauración europea.	Competencias sociais e cívicas. Comunicación lingüística. Conciencia e expresións culturais.
7. Coñecer e diferenciar as revolucións liberais ocorridas no século XIX identificando os conceptos de nacionalismo e liberalismo, prestándolle especial atención á súa influencia nos procesos de unificación alemán e italiano e de independencia grega e belga.	Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
8. Coñecer as bases da revolución industrial, as novas fontes de enerxía, os sectores industriais, a revolución dos transportes, a nova sociedade industrial, a organización do movemento obreiro e as novas ideoloxías: marxismo, anarquismo e internacionalismo.	Aprender a Aprender Competencias sociais e cívicas. Conciencia e expresións culturais.

9.	Analizar o desenvolvemento político de España, en xeral e de Galicia en particular durante o século XIX: a crise do Antigo Réxime, a restauración do absolutismo, a independencia das colonias americanas, a revolución liberal, o Sexenio Democrático e a Restauración.	Competencia dixital Competencias sociais e cívicas. Comunicación lingüística.
10.	Recoñecer as transformacións demográficas, urbanísticas, económicas e sociais do século XIX en España, coa irrupción da industrialización, prestándolle unha atención especial a Galicia.	Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas. Comunicación lingüística.
11.	Analizar as particularidades artísticas, políticas, económicas e sociais de Galicia do século XIX.	Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas. Conciencia e expresións culturais.
12.	Explicar as causas da expansión colonial europea e detallar a organización e extensión dos grandes imperios coloniais.	Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas. Comunicación lingüística.
13.	Coñecer as principais correntes artísticas e culturais do século XIX en Europa diferenciando os principais autores e obras máis significativas do período.	Comunicación lingüística. Conciencia e expresións culturais.
14.	Explicar as causas da Primeira Guerra Mundial, as fases do conflito bélico e as consecuencias da conflagración armada en Europa.	Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas. Comunicación lingüística.
15.	Coñecer as características principais do período de entreguerras: a Revolución rusa e a formación da URSS baixo o mandato de Lenin e a posterior ditadura de Stalin, o crac do 29 e a Gran Depresión e o ascenso dos totalitarismos en Europa: o fascismo italiano e o nazismo alemán.	Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas. Comunicación lingüística.
16.	Explicar as causas e as consecuencias da Segunda Guerra Mundial, así como o desenvolvemento das principais operacións militares e o Holocausto da poboación xudía, executado polo goberno nazi.	Competencias sociais e cívicas. Comunicación lingüística. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
17.	Coñecer a historia española desde o desastre do 98, a crise da restauración, a II República e a Guerra Civil, prestándolle especial atención a Galicia.	Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas. Comunicación lingüística.
18.	Identificar os aspectos máis significativos do mundo bipolar, os principais conflitos da Guerra Fría e as características de cada un dos bloques: o capitalista e o comunista.	Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas. Comunicación lingüística.

19.	Coñecer as causas da crise e afundimento do comunismo e a consecuente desaparición do sistema de bloques.	Competencias sociais e cívicas. Comunicación lingüística.
20.	Analizar a evolución dos aspectos económicos, urbanísticos, políticos, sociais e culturais do réxime franquista en España, prestándolle especial atención a Galicia.	Competencias sociais e cívicas. Comunicación lingüística. Conciencia e expresións culturais.
21.	Coñecer o proceso de transición cara á democracia, iniciado coa morte de Franco, prestándolle especial atención a Galicia.	Competencias sociais e cívicas. Comunicación lingüística. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
22.	Identificar os principios que rexen a Constitución española de 1978 na forma de goberno do estado español, a súa organización estatal e valorala como garante das liberdades individuais e colectivas.	Competencias sociais e cívicas. Conciencia e expresións culturais. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
23.	Recoñecer os distintos gobernos democráticos españois e as súas principais liñas de actuación desde a transición até a actualidade prestándolle unha especial atención á evolución política, demográfica e económica en Galicia.	Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas. Comunicación lingüística.
24.	Coñecer as características do mundo actual, incidindo especialmente na nova orde política internacional, a economía globalizada, a emerxencia de novas potencias económicas, a crise económica de 2008, os principais conflitos violentos e a sociedade do século XXI.	Competencia dixital. Competencias sociais e cívicas. Comunicación lingüística.
25.	Identificar as principais correntes artísticas do século XX no mundo prestándolle atención á contribución española ás artes figurativas durante este século, tanto en pintura, escultura como arquitectura, e á contribución de Galicia.	Competencias sociais e cívicas. Conciencia e expresións culturais. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
26.	Recoñecer as actitudes e situacións discriminatorias que tiveron lugar ao longo da historia por razóns de raza, sexo, relixión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, e amosar unha actitude solidaria cos individuos e colectividades que foron obxecto desta discriminación.	Competencias sociais e cívicas. Comunicación lingüística. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
27.	Recoñecer os mecanismos esenciais que rexen o funcionamento dos feitos sociais e económicos dentro da estrutura da nosa sociedade e, deste xeito, comprender e saber analizar os problemas máis apremiantes das sociedades contemporáneas (a inmigración, a globalización, as desigualdades socioeconómicas, a crise económica, etc.).	Competencias sociais e cívicas. Comunicación lingüística. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

28. Obter e relacionar información de fontes de diverso tipo e saber manexar e interpretar correctamente diversos instrumentos de traballo como as gráficas, os mapas, etc.	Aprender a aprender. Competencia dixital. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
29. Sensibilizarse cos principais problemas do mundo actual (o desigual acceso aos recursos, a globalización, a pervivencia de réximes autoritarios e ditatoriais, os conflitos políticos, etc.), entendéndoos como unha problemática na que todos estamos implicados e da que todos somos responsables	Competencia dixital. Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
30. Valorar a diversidade cultural no mundo, en España e en Galicia, e ser respectuosos e tolerantes coas actitudes, crenzas e formas de vida de persoas ou grupos que pertencen a sociedades ou culturas diferentes á propia.	Competencias sociais e cívicas. Conciencia e expresións culturais.
31. Apreciar los derechos y libertades de las personas como un logro irrenunciable de la humanidad, denunciar las actitudes discriminatorias e injustas y mostrarse solidario con quienesestén privados de susderechos o de los recursos económicos necesarios	Competencias sociales y cívicas. Sentido de iniciativa y espíritu emprendedor.

4. CONTIDOS MÍNIMOS DA MATERIA

Coa fin de garantir o dereito do alumnado a que o seu rendemento escolar sexa valorado conforme a criterios de plena obxectividade, deberán facerse públicos os criterios xerais que se aplicaran para a avaliación das aprendizaxes, promoción e titulación.

Informarase ao comezo do período lectivo sobre os contidos mínimos esixibles para a superación das diferentes materias del dependentes, os procedementos de recuperación e de apoio previstos, e os criterios de avaliación e procedementos de calificación aplicables.

A continuación, e para cada unha das unidades deste curso, indícanse os contidos mínimos esixibles que o alumnado deberá ter adquirido para superar a materia de Xeografía e Historia no 4º curso da ESO:

4º E.S.O.

UNIDADE 1. O SÉCULO XVIII: A CRISE DE ANTIGO RÉXIME

- As causas da crise do Antigo Réxime.
- As revolucións en Inglaterra e EUA e os seus sistemas políticos parlamentarios.
- O pensamento da Ilustración e a súa oposición ao Antigo Réxime.
- A influencia da Revolución Francesa e a Ilustración en España.

UNIDADE 2. A ÉPOCA DAS REVOLUCIÓNS LIBERAIS (1789-1871)

- As causas da Revolución Francesa e o seu desenvolvemento.
- O papel da muller durante a Revolución Francesa e a relevancia de Olimpia de Gouges.
- A figura de Napoleón: o Consulado e o Imperio.
- A herdanza da Revolución Francesa a nivel político, económico e cultural.
- Os enfrontamento entre o absolutismo, o liberalismo e o nacionalismo e as súas consecuencias.

UNIDADE 3. A ORIXEN DA INDUSTRIALIZACIÓN

- As causas e as consecuencias da Revolución Industrial.
- A importancia da creación da máquina de vapor por James Watt.
- O desenvolvemento industrial e as súas repercusións.
- O triunfo do capitalismo industrial e as súas consecuencias.
- O cambio social: a nova división da sociedade e o nacemento de novos movementos sociais.

UNIDADE 4. A ESPAÑA DO SÉCULO XIX: A CONSTRUCCIÓN DO RÉXIMEN LIBERAL

- A invasión napoleónica e a Guerra da Independencia. As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812.
- A obra artística de Goya e a plasmación da crise do Antigo Réxime.
- Os reinados de Fernando VII e Isabel II e as súas características.
- O conflito entre absolutistas e liberais. As guerras carlistas e a Gloriosa Revolución.
- A Restauración borbónica.

UNIDADE 5. INDUSTRIALIZACIÓN E CAMBIO SOCIAL NA ESPAÑA DO SÉCULO XIX

- O carácter de éxito ou fracaso da Revolución Industrial en España.
- As consecuencias da revolución industrial: o crecemento demográfico e económico.
- Os piares da industrialización española.
- Os cambios sociais derivados da industrialización e o crecemento do movemento obreiro.
- A arte do século XIX en España: Neoclasicismo, Romanticismo, Realismo e Modernismo.

UNIDADE 6. A ÉPOCA DO IMPERIALISMO

- As causas da expansión imperialista.
- O auxe do capitalismo industrial.
- A repartición dos imperios coloniais.
- As consecuencias do colonialismo.

UNIDADE 7. A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL E A REVOLUCIÓN RUSA

- As causas e o desenvolvemento da Primeira Guerra Mundial.
- A consideración da Primeira Guerra Mundial como unha ‘guerra total’.
- As causas e o desenvolvemento da Revolución rusa.
- A situación de Europa tras a Primeira Guerra Mundial.
- O nacemento das vangardas artísticas.

UNIDADE 8. O PERÍODO DE ENTREGUERRAS

- A situación durante o período de entreguerras.
- A prosperidade e a crise dos Estados Unidos: o crac de 1929.
- O auxe dos totalitarismos: Italia e Alemaña.
- A ditadura estalinista na Unión Soviética.
- A arte no período de entreguerras.

UNIDADE 9. ESPAÑA NO PRIMEIRO TERZO DO SÉCULO XX (1902-1939)

- As causas da crise do sistema da Restauración.
- A ditadura de Primo de Rivera.
- A Segunda República española e as súas reformas.
- O contexto previo á Guerra Civil: o Bienio Conservador e a Fronte Popular.
- A Guerra Civil: causas, desenvolvemento e consecuencias.

UNIDADE 10. A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL

- As causas da Segunda Guerra Mundial e o seu desenvolvemento.
- O concepto de ‘guerra total’: unha guerra a todos os niveis.
- O Holocausto xudeu.
- As consecuencias da Segunda Guerra Mundial.
- A fundación da ONU e o seu labor.

UNIDADE 11. UN MUNDO DIVIDIDO: GUERRA FRÍA E DESCOLONIZACIÓN

- A división do mundo en dous bloques antagónicos: EUA e a URSS.
- Os conflitos bélicos desenvolvidos durante a Guerra Fría.
- A coexistencia pacífica promovida por Kennedy e Jruschov.
- O proceso de descolonización e a necesidade do neocolonialismo.
- As causas do conflito de Oriente Próximo.

UNIDADE 12. CAPITALISMO E COMUNISMO: DOUS SISTEMAS ENFRONTADOS

- As diferenzas entre o bloque comunista e o bloque capitalista a nivel social, económico, político e artístico.
- As orixes da construción da Unión Europea.
- A prosperidade do mundo capitalista e a crise enerxética.
- O Estado do benestar, a súa función e os seus piares.
- A evolución do mundo soviético e a súa posterior crise.

UNIDADE 13. ESPAÑA: A DITADURA FRANQUISTA (1939-1975)

- As bases do réxime franquista.
- A situación de posguerra en España e o papel das mulleres.
- O desenvolvementismo do réxime, o seu impacto na sociedade española e a súa posterior crise.
- O destino dos opositores ao franquismo.
- O franquismo en Galicia.

UNIDADE 14. TRANSICIÓN E DEMOCRACIA EN ESPAÑA

- A caída do franquismo tras a morte de Franco.
- A transición á democracia: a Constitución de 1978 e as mobilizacións populares pola democratización do réxime.
- Os distintos gobernos da democracia, desde 1982 até a actualidade.
- As transformacións económicas, demográficas e sociais a partir de 1985, e a súa posterior crise.
- As correntes artísticas do século XX en España.

UNIDADE 15. O MUNDO ACTUAL

- O fin da división do mundo en bloques e as súas consecuencias: a desintegración da URSS e o auxe dos EUA.
- A construción da Unión Europea e as súas políticas.
- A crise de 2008 como crise do modelo de benestar europeo.
- A inestabilidade do mundo actual, os conflitos do século XXI e as súas vítimas.
- A arte no mundo actual.

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

• Aprender a aprender co aprendizaxe cooperativo e as intelixencias múltiples, aplicando dinámicas, estruturas e de comprensión cunhas metas claras e concisas.

• Presentacións de power-point // Geneally para facer máis interactiva e fácil asimilación dos estándares.

• Achegar ao alumnado á comprensión dos contidos do libro de texto mediante a lectura participativa.

• Proxectar películas, cortos e documentais, axudando así a mellor comprensión dos feitos a comprender.

• Facer comentarios e preguntas na clase de xeito individual ou colectivo para avaliar o grao de comprensión do tema proposto.

• Motivar ao alumnado para que utilice diferentes técnicas en cada un dos exercicio

• Fomentar no alumnado a busca de materiais e solucións adecuadas a cada procedemento.

• Insistir na necesidade do coidado, limpeza e minuciosidade que requiren os seus traballos.

• Utilización das tics como novos recursos que facilitan e aportan diferentes solución aos temas propostos.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN A UTILIZAR

Recursos Didácticos

Para cada tema os Recursos Didácticos dos que se dispón son os seguintes:

- EDIXGAL
- Cadernos de Actividades

Os Cadernos de Actividades serven para reforzar e ampliar contidos básicos da materia. Por outro lado, en combinación co resto de materiais, constitúen un instrumento para atender as necesidades invididuais do alumnado, xa que permiten practicar aquelescoñecementos que secuencian os distintos temas.

- Enderezos da Internet. Diferentes enderezos de Internet (blogs, revistas, publicacións especializadas) que serven para reforzar e complementar os contidos, habilidades e competencias traballadas en cada tema.
- Actividades interactivas propostas en Edixgal.
- Actividades de Avaliación Inicial.
- Actividades de Reforzo e Ampliación. Unha páxina de actividades de reforzo e outra de ampliación permiten consolidar os coñecementos dos contidos do tema e ampliar algúns aspectos importantes.
- CANALHISTORIA. Documentais, cortos, escenas de películas para complementar o tema tratado.
- Lecturas comprensivas sobre los temas tratados.
- Páxinas web (artehistoria, claseshistoria...) especializadas na materia de xeografía e historia.

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

1º.- **As probas escritas** serán cualificadas en exercicios realizados na aula e terase en conta a asimilación dos contidos e competencias de cada unidade. As probas escritas serán **cualificadas cun 65% da nota global**.

2º.- **Proxectos trimestrais** sobre un apartado de interese dos temas a desenvolver, serán avaliados a través da observación directa e a valoración da utilización dos materiais e información dispoñible, orde e limpeza, calidade estética, orixinalidade e presentación na aula. Os Proxectos trimestrais**serán cualificados cun 15% da nota global**.

3º.- **Lecturas comprensivas** de cada tema da materia de Xeografía e Historia.

As lecturas comprensivas serán **cualificadas cun 10% da nota global.**

4º.- **Caderno de Exercicios de Reforzo**, será cualificado de forma trimestral **cun 10% da nota global.**

O procedemento que se seguirá para a obtención da cualificación final de xuño será:

A nota media das tres avaliacións, aprobando como mínimo a terceira e unha das dúas anteriores. Con todo, se a nota das tres avaliacións foi sempre en progresión, a nota final será a mesma da terceira avaliación..

- A valoración dos proxectos en grupo, cualificaranse valorando o traballo individual e o resultado final do grupo.
- Tomaranse medidas excepcionais no caso do alumnado con dificultades ou con adaptacións curriculares.
- No caso de faltar algunha proba, o alumnado deberá realizala o primeiro día de incorporación a materia, salvo excepcións que o profesorado ditamine.
- As porcentaxes están suxeitas a posibles cambios dependendo da evolución do aprendizaxe do alumnado.

4º E.S.O.	**15%**	**31%**	**10%**	**25%**	**14%**	**2.5%**	**2.5%**

8.- PLANS DE SEGUIMENTO DAS MATERIAS PENDENTES.

Realizarase unha proba de recuperación por cada avaliación suspensa:

- se o alumno/a suspendeu a primeira avaliación, terá a oportunidade de realizar un exame de recuperación na segunda avaliación.
- se o alumno/a suspendeu a segunda avaliación, terá a oportunidade de realizar un exame de recuperación na terceira avaliación.

O alumnado que non conseguiran aprobar, terán a oportunidade de recuperar a asignatura no exame final de xuño.

Respecto a aquele alumnado que teña a materia do curso anterior non superada non establécense as seguintes medidas:

▪ Elaborarase un plan individualizado e personalizado de recuperación da materia pendente por trimestre. Os estudantes que cumpran os obxectivos marcados superarán a materia pendente.
▪ O alumnado que non cumpran satisfactoriamente os obxectivos trimestrais marcados terán a posibilidade de facer unha proba escrita de mínimos no mes de maio nas datas propostas dende a Xefatura de Estudos.

▪ A proba escrita de maio, recollerá o contido do curso anterior e serán similares ás do curso ordinario sendo cualificadas seguindo os mesmos criterios.

9. PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial ten como obxectivo fundamental analizar, antes de iniciar un proceso de ensino-aprendizaxe, a situación de cada estudante. Na avaliación inicial pódense diagnosticar aspectos como as concepcións alternativas, as estratexias espontáneas de razoamento, as experiencias persoais e os hábitos e actitudes que determinan, en boa medida, o sentido da aprendizaxe.

Durante as dúas primeiras semanas do curso realizarase unha proba escrita, deseñada tendo en conta o currículo do curso anterior e as adaptacións feitas á programación. Os resultados destas probas, xunto coa observación do traballo na aula, a información aportada polo Departamento de Orientación e a Memoria Final do curso 2021/2022, permiten adoptar decisións sobre cales son os puntos de partida e poder adaptar así o proceso de ensino aprendizaxe e a propia programación didáctica ás necesidades detectadas.

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Deberá diferenciarse o alumnado que require necesidades específicas de apoio educativo en función das súas particularidades, que poden agruparse en estes tres ámbitos:

- En primeiro lugar, deberán cubrirse as necesidades educativas especiais.
- En segundo lugar, teranse en conta aqueles casos que representan unha incorporación tardía ao Sistema Educativo.
- En terceiro lugar, deberá prestárselles unha atención especial a aqueles alumnos que dispoñan dunhas altas capacidades intelectuais.
- Por último, prestaráselles igualmente unha atención especial a aqueles alumnos e alumnas con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH).

As medidas que se levan a cabo son:

• **Ordinarias**:
• Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.
• Reforzo educativo e apoio con profesorado con dispoñibilidade horaria.

Actividades de reforzo: O alumnado con máis dificultades de aprendizaxe traballará sobre contidos mínimos das unidades didácticas para acadar os obxectivos mínimos. Teranse sempre en conta os protocolos establecidos pola

Xunta de Galicia para o alumnado de necesidades específicas de apoio educativo.

• Apoios en lingua castelá e matemáticas.
• Exención de francés: aquel alumnado con dificultades nas linguas que está exento de francés reforza a lingua galega.
• Emprego das TIC en todas as aulas
• Traballo cooperativo. Contribúe ao desenvolvemento de habilidades comunicativas, traballo en grupo e flexibilidade de pensamento.
• Titoría entre iguais.
• Aprendizaxe por proxectos.
• Traballo en equipo. Favorece o desenvolvemento de habilidades sociais e a inclusión.

• **Extraordinarias**:

• Adaptacións curriculares significativas.
• Atención educativa ao alumnado, que por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo.

Con aquel alumnado que presente unha situación de desvantaxe académica a causa dunha enfermidade de larga duración, tomaranse as medidas máis axeitadas para cada caso, adaptándose en todo momento á situación.

11.CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Fomento da Lectura. Comprensión Lectora.

- Potenciar o gusto pola lectura, as habilidades de lectoescritura e as capacidades reflexivas inherentes a unha lectura en valores desde a certeza que son a base da aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias de lectura reflexiva que favorezan as potencialidades do alumnado para realizar unha lectura en valores.
- Promover a reflexión e o diálogo arredor ás lecturas entre o alumnado como medio para iniciar postas en común das propias motivacións, valores ou opinións.
- Entender a lectura como unha fonte de coñecemento, de enriquecemento lingüístico e desenvolvo moral imprescindíbel na nosa sociedade.
- Estimular a elaboración propia de textos a través da lectura comprensiva de modelos, así como o interese por compartir e comentar estas creacións individuais.
- Incentivar reflexións argumentadas e coherentes sobre a forma e o tema das lecturas que sirvan para definir olladas persoais que respecten unha base textual.
- Suscitar a análise e a vivencia estética das manifestacións literarias.

- Fomentar o uso da biblioteca utilizándoa como espazo privilexiado de aprendizaxe e goce.
- Impulsar un uso produtivo das TIC que permita localizar e seleccionar datos e informacións de maneira áxil e eficiente.

Comunicación Audiovisual.

Na actualidade a introdución e xeneralización do uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación tanto na redonda social do alumnado como, especificamente, no ámbito escolar fan necesario que os educandos se familiaricen con esta nova realidade como elemento esencial da súa formación.

O termo TIC engloba, ademais, unha gran diversidade de realidades sociais e educativas ás que o profesorado deberá facerlles fronte desde a aula. Para estruturar adecuadamente o traballo educativo das TIC na ESO enfrontaremos este novo reto educativo a partir destes tres obxectivos:

a) Levar a cabo unha primeira aproximación á adquisición das habilidades e destrezas directamente relacionadas coas ferramentas informáticas.
b) Potenciar a familiarización do alumnado coas redondas comunicativas e sociais que supoñen as TIC na súa máis ampla acepción.
c) Desenvolver a propia tarefa educativa a través do uso dos novos medios e ferramentas que achegan as TIC.

Para empezar esta tarefa, nos cursos iniciais da ESO deberá introducirse o alumnado no coñecemento e uso do ordenador mediante a súa utilización como recurso didáctico complementario para reforzar ou ampliar as aprendizaxes que se levan a cabo na aula. Os diferentes contidos e competencias básicas traballaranse tanto desde o uso das ferramentas tradicionais como na realización de actividades interactivas, comentario de imaxes ou vídeos extraídos da Internet ou co apoio doutros contidos e aplicacións procedentes da web ou dos mass-media.

Emprendemento

O emprendemento, a competencia para emprender, pode definirse como un conxunto de subcompetencias, categorías ou dimensións básicas, cuxas especificidades virían determinadas polos valores e actitude. O desenvolvemento do Emprendemento céntrase no desenvolvemento de cinco dimensións ou capacidades do alumnado:

1.Dimensión da interacción social. Somos seres en relación, en comunicación con outros. Ningún proxecto de emprendizaxe ten sentido en solitario, a rede de persoas e contactos con clientes, provedores e outros profesionais é esencial. A cooperación con outros en proxectos de talento compartido multiplica os resultados.

2.Dimensión da motivación e a forza interior. A motivación de logro, as emocións proactivas, as crenzas positivas, a realización persoal, o desenvolvemento dos propios talentos e a autonomía persoal son esenciais para a emprendizaxe, para saír da zona de confort e enfrontar os retos con ilusión e valentía.

3.Dimensión da mellora-innovación. A creatividade é unha ferramenta básica no emprendedor, a capacidade de satisfacer novas necesidades, mellorar procesos e achegar valor. Isto implica apertura e curiosidade, perseverancia, imaxinación e tamén rigor.

5.Dimensión simbólico-comunicativa. A capacidade de expresar as ideas en varios formatos comunicativos como debuxos, mapas, narracións, formas de falar tanto verbal como non verbal, é fundamental para a emprendizaxe, porque de nada vale ter boas ideas e proxectos se non sabemos vendelas, se non convencemos a sociedade disto, se non persuadimos.

Outros elementos transversais

1. O desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
2. A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto aos homes e mulleres por igual e ás persoas con discapacidade.
3. A prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico. Evitaranse en todo caso comportamentos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.
4. Elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, o abuso e maltrato ás persoas con discapacidade, as situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das Tecnoloxías da Información e da Comunicación, así como a protección ante emerxencias e catástrofes.

d) Fomento da alimentación equilibrada e da actividade física moderada como fontes de saude.

12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIASE EXTRAESCOLARES

A realización das actividades extraescolares será aprobada na Xunta de Departamento e remitirase unha modificación da programación á Inspección Educativa.

Estas actividades serán organizadas para reforzar os contidos dados na aula e alcanzar os obxectivos marcados na programación.

Entre as actividades complementarias e extraescolares estarán:

- A participación en diversos certames e campañas organizadas polas entidades públicas e privadas.
- A visita ao centro de autores literarios.

- Día da Constitución
- O día do Libro
- O día das Matemáticas
- O día De Rosalía de Castro
- O día das Letras Galegas
- Visitas a lugares que reforcen os proxectos trimestrais programados.

13. MECANISMOS DE REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS

Tal e como establece o artigo 25 das Instrucións do 30 de xullo 2020 da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa* é prescritivo avaliar a PD para realizar as modificacións que se estimen oportunas no curso seguinte co obxectivo de mellorala e adaptala ás necesidades do alumnado e do proceso de ensino.

A programación é revisada antes do comezo de curso para incorporar aquelas conclusións da Memoria Final do curso 2022/2023 que se consideren relevantes. Durante o curso, o estudo dos resultados académicos e a análise das súas causas permite establecer medidas correctoras.

1.- Nas sesións de avaliación trimestral e tendo en conta os resultados académicos faremos constar en acta os seguintes aspectos:

▪ Análise estatístico dos resultados xerais do grupo e valoración dos mesmos.
▪ Casos particulares analizados e medidas a adoptar.
▪ Clima de traballo na aula.
▪ Valoración dos apoios e reforzos.
▪ Grao de desenvolvemento das competencias en xeral.
▪ Compromisos para a seguinte avaliación.

2.- Ao remate do curso e como parte da Memoria Final revisarase a programación tendo en conta:

▪ Unidades non impartidas e as causas que o impediron.
▪ As modificacións introducidas.
▪ As propostas de mellora a ter en conta no próximo curso.
▪ Os resultados académicos e as posibles causas que afectaron negativamente.
▪ A valoración dos recursos, medidas de atención á diversidade aplicadas e actividades complementarias.
▪ As conclusións obtidas na avaliación.

14.RELACIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS 4º da E.S.O

UNIDADES DIDÁCTICAS CC.SS 4º E.S.O.	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
UNIDADE 1: **O SÉCULO XVIII: A CRISE DO A.R.**	Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América. Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías. Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época. Comprende as implicacións do empiricismo e o método científico nunha variedade de áreas.
UNIDADE 2: **ÉPOCA DAS REVOLUCIÓNS**	Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras. Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes.
UNIDADE 3: **A ORIXE DA INDUSTRIALIZACIÓN**	Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra. Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas. Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos. Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais.

UNIDADE 4: **ESPAÑA DO SÉCULO XIX:** **O RÉXIME LIBERAL**	Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España. Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX
UNIDADE 5: **INDUSTRIALIZACIÓN E CAMBIO SOCIAL NA ESPAÑA DO SÉCULO XIX**	
UNIDADE 6: **A ÉPOCA DO IMPERIALISMO**	Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais. Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.
UNIDADE 7: **A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL E A REVOLUCIÓN RUSA**	Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles. Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial. Analiza o novo mapa político de Europa. Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade. Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX. Compara movementos artísticos europeos e asiáticos
UNIDADE 8: **O PERÍODO DE ENTREGUERRAS**	Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia. Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008. Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller.. Explica diversos facto res que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa.

UNIDADE 9: **ESPAÑA NO 1º TERZO DO SÉCULO XX**	Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.
   4.1 Aprendizaxes non adquiridas no curso escolar 2021-22.....26

5. **Mínimos exisibles 26**
6. **Criterios de Cualificación.....27**
7. **Procedementos e instrumentos de avaliación.....28**

   7.1 Criterios de Cualificación nunha ensinanza non presencial.....31

   7.2 Criterios de Cualificación nunha ensinanza semipresencial.....32

8. Tratamento do fomento da lectura.....33

9. Tratamento do fomentos das TIC.....33

10. Plan de traballo para a superación das materias pendentes…..... ……34

11. Metodoloxía didáctica.....35

11.1 Metodoloxía didáctica telemática……36

12. Materiais e recursos didácticos.....37

13. Medidas de atención á diversidade.....40

14. Actividades complementarias e extraescolares….....42

15. Avaliación da programación didáctica……43

16. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

Indicadores de logro do proceso de ensino……45

Indicadores de logro da práctica docente……45

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O escenario post-pandemia, permítenos recuperar todo os contidos esencias da materia como se específica nas *Instrucións conxuntas do 5 de setembro de 2002 da Conselleria de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade e da Consellería de Sanidade ao respecto das recomendacións xerais para a xestión da Covid-10 no ámbito educativo no curso 2022-23.*

A materia de Educación Física ten como finalidade principal que os alumnos e as alumnas alcancen a competencia motriz, entendida como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e emocións que interveñen nas múltiples interaccións que realiza unha persoa no seu medio e coas demais, que permite que o alumnado supere os problemas motores propostos tanto nas sesión de Educación Física como na súa vida cotiá

A competencia motriz, malia non estar recollida como unha das competencias clave, é fundamental para o desenvolvemento destas, nomeadamente o das competencias sociais e cívicas, de aprender a aprender, de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, de conciencia e expresións culturais, da competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía e, en menor medida, da de comunicación lingüística e da competencia dixital.

Podemos comprender a **importancia** da Educación Física se comparamos o seu obxectivo principal (alcanzar a competencia motriz) coa finalidade da Educación Secundaria (artigo 22.2 da LOMCE): "*A **finalidade da Educación Secundaria** consiste en lograr que o alumnado adquira os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e*

consolidar hábitos de estudo e traballo; preparalo para a súa incorporación a estudos superiores e para a inserción laboral e formalo para o exercicio dos seus dereitos e obrigas na vida como cidadáns.

Para contribuír ao desenvolvemento da citada finalidade, ao longo do curso traballaranse contidos de diferentes ámbitos. O enfoque será global e interdisciplinar, buscando en todo momento aprendizaxes funcionais para o alumnado.

O centro escolar no que se aplicará a Programación Didáctica é un Colexio Privado relixioso que se atopa encravado nunha zona costeira, na provincia de Pontevedra. Está situado a carón da praia e dun sendeiro fluvial, no municipio de Bueu, entorno que nos permitirá levar a cabo actividades enmarcadas no bloque de contidos, "Xogos e actividades deportivas" e facer actividade física no exterior.

A nivel de funcionamento organizativo, o colexio cumpre co establecido no D 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.

En xeral, o nivel socio-económico-cultural do alumnado é medio.

Respecto á situación sociolingüística, pódese afirmar que a lingua maioritaria é a lingua castelá. Teremos en conta o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, que garantirá a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.

A relación entre o centro escolar e os pais/nais é boa; estes teñen interese e están ben informados das actividades que nel se realizan.

A Asociación de Nais e Pais de Alumnos (ANPA) colabora nas actividades complementarias e extraescolares, o cal indica unha actitude positiva cara a educación dos nenos/as.

Esta proposta didáctica ten en conta todos os sinais de identidade do centro escolar, reflectidos no seu Proxecto Educativo.

As instalacións do centro consta de dúas pistas deportivas exteriores, e un polideportivo cuberto con vestiarios diferenciados, dotados de duchas que nos permitiran levar a cabo con garantías os contidos da materia.

2. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA O DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE (1º E 3º E.S.O.)

Na área de Educación Física incidiremos no adestramento de tódalas competencias de maneira sistemática facendo fincapé nos descritores máis afins a área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O aprendizaxe da Educación Física vai a contribuir o desenvolvemento desta competencia na medida en que contextualiza a resolución de problemas en situacións cotidianas. As situacións que plantexa, poden desenvolverse coa realización de cálculos, a utilización de números, interpretando informacións, datos, argumentacións e realizando razoamentos de lóxica matemática sobre a orde, secuencias, cantidades, distancias… Ademáis, a adquisición de hábitos saudables por medio da práctica física e a posibilidade da súa realización na contorna natural, fan da Educación Física un elemento fundamental para o tratamento desta competencia.

Os descriptores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto a alimentación e o exercicio físico.
- Xerar criterios persoais sobre a visión social sobre a estética do corpo humano frente o coidado saudable.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.

- Interactuar coa contorna natural de manera respetuosa.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que ocurre o noso alrededor e responder preguntas.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións dla vida cotiá.

Comunicación lingüística

O aprendizaxe e práctica da Educación Física precisa de intercambios comunicativos que favorezan a transmisión de información de maneira eficaz, contribuíndo a su vez a adquisición do vocabulario propio da área.

Adestrar os descritores indicados garantiza unha maior comprensión por parte do alumnado, esto levanos a un coñecemento profundo e adquirir con gran destreza aquelo que nos propoñemos.

Os descriptores que priorizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.

- Respectalas normas de comunicación en calquera contexto: turno de palabra, escoitar atenta ó interlocutor…
- Manexar elementos de comunicación no verbal, o en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

Competencia dixital

A Educación Física favorece o desenvolvemento dunha actitude crítica cara as mensaxes e estereotipos referidos ó corpo e a súa imaxe, procedentes dos medios de comunicación de masas e das redes sociais.

A súa vez, o uso de aparatos tecnolóxicos para medir diferentes variables asociadas á práctica deportiva e a búsqueda de información a través de medios dixitais, permitirá o desenvolvemento dos seguintes descritores competenciáis:

- Emplear distintas fontes para a búsqueda de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes según a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprendelas mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Utilizar os distintos canais de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.

- Manexar ferramentas dixitais para a construcción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

Conciencia y expresiones culturales

Por medio da Educación Física el alumnado acercase, pode explorar e utilizar o seu propio corpo e o seu movemento como medio para a expresión de ideas ou sentimentos de maneira creativa.

Ademáis, aprende a apreciar manifestacións culturais e artísticas en xeral e a visión que se ten de elas ou de conceptos como a estética ou a beleza a través das diferentes culturas e relixións.

Para elo, nesta área, traballaremos os siguientes descriptores da competencia:

- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar a beleza das expresiones artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto por la estética no ámbito cotidiano.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Mostrar respeto cara o patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica…), e cara as persoas que contribuiron ao seu desenvolvemento.

Competencias sociais e cívicas

As actividades físicas, fundamentalmente as que se realizan de forma colectiva, contribúen o desenvolvemento de actitudes de integración e respeto, así como a xerar situacións de convivencias, cooperación e solidaridade.

O respeto ás normas e regras do xogo tendrán unha transferencia directa cara o recoñecemento dos códigos de conducta que rixen a convivencia cidadá.

Así mesmo, a resolución de conflitos propios de situacións competitivas axudará a desenvolver aspectos como a negociación ou diálogo.

Esta área contribuirá á reflexión crítica a cerca de fenómenos sociais como o deporte-espectáculo que, en ocasións pode xerar situacións de violencia ou contrarias á dignidade humana así como o acercamento o deporte popular como medio para desenvolver o asociacionismo e as iniciativas cidadáns.

Os descriptores que entrenaremos son os siguientes:

- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cós demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflictos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos

- Concebir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respeto ós distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións con un fin social.

Sentido de iniciativa e espíritu emprendedor

Esta materia contribúe a fomentar a autonomía e iniciativa persoal na medida en que se utilizan procedementos que exisen planificar, avaliar distintas posibilidades e tomar decisións. O liderazgo á hora de contaxiar entusiasmo ou delegar funcións nos compañeiros será a clave á hora de desenvolver actividades de equipo. As situacións deportivas levarán o alumno a tomar decisións nas que a asunción de riscos e a aceptación de responsabilidades serán inevitables.

Os descriptores que entrenaremos son:

- Asumilas responsabilidades encomendadas e dar conta de elas.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tareas e tempos.
- Ser constante no traballo, superando as dificultades.

- Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarea.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover novas accións.

Aprender a aprender

A actividade física propia desta área favorece a construcción do autoconcepto por medio da aceptación das propias posibilidades e carencias, partindo do aprendizaxe motor para su transferencia a actividades motrices máis complexas.

O establecemento de metas alcanzables, cuxa consecución xerará autoconfianza, axudará a fortalecer un equilibrio emocional no alumno que favoreza o desenvolvemento de ferramentas para estimular o pensamento, a planificación e avaliación dos seus propios aprendizaxes por medio da metacognición.

Os descriptores que entrenaremos son:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Xestionar os recursos e motivacións persoais a favor do aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.

- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente…
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

3. OBXETIVOS L.O.M.C.E.

Son “os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin” (artigo 2.3.a do Decreto 86/2015). O actual currículo sinala 15 obxectivos xerais de etapa. Nesta programación desenvólvense durante todo o curso, indicando en cada unidade os máis relacionados, e vinculándoos cos demais elementos curriculares. A continuación enúncianse os obxectivos os que máis se contribúe:

a) "Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática"".

b) "Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización

eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal".

c) "Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller".

d) "Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos". A unidade (Bloque) ten moita relación con el. Nela trátase

e) "Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación".

f) "Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia".

g) "Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades".

h) "Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e

iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura".

i) "Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada".

l) "Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo."

m) "Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora."

n) "Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación."

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural e histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) "Coñecer e valorar a importancia do uso da linga galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona"..

4. OBXETIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTANDARES DE APTENDIZAXE, ACTIVIDADES, TEMPORALIZACIÓN E COMPETENCIAS

Seguiremos co proxecto anual , chamado “Recreos Saudables”, que se caracterizará pola dinamización dos recreos a través de diferentes espazos de xogo, ademais de incentivar o consumo de froita nos recreos e retos deportivos.

Educación Física. 4º de ESO			Peso do estándar			Instrumentos				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	1ª aval.	2ª aval.	3ª aval.	PP	OD	PE	PT	Competencias clave
Bloque 1. Contidos comúns en Educación Física										
▪ B1.1. Deseña e realiza as fases de activación e recuperación, logo da análise da actividade física que se vaia realizar. ▪ B1.2. Fases de activación e recuperación como medio de prevención de lesións.	▪ B1.1. Deseñar e realizar as fases de activación e recuperación na práctica de actividade física considerando a intensidade dos esforzos.	▪ EFB1.1.1**. Analiza a actividade física principal da sesión para establecer as características que deben ter as fases de activación e de volta á calma.**	**2,5%**		**2,5%**	X				▪ CSC
		EFB1.1.2. Selecciona os exercicios ou as tarefas de activación e de volta á calma dunha sesión, atendendo á intensidade ou á dificultade das tarefas da parte principal.	**2,5%**		**2,5%**	X				▪ CSC
		EFB1.1.3**. Realiza exercicios ou actividades nas fases inicial e final de algunha sesión, de xeito autónomo, acorde co seu nivel de competencia motriz.**	**2,5%**		**2,5%**	X				▪ CSC
▪ B1.3. Planificación e organización de eventos e campionatos nos que se utilicen sistemas que potencien as actitudes, os valores e o respecto	▪ B1.2. Colaborar na planificación e na organización de eventos, campionatos ou torneos deportivos, prevendo os medios e as actuacións necesarias para a súa celebración e relacionando as	▪ EFB1.2.1. Asume as funcións encomendadas na organización de actividades grupais.	**2,5%**		**2,5%**	X				▪ CSC
		▪ EFB1.2.2. Verifica que a súa colaboración na planificación e posta en práctica de actividades grupais fose coordinada coas accións do resto das persoas implicadas.	**2,5%**		**2,5%**	X				▪ CSC

Educación Física. 4º de ESO			Peso do estándar			Instrumentos				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	1ª aval.	2ª aval.	3ª aval.	PP	OD	PE	PT	Competencias clave
das normas, asumindo diferentes papeis e funcións.	súas funcións coas do resto de implicados/as.	▪ EFB1.2.3. Presenta propostas creativas de utilización de materiais e de planificación para utilizalos na súa práctica de maneira autónoma.	**2,5%**		**2,5%**	X				▪ CSC
▪ B1.4. Valoración das actividades físicas, deportivas e tradicionais na sociedade actual, destacando os comportamentos axeitados tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a.	▪ B1.3. Analizar criticamente o fenómeno deportivo discriminando os aspectos culturais, educativos, integradores e saudables dos que fomentan a violencia, a discriminación ou a competitividade mal entendida.	▪ EFB1.3.1. **Valora as actuacións e as intervencións das persoas participantes nas actividades, recoñecendo os méritos e respectando os niveis de competencia motriz, e outras diferenzas.**	**2,5%**	**2,5%**	**2,5%**		X			▪ CSC
		EFB1.3.2. **Valora as actividades físicas distinguindo as achegas que cada unha ten desde o punto de vista cultural, para a satisfacción e o enriquecemento persoal, e para a relación coas demais persoas.**	**2,5%**	**2,5%**	**2,5%**		X			▪ CSC ▪ CCEC

Educación Física. 4º de ESO			Peso do estándar			Instrumentos				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	1ª aval.	2ª aval.	3ª aval.	PP	OD	PE	PT	Competencias clave
		▪ EFB1.3.3. **Mantén unha actitude crítica cos comportamentos antideportivos, tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a.**	**2,5%**	**2,5%**	**2,5%**		X			▪ CSC
▪ B1.5. Primeiras actuacións ante as lesións máis comúns que poden manifestarse na práctica deportiva. ▪ B1.6. Protocolos básicos de primeiros auxilios. ▪ B1.7. Medidas preventivas sobre os riscos ou as lesións na realización de actividades físico-deportivas. ▪ B1.8. Manexo e utilización do material e do equipamento deportivo.	▪ B1.4. Asumir a responsabilidade da propia seguridade na práctica de actividade física, tendo en conta os factores inherentes á actividade e prevendo as consecuencias que poidan ter as actuacións pouco coidadosas sobre a seguridade das persoas participantes.	▪ EFB1.4.1. Verifica as condicións de práctica segura usando convenientemente o equipamento persoal, e os materiais e os espazos de práctica.		**3%**				X		▪ CSIEE
		▪ EFB1.4.2. Identifica as lesións máis frecuentes derivadas da práctica de actividade física.		**3%**				X		▪ CSIEE
		▪ EFB1.4.3. Describe os protocolos que deben seguirse ante as lesións, os accidentes ou as situacións de emerxencia máis frecuentes producidas durante a práctica de actividades físico-deportivas.		**3%**				X		▪ CSIEE
▪ B1.9. Aceptación das normas sociais e democráticas que	▪ B1.5. Demostrar actitudes persoais inherentes ao traballo en equipo, superando as	▪ EFB1.5.1. Fundamenta os seus puntos de vista ou as súas achegas nos traballos de grupo, e admite a posibilidade de cambio fronte a outros argumentos válidos.		**2,5%**			X			▪ CSC

Educación Física. 4º de ESO			Peso do estándar			Instrumentos				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	1ª aval.	2ª aval.	3ª aval.	PP	OD	PE	PT	Competencias clave
rexen nun traballo en equipo. ▪ B1.10. Técnicas de traballo en equipo. ▪ B1.11. Técnicas de traballo colaborativo. ▪ B1.12. Xogo limpo como actitude social responsable.	inseguridades e apoiando as demais persoas ante a resolución de situacións descoñecidas.	▪ EFB1.5.2. **Valora e reforza as achegas enriquecedoras dos compañeiros e das compañeiras nos traballos en grupo.**	**2,5%**	**2,5%**	**2,5%**		X			▪ CSC
▪ B1.13. Tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, seleccionar e valorar informacións relacionadas coas actividades físico-deportivas e as relacionas coa saúde.	▪ B1.6. Utilizar eficazmente as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, seleccionar e valorar informacións relacionadas cos contidos do curso, comunicando os resultados e as conclusións no soporte máis adecuado.	▪ EFB1.6.1. Procura, procesa e analiza criticamente informacións actuais sobre temáticas vinculadas á actividade física e a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.		**3%**			X			▪ CD ▪ CCL
		▪ EFB1.6.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para afondar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións.		**3%**			X			▪ CD ▪ CCL
		▪ EFB1.6.3. Comunica e comparte información e ideas nos soportes e nos contornos apropiados.		**10%**					X	▪ CD ▪ CCL
Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas										
▪ B2.1. Creación de composicións artístico-expresivas individuais ou colectivas, con ou sen apoio dunha estrutura musical, incluíndo os elementos para a súa	▪ B2.1. Compor e presentar montaxes individuais ou colectivas, seleccionando e axustando os elementos da motricidade expresiva.	▪ EFB2.1.1. **Elabora composicións de carácter artístico-expresivo, seleccionando os elementos de execución e as técnicas máis apropiadas para o obxectivo previsto, incidindo especialmente na creatividade e na desinhibición.**		**30%**		X				▪ CCEC
		EFB2.1.2. **Axusta as súas accións á intencionalidade das montaxes artístico-expresivas, combinando os compoñentes espaciais, temporais e, de ser o caso, de interacción coas demais persoas.**		**10%**		X				▪ CCEC

Educación Física. 4º de ESO			Peso do estándar			Instrumentos				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	1ª aval.	2ª aval.	3ª aval.	PP	OD	PE	PT	Competencias clave
sistematización: espazo, tempo e intensidade.		EFB2.1.3**. Colabora no deseño e na realización das montaxes artístico-expresivas, achegando e aceptando propostas.**		**2,5%**			X			▪ CCEC
Bloque 3. Actividade física e saúde										
▪ B3.1. Efectos negativos que determinados hábitos de vida e consumo teñen sobre a condición física e a saúde. ▪ B3.2. Actividade física e saúde. ▪ B3.3. Realización de exercicios para a consecución dunha óptima hixiene postural. ▪ B3.4. Alimentación: repercusión na saúde e na actividade física.	▪ B3.1. Argumentar a relación entre os hábitos de vida e os seus efectos sobre a condición física, aplicando os coñecementos sobre actividade física e saúde.	▪ EFB3.1.1. Demostra coñecementos sobre as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable e os beneficios que proporcionan á saúde individual e colectiva.	**3%**					X		▪ CMCCT
		EFB3.1.2. Relaciona exercicios de tonificación e flexibilización coa compensación dos efectos provocados polas actitudes posturais inadecuadas máis frecuentes.	**3%**					X		▪ CMCCT
		EFB3.1.3. Relaciona hábitos como o sedentarismo ou o consumo de tabaco e de bebidas alcohólicas cos seus efectos na condición física e a saúde.	**3%**					X		▪ CMCCT
		EFB3.1.4. Valora as necesidades de alimentos e de hidratación para a realización de diferentes tipos de actividade física.	**3%**					X		▪ CMCCT
▪ B3.5. Valoración e toma de conciencia da propia condición física e da predisposición a mellorala. ▪ B3.6. Elaboración e posta en práctica dun plano de traballo que	▪ B3.2. Mellorar ou manter os factores da condición física, practicando actividades físico-deportivas adecuadas ao seu nivel e identificando as adaptacións orgánicas e a súa relación coa saúde.	▪ EFB3.2.1. Valora o grao de implicación das capacidades físicas na realización dos tipos de actividade física.	**3%**					X		▪ CMCCT
		▪ EFB3.2.2. Practica de forma regular, sistemática e autónoma actividades físicas co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida.	**3%**			X				▪ CMCCT

Educación Física. 4º de ESO			Peso do estándar			Instrumentos				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	1ª aval.	2ª aval.	3ª aval.	PP	OD	PE	PT	Competencias clave
integre as capacidades físicas relacionadas coa saúde. ▪ B3.7. Valoración e aplicación de técnicas e métodos de relaxación e respiración de xeito autónomo, co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida. ▪ B3.8. Métodos de avaliación da condición física en relación coa saúde.		▪ EFB3.2.3. Aplica os procedementos para integrar nos programas de actividade física a mellora das capacidades físicas básicas, cunha orientación saudable e nun nivel adecuado ás súas posibilidades.	**3%**			X				▪ CMCCT
		▪ EFB3.2.4. Valora a súa aptitude física nas súas dimensións anatómica, fisiolóxica e motriz, relacionándoas coa saúde.	**3%**			X				▪ CMCCT
Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas										
▪ B4.1. Traballo dos fundamentos técnicos das actividades físico-deportivas propostas, tendo en consideración diversos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, as persoas adversarias, os regulamentos e o contorno da práctica.	▪ B4.1. Resolver situacións motrices aplicando fundamentos técnicos nas actividades físico-deportivas propostas, con eficacia e precisión.	▪ EFB4.1.1**. Axusta a realización das habilidades específicas do balonmán aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características.**	**15%**			X				▪ CAA ▪ CSIEE
		EFB4.1.2. **Axusta a realización das habilidades específicas do balonmán aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e as persoas adversarias, nas situacións colectivas.**	**15%**			X				▪ CAA ▪ CSIEE
		EFB4.1.3**. Adapta as técnicas de progresión ou desprazamento do balonmán aos cambios do medio, priorizando a súa seguridade persoal e colectiva.**	**15%**			X				▪ CAA ▪ CSIEE

Educación Física. 4º de ESO			Peso do estándar			Instrumentos				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	1ª aval.	2ª aval.	3ª aval.	PP	OD	PE	PT	Competencias clave
▪ B4.2. Traballo das situacións motrices de oposición, colaboración ou colaboración-oposición propostas, tendo en consideración diversos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, as persoas adversarias, os regulamentos e o contorno da práctica. ▪ B4.3. Coñecemento e práctica de xogos e de deportes tradicionais de Galicia e da propia zona, así como do seu regulamento. Procura de información sobre variacións locais.	▪ B4.2. Resolver situacións motrices de oposición, colaboración ou colaboración-oposición nas actividades físico deportivas propostas, tomando a decisión máis eficaz en función dos obxectivos.	▪ EFB4.2.1. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de oposición, contrarrestando ou anticipándose ás accións da persoa adversaria.			**3%**		X			▪ CAA ▪ CSIEE
		▪ EFB4.2.2. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de cooperación, axustando as accións motrices aos factores presentes e ás intervencións do resto de participantes.			**3%**		X			▪ CAA ▪ CSIEE
		EFB4.2.3. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de colaboración-oposición, intercambiando os papeis con continuidade e perseguindo o obxectivo colectivo de obter situacións vantaxosas sobre o equipo contrario.			**3%**		X			▪ CAA ▪ CSIEE
		EFB4.2.4. Aplica solucións variadas ante as situacións formuladas e valorar as súas posibilidades de éxito, en relación con outras situacións.			**3%**		X			▪ CAA ▪ CSIEE
		EFB4.2.5. Xustifica as decisións tomadas na práctica das actividades e recoñece os procesos que están implicados nelas.			**3%**					▪ CAA ▪ CSIEE
		EFB4.2.6. Argumenta estratexias ou posibles solucións para resolver problemas motores, valorando as características de cada participante e os factores presentes no contorno.			**3%**					▪ CAA ▪ CSIEE
▪ B4.4. Relación entre a actividade física, a saúde e o medio natural. ▪ B4.5. Toma de conciencia do impacto que teñen algunhas actividades físico-deportivas no medio natural.	▪ B4.3. Recoñecer o impacto ambiental, económico e social das actividades físicas e deportivas, reflexionando sobre a súa repercusión na forma de vida no contorno.	▪ EFB4.3.1. Compara os efectos das actividades físicas e deportivas no contorno en relación coa forma de vida nel.			**3%**			X		▪ CSC ▪ CMCCT
		EFB4.3.2. Relaciona as actividades físicas na natureza coa saúde e a calidade de vida.			**3%**			X		▪ CSC ▪ CMCCT
		EFB4.3.3. Demostra hábitos e actitudes de conservación e protección ambiental.			**3%**		X			▪ CSC ▪ CMCCT

Educación Física. 4º de ESO			Peso do estándar			Instrumentos				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	1ª aval.	2ª aval.	3ª aval.	PP	OD	PE	PT	Competencias clave
▪ B4.6. Realización de actividades deportivas e/ou recreativas, preferentemente desenvolvidas no medio natural.										

LENDA: PP: PRUEBA PRÁCTICA.
OD: OBSERVACIÓN DIRECTA.
PE: PRUEBA ESCRITA
PT: PRESENTACIÓN DE TRABALLOS

4.1. APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ESCOLAR 2022-23

EFB1.3.1. Coñece e identifica as posibilidades que ofrece o seu contorno próximo para a realización de actividades físico-deportivas.
EFB1.3.2. Respecta o seu contorno e a valora como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas.
EFB1.3.3. Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.
EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco relevante para si mesmo/a ou para as demais persoas.
EFB1.4.2. Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección no seu contorno.
EFB1.5.2. Expón e defende traballos sinxelos sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.
EFB2.1.1. Utiliza técnicas corporais básicas, combinando espazo, tempo e intensidade.
EFB3.2.4. Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.
EFB4.1.2. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados máis sinxelos do atletismo.
EFB4.1.4. Explica e pon en práctica técnicas básicas de progresión en contornos non estables e técnicas básicas de orientación.
EFB4.2.2. Pon en práctica aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades de colaboración-oposición .
EFB4.1.2. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados máis sinxelos do atletismo.
EFB4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións facilitadas de colaboración, oposición e colaboración-oposición, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción.

5. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

Os estándares mínimos exisibles especificase na taboa anterior da seguinte maneira; están suliñados e marcados en negrita. Istes deben ser conseguidos para poder conseguir unha avaliación positiva.

6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación efectuarase tendo en conta o nivel inicial dos alumnos (avaliación inicial) e ó longo de todo o proceso educativo atendendo tanto ó progreso individual do alumno/a e a súa implicación e esforzo neste proceso como aos resultados finais obtidos encanto a dominio técnico e táctico, dominio e control corporal, desenvolvemento do seu rendemento condicional, etc...

Sendo esta unha avaliación discontinua, debido a que os contidos varían dun trimestre a outro,será necesario aprobar cada unha das avaliacións de forma independente. Suliñanse e remarcase en negrita os estandares mínimos propostos para os diferentes cursos da ESO

Así avaliaranse os estándares outorgándolle a cada un unha porcentaxe da nota correspondente coa fin de integralos ó final do proceso nunha nota numérica natural esixida pola consellería de educación.

-Os Estandares referidos a contidos procedimentais e conceptuais:

- A avaliación destes contidos supoñerá o 90% da nota total en cada unidade didáctica e será avaliado en función de cada unha delas mediante unha proba de carácter teórico, un traballo, unha proba práctica coa fin de ser o máis obxectivo posible á hora de asignar unha puntuación numérica , esixida polo ministerio de educación , ó progreso de cada alumno e á asimilación deste tipo de contidos. En función da unidade os procedimentais representarán o 60% e os conceptuais un 30% ou serán aglutinados ambos nun 90% que se especificará en cada unidade máis adiante. Como caso excepcional e naquelas unidades nas que os contidos conceptuais sexan de gran relevancia, estes poderán equipararse en porcentaxe ós

procedimentais quedando da seguinte forma á hora de avaliar: estandares de conceptos: 40%, estandares de procedementos: 50%

Nota: Non se fará media con calificacións inferiores a "4".

-Os Estandares referidos a contidos actitudinais supoñen un 10% da nota da unidade: Será avaliada a través da observación sistemática e diaria do alumno, do seu comportamento, participación , interese, esforzo, responsabilidade con respecto a material, e posesión do material necesario para o desenvolvemento das sesións.

O alumno parte con 1 punto neste apartado que variarán da seguinte forma en función da súa actitude ó longo da unidade

- Cada vez que destaca negativamente en calquera dos valores xa sinalados se lle restarán 0,1 puntos sobre o que xa ten.

- As observacións plasmaranse na ficha do alumno apuntando a data e o comportamento positivo ou negativo para o posterior reconto.

-O consumo de froita e participación en torneos deportivos e retos deportivos nos recreos se valorará coa suma de ata 2 puntos a maiores na calificación do trimestre.

7 .PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación do proceso de aprendizaxe ten como referentes didácticos os seguintes:

INDIVIDUALIZADA, centrase na evolución de cada alumnos e na súa situación inicial e particularidades.

INTEGRADORA, para o cal contempla a de diferentes grupos e situacións e flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación que se seleccionan.

CUALITATIVA, na medida en que se aprecian todos os aspectos que inciden en cada situación particular e se avalían de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumno, non só os de carácter cognitivo.

ORIENTADORA, ao aportar ao alumno a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias apropiadas.

CONTINUA, ao atender a aprendizaxe coma un proceso, contrastando os diversos momentos ou fases. Contémplanse tres modalidades:

AVALIACIÓN INICIAL. Permítenos coñecer e valorar a situación de partida dos alumnos e as necesidades, intereses e posibilidades dos mesmos.

AVALIACIÓN FORMATIVA OU CONTINUA. A avaliación debe estar incluída dunha maneira dinámica no propio proceso educativo, proporcionando unha información permanente sobre o mesmo.

AVALIACIÓN SUMATIVA OU FINAL. Ao finalizar cada avaliación deberase realizar unha valoración das capacidades desenvolvidas e dos contidos asimilados.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN DO PROCESO DE APRENDIZAXE

TÉCNICAS	INSTRUMENTOS	CONTIDOS AVALIABLES	TIPO DE AVALIACIÓN
OBSERVACIÓN	Ficha rexistro diaria na aula	Actitudes	Continua
REVISIÓN DE TAREFAS	Fichas rexistro: ~ Deberes ~ Traballos complentarios	Conceptos Procedementos Actitudes	Continua
EXAMES PRACTICOS E	Tests Físico-motores. e Circuitos Técnico Individual e Xogo real de táctica Colectiva	Procedementos Actitudes	Inicial Continua Final
EXAMES ESCRITOS	Probas: ~ Estruturadas		

7.1. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NUNHA ENSINANZA NON PRESENCIAL.

Na actualidade todo o alumnado de secundaria mostrou conectividade e capacidade de recepción de tarefas a través da plataforma de ensinanza utilizada polo centro. (Esemtia School).

PROCEDEMENTOS

Os procedementos de avaliación basearánse en actividades realizadas e entregadas de xeito telemático como resposta a cuestionarios; realización presentación, tutoráis (onde expliquen, sintetizen e poñan en práctica as diferentes técnicas deportivas), así como un control da realización de actividade física no seu fogar, mediante os rexistros da súa pulseira intelixente ou o envío de vídeo realizando rutinas físicas ou otras actividades.

INSTRUMENTOS

Como instrumentos de avaliación utilizaranse as tarefas telemática, a entrega dentro do plazo da actividade proposta (se proporán actividades de xeito semanal cun prazo de entrega dunha semana); a correcta realización e presentación das actividades realizadas; a variedade e adecuación do léxico relativo á materia; a evolución física persoal do alumno dentro do trimestre e respecto aos trimestres anteriores; a autocorrección e detección de erros propios e posterior corrección; o seu sentido crítico e percepción do propio proceso de aprendizaxe a través das súas correccións e a asistencia as clases online.

Instrumentos de avaliación propostos neste apartado.

-Entrega en prazo (10%)
-Asistencia clase online (30%)
-Correcta realización e presentación das rutinas físicas (50%)
-Explicación e realización dos tutoriais (50%)
-Variedade e adecuación do léxico relativo á materia (20%)
-Evolución persoal do alumno no trimestre e respecto aos anteriores (20%)
-Autocorrección (10%)
-Sentido crítico e percepción do propio proceso de aprendizaxe (10%)

Nota: No caso de alumnos que transmitisen a súa imposibilidade de envío telemático de tarefas ou a asistencia a clase online non se terán en conta estes criterios, obtendo a calificación final por ponderación do resto de instrumentos de avaliación.

7.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NUNHA ENSINANZA SEMIPRESENCIAL.

No caso dun confinamento parcial da clase, de alguén de forma individual ou dunha ensinanza por turnos, a esinanza semipresencial combinara os dous sistemas de avaliación anteriores para obter una calificación.

8. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

Esta área contribuirá ó fomento da lectura coa administración de diferentes artigos relacionados cos contidos a traballar no momento, para que sexan lidos polo alumnado e tratados en debate en sesións posteriores. Cubrindo así os contidos adicados a hábitos saudables e prexudiciais na vida actual, tratamento do deporte nos medios de comunicación , deporte de elite e educación física, o olimpismo e o xogo limpo etc…

9. TRATAMENTO DE FOMENTO DAS TIC

A educación telemática do pasado curso escola axudou que o alumnado desenvolva aquelas competencias básicas que lle permitan constituírse en persoas autónomas, capaces de aprender por si mesmas, contribuíndo á súa capacidade de tomar decisións responsables sobre cuestións relacionadas coa actividade física e a saúde e a xestión activa do tempo libre, o noso obxectivo básico en relación coas TICs será:

- Utilizar as novas tecnoloxías para informarse, comunicarse e avanzar nos coñecementos propios das ciencias da actividade física e do deporte. Da cordo con isto:

En todos os cursos teremos un canle de comunicación que será a través de “Esemtia School” ademais continuaremos a utilizar as TICs como ata agora: búsqueda de información acerca dos diferentes contidos da materia, presentación de traballos en soporte dixital, elaboración de follas

calculo (por exemplo: calorías consumidas cara a lograr unha dieta saudable...) ou rexistro (por exemplo: rexistro da frecuencia cardíaca en diferentes exercicios e tarefas cara a realización dun adestramento persoal...), etc...

10. RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

O programa de reforzo para as pendentes de cursos anteriores basearase na división dos bloques de contidos que se traballarán da seguinte forma:

Os estandares referidos a contidos conceptuais serán traballados polo alumnado na casa co material que lle proporcione o profesor baseado nos apuntes de anos anteriores , esquemas etc.. Por outra banda os estandares referidos a contidos procedimentais e actitudinais serán traballados na aula ó rítmo dos outros alumnos e adaptando estes contidos se fora preciso ó caso individual de cada alumno, facendo un plan de adestramento para a capacidade en cuestión a que lle supoña máis complicado acadar os obxectivos e os criterios de avaliación

11. METODOLÓXIA DIDÁCTICA

Para o desenvolvemento das Unidades desta programación utilizarase un método baseado no descubrimento onde os alumnos sexan quen de crear a súa propia aprendizaxe pola participación activa en dito proceso e a implicación cognitiva nas tarefas a realizar, buscando con isto aprendizaxes significativas onde adquira novos conceptos, valores normas e condutas motrices baseándose en aprendizaxes previos. Para conseguir este enfoque traballarase sempre que se poida cos estilos de ensinanza de Descubrimento guiado e Resolución de tarefas, exceptuando aqueles contidos que pola súa complexidade e alto grado de organización, nos esixan un estilo de ensinanza máis directivo ou tradicional como asignación de tarefas e mando directo .

En canto ás estratexias na práctica sempre que se poida utilizaranse estratexias globais ou intermedias (Globais con modificación da situación real ou globais con polarización da atención).

En canto ás tarefas utilizaranse na súa maioría aquelas nas que os mecanismos de percepción, decisión e execución se vexan involucrados sendo estas de carácter aberto e segundo a clasificación de Famose non definidas ou semidefinidas.

A información dada será de carácter visual utilizando modelos ,(debuxos, e vídeos no caso de que sexa necesario) e auditiva ,referida practicamente de forma exclusiva ás normas específicas que garantan a seguridade dos alumnos en canto á ausencia de lesións e a descrición de xestos técnicos específicos.

Isto será a norma xeral aínda que en cada unidade concretarase, se é preciso, as estratexias, tarefas ou estilos máis adecuados para o seu desenvolvemento.

11.1 METODOLÓXÍA TELEMÁTICA

ACTIVIDADES

Actividades realizadas e entregadas de xeito telemático como resposta a cuestionarios; exames online, realización de presentacións e tutoriáis (onde expliquen, sintetizen e poñan en práctica as diferentes técnicas deportivas), así como un control da actividade física mediante a súa pulseira intelixente ou o envío de vídeos realizando rutinas físicas ou outras actividades.

METODOLOXÍA (alumnos con e sen conectividade)

Posto que todo o alumnado do centro mostrou conectividade, todos seguirán a mesma metodoloxía, coa única excepción da vía de entrega das tarefas pois nalgún caso excepcional, non teñen posibilidade de entrega telemática aínda que sí de recepción.

A metodoloxía basearase na recepción do material educativo a través da plataforma educativa do centro (Esemtia School) e a conexión co profesorado a través das aulas virtuais da mesma plataforma.

12. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Constitúen un factor fundamental no proceso de E-A, xa que posibilitan e facilitan a consecución das nosas intencións. . De forma concreta e en relación a nosa proposta de contidos, citaremos entre outros:

Plataforma Esemtia School

Canastras de baloncesto

Espaldeiras

Bancos suecos

Colchonetas de axilidade e Quitamedos.

Picas

Raquetas e plumas de bádminton

Cordas

Balóns de baloncesto, futbol, balonmán e voleibol

Aros

Conos de señalización

Balóns de gomaespuma

Sticks e discos de Floorball

Kit de pesas.

Frisbees

Porterías de Floorball

DVDs didácticos

Pizarras dixitais e cañons de proxección.

En relación a todo este material, os criterios xerais ante calquer proposta dictan que o material debe ser:

Atrainte.

Sinxelo e motivante

Seguro e resistente.

Polivalente.

De fácil traslado, montaxe e desmontaxe.

Que cumpla a lexislación vixente.

13. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Basearemos á atención á diversidade en diferentes puntos tendo como referencia a individualización no proceso de ensinanza-aprendizaxe e o asentamento das novas habilidades e coñecementos tratados pola realización de aprendizaxes significativos apoiados en coñecementos e aprendizaxes previos.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE POR NIVEIS

A NIVEL DO ENTORNO NO QUE ESTÁ UBICADO O CENTRO:

Os contidos a traballar serán adaptados na medida do posible o entorno do centro utilizando aqueles que dentro dos bloques lles sexan máis afíns ó alumnado e os que o material e as instalacións permitan, así como a potenciación de actividades que os alumnos teñan ocasión de desenvolver no seu tempo de lecer xa sexa pola oferta do entorno, institucións, centros deportivos do lugar ou polas condicións xeográficas.

A NIVEL DE AULA

- OS ALUMNOS CON NECESIDADES DE APOIO EDUCATIVO E CON NECESIDADES ESPECÍFICAS POR SER INMIGRANTES OU TER PROBLEMAS DE ENTENDEMENTO DA NOSA LINGUA:

Na medida do posible tentarase de comunicarse con el/ela na súa lingua no caso de coñecela e se non, esta área e un medio perfecto

para lograla súa integración mediante o xogo, o contacto corporal con compañeiros e o traballo en grupo. Para a asimilación de contidos tanto conceptuais como procedimentais empregaranse material escrito proporcionado polo profesor, vídeos, modelos de execución na práctica.

Empregarase como recurso a ensinanza recíproca entre compañeiros coa fin de que eles se axuden mutuamente a aprender e asimilar contidos e se corrixan os posibles erros que aparezan fomentando así o respecto e a integración no grupo de tódolos alumnos.

- OS ALUMNOS CON NECESIDADES DE APOIO EDUCATIVO E CON NECESIDADES ESPECÍFICAS POR TER LIMITADA A SUA MOTRICIDADE POR LESIÓNS TEMPORALES OU CRÓNICAS:

Participarán nas sesións na medida do posible en cada unidade didáctica realizando labores de recollida de apuntes para os seus compañeiros, arbitraxe, corrección técnicas, axudas, etc.. nos contidos de habilidades específicas.Nos contidos referidos á condición física o alumno/a realizará exercicios que contribúan á mellora da súa doenza si e que o seu médico o aconsella apoiado polo profesor Nas unidades que a súa limitación non lle supoña un impedimento participarán nas actividades co resto dos seus compañeiros: malabares, algunhas prácticas de orientación e expresión corporal que non impliquen un empeoramento da súa lesión.

Serán avaliados polos contidos conceptuais e actitudinais e cando se poida no procedimentais sen prexuízo para a súa persoa na nota final.

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

En función da disponibilidade e coordinación cos demais departamentos, proporase:

Saídas no horario escolar, tales como caminatas breves no entorno do centro educativo.

Ruta en bicicleta: dependendo da súa posible implementación.

Bautismo de mar: barco escuela, windsurf, canoa. Náutico de Rodeira.

15. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica

- **Periodicidade coa que se revisará.**
- **Contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista.**
- **Medidas que se adoptarán como resultado da revisión.**

Indicadores

LENDA 1 INSUFICIENTE Omítense elementos fundamentais do indicador establecido. **2 BÁSICO** Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido. **3 COMPETENTE** Evidéncianse prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador **4 EXCELENTE**. Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas.				

PROCESO PRÁCTICA DOCENTE	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
15. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				

LENDA 1 INSUFICIENTE Omítense elementos fundamentais do indicador establecido. **2 BÁSICO** Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido. **3 COMPETENTE** Evidéncianse prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador **4 EXCELENTE**. Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas.

9.- PLANS DE SEGUIMENTO DAS MATERIAS PENDENTES.

Respecto a aqueles alumnos que teñan a materia do curso anterior non superada establécense as seguintes medidas:

- ✓ Elaborarase un plan individualizado e personalizado de recuperación da materia pendente por trimestre. Os estudantes que cumplan os obxectivos marcados superarán a materia pendente.
- ✓ Os alumnos que non cumpran satisfactoriamente os obxectivos trimestrais marcados terán a posibilidade de facer unha proba escrita de mínimos no mes de maio nas datas propostas dende a Xefatura de Estudos.
- ✓ No caso de non aprobar poderán realizar a proba extraordinaria en xuño.
- ✓ As probas escritas de ambas convocatorias, maio e xuño, recollerán os contidos do curso anterior e serán similares ás do curso ordinario sendo cualificadas seguindo os mesmos criterios.

10.- PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial ten como obxectivo fundamental analizar, antes de iniciar un proceso de ensino-aprendizaxe, a situación de cada estudante. Na avaliación inicial pódense diagnosticar aspectos como as concepcións alternativas, as estratexias espontáneas de razoamento, as experiencias persoais e os hábitos e actitudes que determinan, en boa medida, o sentido da aprendizaxe.

Durante a avaliación inicial do presente curso analizarase con especial interés a competencia TIC dos estudantes, cómpre coñecer as destrezas do alumnado no uso do ordenador para garantir que son capaces de continuar a súa formación no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia.

Durante as dúas primeiras semanas do curso realizarase unha proba escrita, deseñada tendo en conta o currículo do curso anterior e as adaptacións feitas á programación pola pandemia. Os resultados destas probas, xunto coa observación do traballo na aula, a información aportada polo Departamento de Orientación e a Memoria Final do curso 2019/2020, permiten adoptar decisións sobre cales son os puntos de partida e poder adaptar así o proceso de ensino aprendizaxe e a propia programación didáctica ás necesidades detectadas.

11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas que se levan a cabo son:

- ✓ <u>Ordinarias</u>:
  - Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.
  - Reforzo educativo e apoio con profesorado con dispoñibilidade horaria.

Actividades de reforzo: O alumnado con máis dificultades de aprendizaxe traballará sobre contidos mínimos das unidades didácticas para acadar or obxectivos mínimos. Teranse sempre en conta os protocolos establecidos pola Xunta de Galicia para o alumnado de necesidades específicas de apoio educativo.

- Apoios en lingua castelá e matemáticas.

- Exención de francés: aquel alumnado con dificultades nas linguas que está exento de francés reforza a lingua galega.
- Emprego das TIC en todalas aulas

- Traballo cooperativo. Contribúe ao desenvolvemento de habilidades comunicativas, traballo en grupo e flexivilidade de pensamento.
- Titoría entre iguais.
- Aprendizaxe por proxectos.
- Traballo en equipo. Favorece o desenvolvemento de habilidades sociais e a inclusión.

✓ Extraordinarias:
- Adaptacións curriculares significativas.
- Atención educativa ao alumnado, que por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo.

Con aqueles alumnos e alumnas que presenten unha situación de desventaxe académica a causa dunha enfermidade de larga duración ou de períodos de hospitalización continuos, tomaranse as medidas máis axeitadas para cada caso adaptándose en todo momento á situación e respectando os tempos que veñan dados polas secuelas da enfermidade.

Os métodos de avaliación terán en conta a diversidade de necesidades do alumnado presente nas aulas.

12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

A presenza das ensinanzas transversais na materia de Educación Plástica, visual e audiovisual, exprésase por medio de diferentes momentos do proceso de aprendizaxe:

Educación moral e cívica

- Actuación en situacións cotiás de acordo con modos propios da actividade plástica, como a exploración sistemática de alternativas, a precisión na linguaxe, a flexibilidade para modificar o punto de vista ou a perseveranza na busca de solucións.
- O respecto e a valoración dos traballos plásticos provenientes doutras épocas e culturas.
- A gran variedade de opcións na representación das formas e os diferentes estilos implican a aceptación doutros puntos de vista desde o respecto.

Educación para a paz

- Recoñecemento da realidade como diversa e susceptible de ser interpretada desde puntos de vista contrapostos e complementarios.
- Flexibilidade para modificar o propio punto de vista na interpretación do traballo plástico.
- Recoñecemento e valoración das propias habilidades plásticas para afrontar as situacións que requiran o seu emprego.
- Valoración do traballo en equipo como a maneira máis eficaz para realizar determinadas actividades.

Educación do consumidor

- Débese fomentar o coidado e mantemento do material de debuxo xeométrico, pois gran parte del debería durar ao longo de toda a ensinanza secundaria. Hábitos de conservación do material axudan a mellorar a educación do consumidor.

Educación para a igualdade entre sexos

- Recoñecemento da capacidade de cada un dos compañeiros e compañeiras para desempeñar tarefas comúns.
- Predisposición ao traballo en grupo, facilitando agrupamentos heteroxéneos desde a perspectiva de xénero.
- O estudo do escaso número de artistas femininas coñecidas ao longo da historia.

Educación viaria

- O uso das formas xeométricas planas é unha constante no deseño de sinais indicativos de todo tipo. O uso, coñecemento e respecto dos sinais contribúe ao desenvolvemento da educación viaria.

Non todos os temas transversais se poden traballar coa mesma profundidade desde a materia de Educación Plástica, visual e audiovisual, pero débese realizar un esforzo para conseguir que todos se traten o máis adecuadamente posible. Os temas relacionados coa arte son bastante máis fáciles de traballar.

Respecto á educación non sexista hai que fuxir, na presentación das actividades e situacións a analizar, dos tópicos tradicionalmente relacionados cos dous sexos. Ademais hai que ter en conta as diversas motivacións dos alumnos e alumnas, así como o seu desenvolvemento intelectual, mesturando as situacións investigativas con outras máis creativas.

Por outra banda, o desenvolvemento de actitudes abertas cara ás opinións dos outros, o gusto pola precisión e o rigor, o fomento da presentación e a orde na realización de tarefas, a puntualidade… axudan a conseguir os hábitos necesarios para vivir nunha sociedade pluralista e democrática. A súa práctica cotiá na aula contribúe a que os alumnos adquiran e desenvolvan estes valores.

Ademais, prestarase atención ao desenvolvemento de habilidades que estimulen a adquisición e desenvolvemento do espírito emprendedor, a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo, a capacidade de comunicación, a adaptabilidade, a observación e a análise, a capacidade de síntese, a visión emprendedora e o sentido crítico. Con este fin, proporanse actividades que axuden a:

- Adquirir estratexias que axuden a resolver problemas: identificar os datos e interpretalos, recoñecer que datos faltan para poder resolver o problema, identificar a pregunta e analizar que é o que se nos pregunta.

- Desenvolver exercicios de creatividade colectiva entre os alumnos que axuden a resolver unha necesidade cotiá.
- Ter iniciativa persoal e tomar decisións desde o seu espírito crítico.
- Aprender a equivocarse e ofrecer as súas propias respostas.
- Traballar en equipo, negociar, cooperar e construír acordos.
- Desenvolver habilidades cognitivas (expresión e comunicación oral, escrita e plástica; aplicación de recursos TIC na aula, etc.) e sociais (comunicación; cooperación; capacidade de relación co contorno; empatía; habilidades directivas; capacidade de planificación; toma de decisións e asunción de responsabilidades; capacidade organizativa, etc.)

13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Entre os propósitos que perseguen este tipo de actividades destacan:

- Completar a formación que reciben os alumnos nas actividades curriculares.
- Mellorar as relacións entre alumnos e axudarlles a adquirir habilidades sociais e de comunicación.
- Permitir a apertura do alumnado cara ao contorno físico e cultural que o rodea.
- Contribuír ao desenvolvemento de valores e actitudes adecuadas relacionadas coa interacción e o respecto cara aos demais, e o coidado do patrimonio natural e cultural.
- Desenvolver a capacidade de participación nas actividades relacionadas co contorno natural, social e cultural.
- Estimular o desexo de investigar e saber.
- Favorecer a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade do alumno.
- Espertar o sentido da responsabilidade nas actividades nas que se integren e realicen.

Proposta de actividades complementarias:

- Visitas a museos e institucións culturais.
- Participación en concursos plásticos a escala local ou nacional
- Exposicións de alumnos no centro ou fóra del.
- Organización, no marco da Semana Cultural ou outras datas sinaladas, de concursos de pintura ou calquera outra expresión plástica, como a creación de beléns no Nadal, exemplo da tradición cultural española.
- Cine escolar.

Se ao longo do curso houbese algunha exposición temporal que fose de interese para axudar aos alumnos ou alumnas a conseguir os obxectivos marcados para a materia, o Departamento propoñeraa con suficiente antelación ao Consello Escolar ou a direción para a súa aprobación. En calquera caso, só poderán asistir os alumnos ou alumnas que non teñan ningún apercibimiento nin parte disciplinario.

14.- MECANISMOS DE REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS.

Tal e como establece o artigo 25 das Instrucións do 30 de xullo 2020 da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa* é prescritivo avaliar a PD para realizar as modificacións que se estimen oportunas no curso seguinte co obxectivo de mellorala e adaptala ás necesidades do alumnado e do proceso de ensino.

A programación é revisada antes do comezo de curso para incorporar aquelas conclusións da Memoria Final do curso 2021/2022 que se consideren relevantes. Durante o curso, o estudo dos resultados académicos e a análise das súas causas permite establecer medidas correctoras. Nas reunións de Departamento trimestral realizarase un seguimento do nivel de cumprimento das programacións. As modificacións que se deriven desta análise serán acordadas polo Dpto. e quedarán reflectidas nunha acta sendo tamén incluídas na Memoria Final.

1.- Nas sesións de avaliación trimestral e tendo en conta os resultados académicos faremos constar en acta os seguintes aspectos:

- Análise estadístico dos resultados xerais do grupo e valoración dos mesmos.
- Casos particulares analizados e medidas a adoptar.
- Clima de traballo na aula.
- Valoración dos apoios e reforzos.
- Grao de desenvolvemento das competencias en xeral.
- Compromisos para a seguinte avaliación.

2.- Ao remate do curso e como parte da Memoria Final revisarase a programación tendo en conta:

- Unidades non impartidas e as causas que o impediron.
- As modificacións introducidas.
- As propostas de mellora a ter en conta no próximo curso.
- Os resultados académicos e as posibles causas que afectaron negativamente.
- A valoración dos recursos, medidas de atención á diversidade aplicadas e actividades complementarias.
- As conclusións obtidas na avaliación.

INDICADORES DE LOGRO	**1**	**2**	**3**	**4**
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				

7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto .				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos.				
16. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
19. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
20. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
21. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
22. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, vinculados aos estándares.				
23. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
24. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
25. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
27. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
28. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
29. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				
LENDA 1 INSUFICIENTE Omítense elementos fundamentais do indicador establecido. **2 BÁSICO** Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido. **3 COMPETENTE** Evidéncianse prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador **4 EXCELENTE**. Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas.				

15.- RELACIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS

UNIDADES DIDÁCTICAS EPVA 4º ESO	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	
UNIDADE 1: AS FORMAS NA NATUREZA	BLOQUE I: EXPRESIÓN PLÁSTICA	EPVAB1.1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual. EPVAB1.2.1. Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión. EPVAB1.2.2. Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe. EPVAB1.2.3. Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor. EPVAB1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos. EPVEPVAB.1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo. EPVAB1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos. EPVAB1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaas no período ao que pertencen.
UNIDADE 2: O PAISAXE URBANO		
UNIDADE 3: A FIGURA HUMANA		
UNIDADE 10: SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN	BLOQUE II: DEBUXO TÉCNICO	EPVAB2.1.1. Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo. EPVAB2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico. EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces. EPVAB2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais. EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais. EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas. EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado. EPVAB2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado. EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.
UNIDADE 11: DEBUXO TÉCNICO INDUSTRIAL		
UNIDADE 7: FUNDAMENTOS DO DISEÑO	BLOQUE III: FUNDAMENTOS DO	EPVAB3.1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual. EPVAB3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal. EPVAB3 2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño. EPVAB3.3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo. EPVAB3.3.2. Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa. EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.
UNIDADE 8: DESEÑO GRÁFICO		

UNIDADE 9: DESEÑO POR ORDENADOR		EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño. EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras.
UNIDADE 4: A IMAXEN DIXITAL	BLOQUE IV: LINGUAXE AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA	EPVAB4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos. EPVAB4.1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película. EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara. EPVAB.4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos. EPVAB4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades. EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador. EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica. EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación. EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.
UNIDADE 5: A FOTOGRAFÍA		
UNIDADE 6: O CINE E OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN		

FÍSICA E QUÍMICA

4º ESO

Curso 2022 - 2023

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Colexio Virxe Milagrosa.

ÍNDICE

1. Introdución e contextualización.
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
3. Obxectivos.
   3.1 Obxectivos xerais de etapa.
   3.2 Obxectivos de área.
4. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.
5. Temporalización.
6. Mínimos esixibles.
7. Procedementos e instrumentos de avaliación.
8. Procedementos para a realización da avaliación inicial.
9. Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
10. Medidas de atención á diversidade.
11. Metodoloxía.
12. Materias e recursos didácticos.
13. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
14. Elementos transversais.
15. Contribución aos distintos plans: Proxecto lector, Plan TIC, Plan de convivencia.
16. Actividades complementarias e extraescolares.
17. Procedementos para avaliar a propia programación.

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

Esta programación vai dirixida á Física e Química. Como se recolle no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A aprendizaxe da física e da química resulta imprescindible, xunto coas demais ciencias experimentais e a tecnoloxía, para permitir aos alumnos e ás alumnas analizar con coñecemento de causa os problemas de orixe científica e tecnolóxica que se formulan na nosa sociedade, así como participar no debate que suscitan e dar a resposta que corresponda como cidadanía responsable. Ademais, compártese co resto das disciplinas a responsabilidade de promover no alumnado a adquisición das competencias necesarias para que poida integrarse na sociedade de xeito activo. Como materia científica, Física e Química ten o compromiso engadido de dotar o alumnado de ferramentas específicas que lle permitan afrontar o futuro con garantías, participando no desenvolvemento económico e social ao que está ligada a capacidade científica, tecnolóxica e innovadora da propia sociedade. Para que estas expectativas se concreten, o ensino desta materia debe incentivar unha aprendizaxe contextualizada que relacione os principios en vigor coa evolución histórica do coñecemento científico; que estableza a relación entre ciencia, tecnoloxía e sociedade; que potencie a argumentación verbal, a capacidade de establecer relacións cuantitativas e espaciais, así como a de resolver problemas con precisión e rigor.

A materia de Física e Química debe capacitar os alumnos e as alumnas para extraeren e comunicaren conclusións a partir de probas científicas, formularen preguntas que a ciencia poida responder e explicaren cientificamente fenómenos físicos e naturais. Á achega á competencia propiamente científica cumprirá engadir as correspondentes ao resto das competencias clave.
É preciso o afondamento nunha verdadeira cultura científica, baseada na concepción da ciencia como cultura e non só como un conxunto de coñecementos que, estruturados en teorías, poidan ter algunha aplicación máis ou menos útil. Neste sentido, resulta salientable a achega de Física e Química á competencia en conciencia e expresións culturais, por ser moitos os logros da ciencia que modificaron o noso modo de entender o mundo e moitos os científicos e as científicas que influíron na nosa forma de comprender a realidade; consecuentemente, personaxes como Newton, Lavoisier, Boyle, Marie Curie, Lise Meitner, no plano internacional, ou Antonio Casares Rodríguez, Ramón María Aller Ulloa e tantos outros, na nosa comunidade, deben ser recoñecidos e valorados como actores principais da construción da nosa cultura.

O centro escolar no que se aplicará a Programación Didáctica é un Colexio privado concertado tipificado como dunha liña; posúe tres grupos de Educación Infantil, seis de Educación Primaria e catro da ESO; en total, 13 grupos. En xeral, o nivel socio-económico-cultural do alumnado é medio. A relación entre o centro escolar e os pais/nais é boa; estes teñen interese e están ben informados das actividades que nel se realizan. A Asociación de Nais e Pais de Alumnos (ANPA) colabora nas actividades complementarias e extraescolares, o cal indica unha actitude positiva cara a educación dos nenos/as.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A física e a química non son alleas ao desenvolvemento das **competencias sociais e cívicas**, xa que promoven actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos fronte a problemas relacionados co impacto das ciencias e da tecnoloxía no noso contorno: conservación de recursos, cuestións ambientais, etc. A mesma competencia tamén está relacionada co traballo en equipo que caracteriza a actividade científica.

Non debemos esquecer que o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación e, consecuentemente, a **competencia dixital** merece un tratamento específico no estudo desta materia. O alumnado de ESO e bacharelato para o que se desenvolveu o presente currículo básico é nativo dixital e, en consecuencia, está familiarizado coa presentación e a transferencia dixital de información. O uso de aplicacións virtuais interactivas permite realizar experiencias prácticas que por razóns de infraestrutura non serían viables noutras circunstancias. Por outra banda, a posibilidade de acceder a unha grande cantidade de información implica a necesidade de clasificala segundo criterios de relevancia, o que permite desenvolver o espírito crítico do alumnado.

A elaboración e a defensa de traballos de investigación sobre temas propostos ou de libre elección, que permite afondar e ampliar contidos relacionados co currículo e mellorar as destrezas tecnolóxicas e comunicativas nos alumnos e nas alumnas, ten como obxectivo desenvolver a aprendizaxe autónoma destes. Tanto o traballo en equipo como a creatividade na resolución de problemas ou o deseño de experiencias e pequenas investigacións, tarefas todas elas propias da actividade científica, propician, nos contextos adecuados, o desenvolvemento da competencia de **sentido da iniciativa e espírito emprendedor**, sen a que non se entendería o progreso da ciencia.

En relación á **competencia de aprender a aprender**, cómpre indicar que se algo caracteriza a actividade científica é a curiosidade, o interese por aprender propio da ciencia. En unión a procesos tales como a reflexión sobre si mesmo/a como estudante, sobre a tarefa para desenvolver ou sobre as estratexias para aprender, que propician todas as disciplinas, Física e Química achega unha estratexia, o método científico, nomeadamente relevante no proceso de adquisición de coñecementos.

Para finalizar a análise xeral da participación da materia que nos ocupa no desenvolvemento das competencias clave, haberá que referirse á **competencia en comunicación lingüística**. Das múltiples achegas a esta competencia clave (defensa de traballos de investigación, selección e interpretación da información, comunicación dos traballos realizados, etc.) podemos salientar dúas: a relacionada coa linguaxe propia das ciencias (interpretación de gráficas, táboas, etiquetaxes, símbolos, formulación, etc.) e, moi importante, a relacionada co proceso de argumentación, entendido como o proceso de avaliación dos enunciados de coñecemento, á luz das probas dispoñibles.

Na área de Física e Química incidiremos no adestramento de todas as competencias básicas de modo sistemático facendo incapié nos descriptores máis afins à área.

Competencia matemáticas e básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)

O adestramento nesta competencia facilita ao alumnado a adquisición de gran habilidade no manexo do método científico e todo o relacionado con el, o que axuda, á súa vez, a ter unha visión sobre o coidado saudable, e a ser respetuoso e sostenible no que se refire ao uso das enerxías.

Os descriptores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Interactuar coa contorna natural de xeito respetuosa.

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostenible.

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano na contorna natural e as repercusións para a vida futura.

- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.

- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeológico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico, etc.).

- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que ocorre ao noso redor e responder preguntas.

- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.

- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

Comunicación lingüística (CCL)

Nesta área é necesaria a comprensión profunda para entender todo o que a materia proponnos. A lectura, a escritura e a expresión oral perfílanse por iso como eixe vertebrador. Adestrar os descriptores indicados garántenos unha maior comprensión por parte do alumnado e a un coñecemento profundo.

Os descriptores que traballaremos con máis profundidade serán:

- Captar o sentido das expresións orais.

- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.

- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor.

- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes registros, nas diversas situacións comunicativas.

En caso de centros bilingües ou plurilingües que impartan a asignatura noutra lingua:

- Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.

- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en asignaturas diversas.

Competencia dixital (CD)

Ciencia e tecnoloxía únense da man da competencia digital. O adestramento nos descriptores dixitais pode favorecer a adquisición da maioría dos coñecementos que se van a estudar no área, así como aportar ferramentas para que o alumnado poida investigar e crear os seus traballos de campo utilizando ferramentas digitales.

Para iso, traballaremos principalmente os seguintes descriptores:

- Empregar distintas fontes para a procura de información.

- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.

- Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.

- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.

- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

Conciencia e expresións culturais (CEC)

Esta competencia posibilita que os alumnos e alumnas traballen tendo en conta aspectos que favorezan todo o relacionado coa interculturalidade, a expresión artística, a beleza, etc. Dende a área de Física e Química favorécese o traballo e desenvolvemento desta competencia a partir do adestramento dos seguintes descriptores:

- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.

- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.

- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

Favorecer que os estudantes sexan cidadáns reflexivos, participativos, críticos e capaces de traballar en equipo son aspectos que se deben traballar para desenvolver adecuadamente esta

competencia, e garda unha estreita relación coas habilidades que debemos adestrar para axudar á formación de futuros profesionais.

Os descriptores que fundamentalmente adestraremos son os seguintes:

- Mostrar disponibilidad para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.

- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.

- Aprender a comportarse dende o coñecemento dos distintos valores.

- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.

- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respeto aos distintos ritmos e potencialidades.

- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEE)

Adestrar a autonomía persoal e o liderado, entre outros indicadores, axudará aos estudantes a tratar a información de forma que a poidan converter en coñecemento. Esta competencia fomenta a diverxencia en ideas e pensamentos, en formas de iniciativas tan diferentes como temas e persoas hai. Será importante adestrar cada un dos seguintes descriptores para ofrecer ao alumnado ferramentas que posibiliten o adestramento desta competencia na área de Física e Química:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.

- Ser constante no traballo, superando as dificultades.

- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.

- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.

- Priorizar a consecución de obxectivos grupales sobre os intereses persoais.

- Xerar novas e divergentes posibilidades dende coñecementos previos do tema.

- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

Aprender a aprender (CAA)

O método científico e o enfoque fenomenolóxico fan necesario que a metodoloxía que se empregue posibilite ao alumnado a adquisición da competencia de aprender a aprender. O adestramento nos descriptores facilitará procesos de aprendizaxes dinámicas e metacognitivos.

Os descriptores que adestraremos principalmente son:

- Xestionar os recursos e motivaciones persoais a favor da aprendizaxe.

- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.

- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.

- Aplicar estratexias para a mellóra do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente, etc.

- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.

- Evaluar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

3.OBXECTIVOS

3.1 OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos ea igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3.2 OBXECTIVOS DA ÁREA DE FÍSICA E QUÍMICA

1. Recoñecer e identificar as características da metodoloxía científica.

2. Dar valor á investigación científica e recoñecer o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade.

3. Identificar os materiais e instrumentos básicos a utilizar nos laboratorios de Física e Química.

4. Coñecer e respetar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección do medioambiente.

5. Interpretar a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.

6. Desenvolver pequenos traballos de investigación nos que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC.

7. Recoñecer os modelos atómicos como instrumentos interpretativos das distintas teorías e ver a necesidade da súa utilización para a interpretación e comprensión da estrutura interna da materia.

8. Analizar a utilidade científica e tecnolóxica dos isótopos radiactivos.

9. Coñecer a ordenación dos elementos na Táboa Periódica e recoñecer os máis relevantes a partir dos seus símbolos.

10. Coñecer como se unen os átomos para formar estruturas máis complexas e explicar as propiedades das agrupaciones resultantes.

11. Diferenciar entre átomos e moléculas, e entre elementos e compostos en sustancias de uso frecuente e coñecido.

12. Formular e nomear compostos binarios seguindo as normas IUPAC.

13. Caracterizar as reaccións químicas como cambios dunhas sustancias noutras.

14. Describir a nivel molecular o proceso polo cal os reactivos transfórmanse en produtos en términos da teoría de colisións.

15. Deducir a lei de conservación da masa e recoñecer reactivos e produtos a través de experiencias sinxelas no laboratorio e/ou de simulaciones por ordenador.

16. Comprobar mediante experiencias sinxelas de laboratorio a influencia de determinados factores na velocidade das reaccións químicas.

17. Valorar a importancia da industria química na sociedade e a súa influencia no medio ambiente.

18. Coñecer os tipos de cargas eléctricas, o seu papel na constitución da materia e as características das forzas que se manifestan entre elas.

19. Interpretar fenómenos eléctricos mediante o modelo de carga eléctrica e valorar a importancia da electricidade na vida cotiá.

20. Xustificar cualitativamente fenómenos magnéticos e valorar a contribución do magnetismo ao desenvolvemento tecnolóxico.

21. Comparar, analizar e deducir mediante experiencias as características dos imanes e das forzas magnéticas, así como a súa relación coa corrente eléctrica.

22. Recoñecer as distintas forzas que aparecen na natureza e os distintos fenómenos asociados a elas.

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE

	Física e Química. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1. A actividade científica			
▪ a ▪ f ▪ h ▪ l	▪ B1.1. Investigación científica.	▪ B1.1. Recoñecer que a investigación en ciencia é un labor colectivo e interdisciplinario en constante	▪ FQB1.1.1. Describe feitos históricos relevantes nos que foi definitiva a colaboración de científicos/as de diferentes	▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CSC

	Física e Química. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ ñ		evolución e influído polo contexto económico e político.	áreas de coñecemento.	
			▪ FQB1.1.2. Argumenta con espírito crítico o grao de rigor científico dun artigo ou dunha noticia, analizando o método de traballo e identificando as características do traballo científico.	▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CAA ▪ CD ▪ CSIEE
▪ f	▪ B1.1. Investigación científica.	▪ B1.2. Analizar o proceso que debe seguir unha hipótese desde que se formula ata que é aprobada pola comunidade científica.	▪ FQB1.2.1. Distingue entre hipóteses, leis e teorías, e explica os procesos que corroboran unha hipótese e a dotan de valor científico.	▪ CMCCT ▪ CAA
▪ f	▪ B1.2. Magnitudes escalares e vectoriais.	▪ B1.3. Comprobar a necesidade de usar vectores para a definición de determinadas magnitudes.	▪ FQB1.3.1. Identifica unha determinada magnitude como escalar ou vectorial e describe os elementos que definen esta última.	▪ CMCCT
▪ f	▪ B1.3. Magnitudes fundamentais e derivadas. Ecuación de dimensións.	▪ B1.4. Relacionar as magnitudes fundamentais coas derivadas a través de ecuacións de magnitudes.	▪ FQB1.4.1. Comproba a homoxeneidade dunha fórmula aplicando a ecuación de dimensións aos dous membros.	▪ CMCCT
▪ f	▪ B1.4. Erros na medida.	▪ B1.5. Xustificar que non é posible realizar medidas sen cometer erros, e distinguir entre erro absoluto e relativo.	▪ FQB1.5.1. Calcula e interpreta o erro absoluto e o erro relativo dunha medida coñecido o valor real.	▪ CMCCT
▪ f	▪ B1.4. Erros na medida. ▪ B1.5. Expresión de resultados.	▪ B1.6. Expresar o valor dunha medida usando o redondeo e o número de cifras significativas correctas.	▪ FQB1.6.1. Calcula e expresa correctamente o valor da medida, partindo dun conxunto de valores resultantes da medida dunha mesma magnitude, utilizando as cifras significativas adecuadas.	▪ CMCCT
▪ f	▪ B1.5. Expresión de resultados. ▪ B1.6. Análise dos datos experimentais.	▪ B1.7. Realizar e interpretar representacións gráficas de procesos físicos ou químicos, a partir de táboas de datos e das leis ou os principios involucrados.	▪ FQB1.7.1. Representa graficamente os resultados obtidos da medida de dúas magnitudes relacionadas inferindo, de ser o caso, se se trata dunha relación lineal, cuadrática ou de proporcionalidade inversa, e deducindo a fórmula.	▪ CMCCT
▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h ▪ l ▪ ñ ▪ o	▪ B1.7. Tecnoloxías da información e da comunicación no traballo científico. ▪ B1.8. Proxecto de investigación.	▪ B1.8. Elaborar e defender un proxecto de investigación, aplicando as TIC.	▪ FQB1.8.1. Elabora e defende un proxecto de investigación sobre un tema de interese científico, empregando as TIC.	▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CSC ▪ CCEC

	Física e Química. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ f ▪ g	▪ B1.1. Investigación científica.	▪ B1.9. Realizar en equipo tarefas propias da investigación científica.	▪ FQB1.9.1. Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica: procura de información, prácticas de laboratorio ou pequenos proxectos de investigación.	▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC ▪ CCEC
			▪ FQB1.9.2. Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica utilizando as TIC.	▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC ▪ CCEC
	Bloque 2. A materia			
▪ f ▪ l	▪ B2.1. Modelos atómicos.	▪ B2.1. Recoñecer a necesidade de usar modelos para interpretar a estrutura da materia utilizando aplicacións virtuais interactivas.	▪ FQB2.1.1. Compara os modelos atómicos propostos ao longo da historia para interpretar a natureza íntima da materia, interpretando as evidencias que fixeron necesaria a evolución destes.	▪ CMCCT ▪ CCEC
			▪ FQB2.1.2. Utiliza as TIC ou aplicacións interactivas para visualizar a representación da estrutura da materia nos diferentes modelos atómicos.	▪ CCMT ▪ CD
▪ f	▪ B2.2. Sistema periódico e configuración electrónica.	▪ B2.2. Relacionar as propiedades dun elemento coa súa posición na táboa periódica e a súa configuración electrónica.	▪ FQB2.2.1. Establece a configuración electrónica dos elementos representativos a partir do seu número atómico para deducir a súa posición na táboa periódica, os seus electróns de valencia e o seu comportamento químico.	▪ CMCCT
			▪ FQB2.2.2. Distingue entre metais, non metais, semimetais e gases nobres, e xustifica esta clasificación en función da súa configuración electrónica.	▪ CMCCT
▪ f	▪ B2.2. Sistema periódico e configuración electrónica.	▪ B2.3. Agrupar por familias os elementos representativos e os elementos de transición segundo as recomendacións da IUPAC.	▪ FQB2.3.1. Escribe o nome e o símbolo dos elementos químicos, e sitúaos na táboa periódica.	▪ CMCCT
▪ f	▪ B2.2. Sistema periódico e configuración electrónica. ▪ B2.3. Enlace químico: iónico, covalente e metálico.	▪ B2.4. Interpretar os tipos de enlace químico a partir da configuración electrónica dos elementos implicados e a súa posición na táboa periódica.	▪ FQB2.4.1. Utiliza a regra do octeto e diagramas de Lewis para predicir a estrutura e a fórmula dos compostos iónicos e covalentes.	▪ CMCCT

	Física e Química. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			▪ FQB2.4.2. Interpreta a información que ofrecen os subíndices da fórmula dun composto segundo se trate de moléculas ou redes cristalinas.	▪ CMCCT
▪ f	▪ B2.3. Enlace químico: iónico, covalente e metálico. ▪ B2.4. Forzas intermoleculares.	▪ B2.5. Xustificar as propiedades dunha substancia a partir da natureza do seu enlace químico.	▪ FQB2.5.1. Explica as propiedades de substancias covalentes, iónicas e metálicas en función das interaccións entre os seus átomos ou as moléculas.	▪ CMCCT
			▪ FQB2.5.2. Explica a natureza do enlace metálico utilizando a teoría dos electróns libres, e relaciónaa coas propiedades características dos metais.	▪ CMCCT
			▪ FQB2.5.3. Deseña e realiza ensaios de laboratorio que permitan deducir o tipo de enlace presente nunha substancia descoñecida.	▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSIEE
▪ f	▪ B2.4. Formulación e nomenclatura de compostos inorgánicos segundo as normas da IUPAC.	▪ B2.6. Nomear e formular compostos inorgánicos ternarios segundo as normas da IUPAC.	▪ FQB2.6.1. Nomea e formula compostos inorgánicos ternarios, seguindo as normas da IUPAC.	▪ CCL ▪ CMCCT
▪ f	▪ B2.5. Forzas intermoleculares.	▪ B2.7. Recoñecer a influencia das forzas intermoleculares no estado de agregación e nas propiedades de substancias de interese.	▪ FQB2.7.1. Xustifica a importancia das forzas intermoleculares en substancias de interese biolóxico.	▪ CMCCT
			▪ FQB2.7.2. Relaciona a intensidade e o tipo das forzas intermoleculares co estado físico e os puntos de fusión e ebulición das substancias covalentes moleculares, interpretando gráficos ou táboas que conteñan os datos necesarios.	▪ CMCCT
▪ f	▪ B2.6. Introdución á química orgánica.	▪ B2.8. Establecer as razóns da singularidade do carbono e valorar a súa importancia na constitución dun elevado número de compostos naturais e sintéticos.	▪ FQB2.8.1. Explica os motivos polos que o carbono é o elemento que forma maior número de compostos.	▪ CMCCT
			▪ FQB2.8.2. Analiza as formas alotrópicas do carbono, relacionando a estrutura coas propiedades.	▪ CMCCT
Distinguir a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto (p. ex. unha petición de información, un aviso ou unha suxestión) e un repertorio dos seus expoñentes máis frecuentes, así como patróns discursivos de uso común relativos á organización textual (introdución do tema, cambio temático e peche textual).

Aplicar á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación oral, así como os seus significados xerais asociados (p. ex. estrutura interrogativa para facer unha suxestión).

Recoñecer léxico oral de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a aspectos concretos de temas xerais ou relacionados cos propios intereses ou estudos, e inferir do contexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións que se descoñecen.

Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso frecuente, e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados cos mesmos.

Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción

Producir textos breves e suficientemente comprensibles, tanto en conversacións cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe moi sinxela, en que se dá, solicita e intercambia información sobre temas cotiáns e asuntos coñecidos ou de interese persoal e educativo, aínda que se produzan interrupcións ou vacilacións, se fagan necesarias as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións, e o interlocutor teña que solicitar que se lle repita ou reformule o devandito.

Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais breves en forma de monólogo ou de diálogo e de estrutura moi simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe aos recursos de que se dispón, ou a reformulación ou explicación de elementos.

Incorporar á produción do texto oral en forma de monólogo ou de diálogo os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, actuando coa suficiente propiedade e respectando as normas de cortesía máis importantes nos contextos respectivos.

Levar a cabo as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis frecuentes das devanditas funcións e os patróns discursivos sinxelos de uso máis común para organizar o texto.

Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso frecuente e de mecanismos sinxelos de cohesión e coherencia (repetición léxica, elipses, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais de uso moi frecuente).

Coñecer e utilizar un repertorio léxico oral suficiente para comunicar información e opinións breves, sinxelas e concretas, en situacións habituais e cotiás. Pronunciar e entoar de maneira suficientemente comprensible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro, se cometan erros de pronuncia esporádicos, e os interlocutores teñan que solicitar repeticións ou aclaracións. Manexar frases curtas e fórmulas para desenvolverse de maneira suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que haxa que interromper o discurso para buscar palabras ou articular expresións e para reparar a comunicación. Interactuar de maneira simple en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra, aínda que poidan darse desaxustes na adaptación ao interlocutor.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos

Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e información importante en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados escritos nun rexistro neutro ou informal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de temas de interese persoal ou educativo, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.

Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión da idea xeral, os puntos máis relevantes e información importante do texto. Coñecer, e utilizar para a comprensión do texto, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, condicións de vida e contorna, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no centro educativo, no ámbito público), e convencións sociais (costumes, tradicións).

Distinguir a función ou funcións comunicativas máis importantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis frecuentes, así como patróns discursivos sinxelos de uso común relativos á organización textual (introdución do tema, cambio temático e peche textual).

Aplicar á comprensión do texto os constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso frecuente na comunicación escrita, así como os seus significados xerais asociados (p. ex. estrutura interrogativa para facer unha suxestión).

Recoñecer léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a aspectos concretos de temas xerais ou relacionados cos propios intereses ou estudos, e inferir do contexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións que se descoñecen.

Recoñecer as principais convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común (p. ex. >, %,⌋), e os seus significados asociados.

Bloque 4: Produción de textos escritos: expresión e interacción

Escribir, en papel ou en soporte dixital, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas habituais en situacións cotiás ou do propio interese, nun rexistro neutro ou informal, utilizando recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis frecuentes.

Coñecer e aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple, p. ex. copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto.

Incorporar á produción do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía e de etiqueta máis importantes nos contextos respectivos.

Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis frecuentes das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual para organizar o texto escrito de maneira sinxela.

Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso frecuente, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos ou bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipses, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes).

Coñecer e utilizar un repertorio léxico escrito suficiente para comunicar informacións breves, simples e directas en situacións habituais e cotiás. Coñecer e aplicar, de maneira suficiente, para que a mensaxe principal quede clara, os signos de puntuación elementais (p. ex. punto, coma) e as regras ortográficas básicas (p. ex. uso de maiúsculas e minúsculas), así como as convencións ortográficas frecuentes na redacción de textos moi breves en soporte dixital.

D. 1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE , CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CONTIDOS E ACTIVIDADES. DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS EN CADA UNIDADE.

4º de ESO

	Segunda Lingua Estranxeira. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1. Comprensión de textos orais			
a c d i	B1.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais). Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.). Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.). Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito.	B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. B1.2. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito. B1.3. Comprender o esencial en situacións que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais básicos, lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades cotiás, etc.), sempre que se fale con lentitude e con claridade. B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, básicas e breves sobre descricións, narracións, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes e de necesidade inmediata relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito. B1.5. Comprender o sentido xeral e información moi relevante e sinxela de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares e predicibles, previamente traballados, e de programas de televisión tales como boletíns meteorolóxicos ou informativos, sempre que as imaxes porten gran parte da mensaxe.	SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.	CCL CAA CSC CCEC
			SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador automático), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.	CCL CAA CSC CCEC CD
			SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou nunha entrevista na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, etc.), así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.	CCL CAA CSC CCEC CD
			SLEB1.4. Entende información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes), sempre que se fale amodo e con claridade.	CCL CAA CSC CCEC
			SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou	CCL CAA CSC CCEC

	Segunda Lingua Estranxeira. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			reformular o dito.	
			SLEB1.6. Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns ou do seu interese familiares e predicibles articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe.	CCL CAA CSC CCEC CD
	Bloque 2. Produción de textos orais			
a c d i	B2.1. Estratexias de produción: Planificación: Identificar o contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. Adecuar o texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. Execución: Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. Activar os coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. Expresar a mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados en clase previamente. Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. Lingüísticos: Modificar palabras de significado parecido. Definir ou parafrasear un termo ou expresión. Usar a lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta. Pedir axuda. Paralingüísticos: Sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar	B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe a patróns da primeira lingua ou outras, ou o uso de elementos léxicos aproximados, se non se dispón doutros máis precisos. B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi habituais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito. B2.4. Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela. B2.5. Dar, solicitar e intercambiar información sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal, educativo ou ocupacional, e xustificar brevemente os motivos de determinadas accións e plans, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e a persoa interlocutora teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito.	SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas previsibles breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.	CCL CAA CSC CCEC
			SLEB2.2. Participa en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social básico, intercambia información e expresa de xeito sinxelo opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.	CCL CAA CSC CCEC CD
			SLEB2.3. Desenvólvese coa debida corrección en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.	CCL CAA CSC CCEC CD
			SLEB2.4. Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando información relevante, expresando de xeito sinxelo as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma simple ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave, se o necesita.	CCL CAA CSC CCEC CD

	Segunda Lingua Estranxeira. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	accións que aclaran o significado. Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal). Usar elementos cuasiléxicos (hum, puah…) de valor comunicativo. B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender. B2.3. Rutinas ou modelos básicos de interacción segundo o tipo de situación de comunicación.			
	Bloque 3. Comprensión de textos escritos			
a c d e i	B3.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e experiencias noutras linguas. Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.	B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas. B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas sinxelas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, e con apoio visual. B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos descritivos ou narrativos breves, sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do seu nivel escolar. B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro formal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos e as ocupacións, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso común.	SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves, en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe.	CCL CAA CSC CCEC CD
			SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián, así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas.	CCL CAA CSC CCEC CD
			SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de xeito sinxelo sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	CCL CAA CSC CCEC
			SLEB3.4. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre unha bolsa para realizar un curso de idiomas).	CCL CAA CSC CCEC
			SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles.	CCL CAA CSC CCEC

	Segunda Lingua Estranxeira. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
				CD
	Bloque 4: Produción de textos escritos			
a c d i	B4.1. Estratexias de produción: Planificación: Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos. Execución: Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. Estruturación do contido do texto. Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "botar unha man", etc.). Revisión: Identificación de problemas, erros e repeticións. Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.) Reescritura definitiva.	B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos ben estruturados e traballados previamente. B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación. B4.3. Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás ou do seu interese. B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística, de ser o caso (adecuado ao seu nivel escolar), e amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. B4.5. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou do propio interese, nun rexistro formal ou neutro, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.	SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países); se intercambia información; se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, de dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo.	CCL CAA CSC CCEC
			SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).	CCL CAA CSC CCEC CD
			SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes en diferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes.	CCL CAA CSC CCEC CD
			SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada.	CCL CAA CSC CCEC CD
	Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe			
a c	B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:	B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, recoñecendo os seus	SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen	CCL CD

	Segunda Lingua Estranxeira. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
d i o	Sons e fonemas vocálicos. Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. Procesos fonolóxicos máis básicos. Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración. B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas: Uso das normas básicas de ortografía da palabra. Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira. Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. B5.4. Plurilingüismo: Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. B5.5. Funcións comunicativas: Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade. Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas	significados evidentes, e pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible con razoable comprensibilidade, malia o acento estranxeiro moi evidente ou erros de pronuncia que non interrompan a comunicación, e que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións de cando en vez. B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas básicas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común, e os seus significados asociados, con corrección suficiente para o seu nivel escolar. B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, incluídas manifestacións artísticas como a música ou o cine), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, nas institucións, etc.), e convencións sociais (costumes e tradicións), respectando as normas de cortesía e máis básicas nos contextos respectivos. B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos de devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, así como os seus significados asociados (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión); utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na clase previamente.	fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	CAA CCEC
			SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.	CCL CAA CSC CCEC CD
			SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	CCL CAA CSC CCEC
			SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL CAA CSC CCEC CD CSIEE
			SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.	CCL CAA CSC CCEC

	Segunda Lingua Estranxeira. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	de persoas, obxectos, lugares e actividades. Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros. Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias. Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza. Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición. Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios. Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso. B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación. Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias, expresión sinxelas de gustos) e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo. B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.			

[1]**Contidos sintáctico-discursivos:**

Francés
Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*non seulement…mais aussi*); disxunción (*ou bien*); oposición/concesión (*cependant*); causa (*car*); finalidade (*de façon à, de manière à + Inf.);* comparación (*le meilleur, le mieux, le pire, aussi + Adj. /Adv. que*; (ex: *Il n'est pas aussi intelligent que toi*); consecuencia (*alors, donc*); explicativas (*ainsi, car*). Relacións temporais (*puis, finalement, tout de suite, enfin, pendant, pendant que + Indic.*). Exclamación (*Comment, Quel/Quelle/Quels/Quelles, C'est parti!*). Negación (*ne…jamais, ne… rien, ne… personne, ne…plus).* Interrogación (*Et alors? À quoi bon…? Quel, quelle, quels, quelles,* pronomes interrogativos (ex. *lequel, laquelle, etc.*), *Ah bon? Moi non, Moi non plus*). Expresión do tempo: presente (verbos irregulares), pasado (*passé composé*, *imparfait*), futuro (*futur proche*, *futur simple*), condicional (fórmulas de cortesía e consello). Expresión do aspecto: puntual (frases simples), durativo (*en + date*), habitual (*parfois, jamais*), incoativo (*futur proche*), terminativo (*passé récent*).

Francés
Expresión da modalidade: factualidade; capacidade (*arriver à faire*); posibilliade/probabilidade (*il est probable que, probablement*); necesidade; obriga/prohibición (*c'est à qui de…? c'est à+pron. tonique/nom+ de + Inf., interdit de*); permiso; intención/desexo (*décider de faire qqch., j'aimerais beaucoup faire qqch.*) ; cortesía.
Expresión da existencia (presentativos); a entidade (artigos, morfoloxía (prefixos (*anti, hyper*) e sufixos (*-ette, -elle*), pronomes persoais, pronomes demostrativos; pronomes persoais OD e OI, "*en*", "*y*", proposicións adxectivais (*où, dont*); a cualidade, a posesión (adxectivos posesivos).
Expresión da cantidade: (plurais irregulares; números cardinais; números ordinais; artigos partitivos). Adverbios de cantidade e medidas (*beaucoup de, quelques, quelques-uns, tout le monde, plein de, plusieur(s)*); o grao.
Expresión do espazo (*prépositions et adverbes de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination*; pronome " *y* ").
Expresión do tempo: puntual (*tout à l'heure, à ce moment-là, au bout de*); divisións (*semestre, période, au moment où*); indicacións de tempo (*la semaine dernière, le mois dernier,*); duración (*encore / ne…plus*); anterioridade (*déjà, ça fait…que*);posterioridade (*ensuite, puis*); secuenciación (*puis, enfin*); simultaneidade (*pendant, alors que*); frecuencia (*toujours, souvent, pas souvent, parfois, jamais*).
Expresión do modo: (*Adv. de manière en –ment)*.

D.2 TEMPORALIZACIÓN.

A previsión é tratar dúas unidades didácticas por trimestre, incluíndo sempre un repaso a fondo do curso anterior (caso da 1ª avaliación) ou da avaliación anterior (dentro do mesmo curso). Unha das tres sesións de clase semanais estará adicada a actividades máis competenciais, lúdicas e prácticas.

D.3 GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA. .

4º ESO		
Comunicación	Gramática	Vocabulario
Falar de viaxes Construír unha historia do pasado Falar da evolución dos hábitos Falar do carácter Describir a alguén Expresar a pertenza Informarse, pedir información Falar do medio ambiente Facer hipótesis e predicciónS Protesar e defenderse dunha acusación	O passé composé e o imperfecto Os pronomes de relativo Os adxectivos demostrativos Os pronomes tónicos Os pronomes posesivos O discurso indirecto As diferentes formas das preguntas Presente Continuo, Pasado recenté, Futuro Próximo O subxuntivo	O transporte As vilas e os países O tempo e a frecuencia As metáforas con animais O tempo atmosférico As profesións O medio ambiente As metáforas do tempo As tarefas do fogar

Falar do reparto de tarefas do fogar Expresar unha restricción Dar consellos Expresar obriga e prohibición Expresar a causa Pedir algo con educación Expresar o propósito, o desexo e a opinión	Il faut C´est moi qui / C´est à moi de Os pronomes demostrativos O condicional	

E. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

Aprender una nueva lengua es probablemente uno de los retos más ambiciosos a los que se tengan que enfrentar los estudiantes a lo largo de su vida académica, sobre todo porque supone zambullirse de forma activa en una materia, cultura y visión de la vida completamente diferentes de las suyas. En esta línea, el objetivo primordial es favorecer el proceso de aprendizaje y servir de puente para que los alumnos/as conozcan, por un lado, los lugares en los que se habla francés, y por otro, la forma en que se expresan los jóvenes nativos de su edad. El objetivo final del aprendizaje de esta lengua extranjera ha de ser la competencia comunicativa, el acercamiento hacia otras culturas y una actitud comprensiva y tolerante hacia ellas. A partir de una evaluación inicial estableceremos los conocimientos de nuestros alumnos, nivel a partir del cual se desarrolla el aprendizaje observando las peculiaridades individuales pero sin olvidar su integración en un nivel común. No limitaremos nuestra tarea docente a la práctica de una sola técnica de enseñanza, sino que utilizaremos un método ecléctico razonado o sistemático, contemplando el método comunicativo como base de la inmersión del alumno en la lengua extranjera, pero sin por ello olvidarnos del método gramatical, el comparativo o de las traducciones. En cualquier caso se entiende que nuestro sistema de enseñanza es siempre circular, puesto que a lo largo de la Secundaria se van repitiendo los contenidos, añadiéndose en cada caso un grado mayor dificultad, lo cual permite el repaso y afianzamiento de lo ya aprendido. El papel del profesor será el de coordinador e informador y consistirá además en diseñar las diversas actividades y en general, organizar la marcha de las clases. Potenciaremos la participación activa del alumnado, reflejada especialmente en la elección y realización de actividades en la toma de posturas respecto a la marcha del curso, para así completar los objetivos actitudinales. Dirigirá su propio progreso y será consciente de sus carencias y sus logros persiguiendo el objetivo primordial de que el alumno se sienta responsable de su propio proceso de aprendizaje. Consideramos el francés como vehículo de la comunicación en el aula, pero también se utilizará el español cuando la situación lo exija. De esta manera se da gran importancia a la vertiente oral de la comunicación, reflejada en la existencia de diversas pruebas orales a lo largo del curso. Durante las actividades se practicarán diferentes medios de agrupamiento que faciliten las tareas y provoquen la participación del alumno en un ambiente agradable: para favorecer este clima distendido en el aula el error se considera como parte integral del aprendizaje y no como simple indicativo de desconocimiento, censurable en todo momento. Es conveniente que los propios alumnos se corrijan fomentando la autoevaluación y la coevaluación para que así tomen conciencia de su progreso. En algunos temas las actividades estarán presididas por la metodología de “Projet” que permite respetar y observar sin interferencias los diferentes niveles de los alumnos en la misma clase. Las actividades se plantearán de manera que se parezcan lo más posible a la vida real: deben ser variadas, interesantes y útiles para el alumno. En ocasiones serán las propuestas por el libro de texto, otras veces se tratará de actividades propuestas directamente por el profesor. Serán secuenciadas de manera que contribuyan a la adquisición de conocimientos y a la consecución de los objetivos: se comenzará con actividades controladas en las que el alumno aprende y practica destrezas para pasar a actividades más libres donde el alumno pondrá en práctica dichas destrezas trabajando a su manera. Es sumamente importante que las actividades realizadas afecten a las cuatro destrezas lingüísticas (producción oral y escrita y comprensión oral y escrita),

y a que las actividades integren conocimientos de más de una área, convirtiéndose así en experiencias interdisciplinares que motiven de manera especial al alumnado e incidan en el carácter globalizador de la educación que están recibiendo

F. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Libro de texto dixital e caderno de traballo impreso do método JEU DE MOTS (4). Materiais creados polo profesor.

G. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. SISTEMA DE RECUPERACIÓN.

A avaliación efectuarase mediante a observación sistemática do progreso e evolución do alumno e atendendo sempre ás súas capacidades persoais. Serán instrumentos adecuados para isto:

1. As probas escritas.

   Xeralmente realizaranse dúas por avaliación, nelas o alumnado deberá demostrar a través de exercicios concretos que asimilou os estándares traballados na sunidades correspondentes.

.

2. Traballo na casa e na aula.

   O alumnado deberá amosar unha actitude de traballo positiva cara á materia, traballando na casa (deberes) e na aula tanto a nive lindividual como no traballo cooperativo, participando activamente, poñendo en común e corrixindo. Este apartado ten un valor dun 90 %. Xunto á puntuación dos exercicios das probas aparecerá unha puntuación correspondente ás activiades de carácter máis competencial, aos proxectos e ao traballo cooperativo.

   Neste apartado o alumno terá asegurada un 20 % da nota sempre que traia as tarefas de casa relativamente ben feitas e queamose unha actitude positiva hacia o traballo. Esa puntuación vese mermada polos negativos por falta de deberes ou por mala praxis na clase.

3. Os exames de avaliación final (convocatoria de xuño).

Cada un dos instrumentos empregados para a avaliación representará a seguinte porcentaxe da nota global:

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN GLOBAL
Probas escritas	90%
Actitude ante o traballo na casa e na aula e resultadosdestes	10%
Exames finais de xuño.	100%

PESOS DAS DIFERENTES COMPETENCIAS NA MATERIA

Competencia en comunicación lingüística	30%
Conciencia e expresión cultural	20%
Aprender a aprender	15%
Competencia dixital	15%
Competencia social e cívica	10%
Espírito emprendedor e iniciativa persoal	5%
Competencia matemática e científico-tecnolóxica	5%

SISTEMA DE RECUPERACIÓN

Realizarase unha proba de recuperación ao final de cada avaliación ou ao principio da seguinte. No mes de xuño se recuperará a avaliación ou avaliacións suspensas.

H. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Os instrumentos para levara a cabo a avaliación do proceso docente son a observación diaria na clase do nivel de efectividade das actividades levadas a cabo, a análise dos resultados académicos do alumnado e a reflexión conxuntaco resto do profesorado.

I.AS MATERIAS PENDENTES.

De acordo coa legislación vixente, establécense as normas a seguir para a avaliación do alumnado coa materia de Lingua francesa pendente, tendo en conta o establecido na programación do curso correspondente no tocante aos criterios de avaliación e os mínimos esixibles. Durante o mes de outubro daráselle ao alumnado a seguinte información sobre o procedemento a seguir para recuperar a Lingua francesa pendente:

A recuperación de Lingua francesa poderá realizarse en dúas partes:

_A proba de avaliación correspondente á primeira parte realizarase na segunda quincena de xaneiro.

_A proba de avaliación da segunda parte farase pouco despois do inicio do terceiro trimestre.

Antes da realización destas probas, os alumnos terán que entregar debidamente realizadas unha serie de actividades relacionadas cos contidos establecidos para cada parte. A entrega destas actividades é imprescindible para poder facer a recuperación en dous bloques e será tida en conta na avaliación final.

No caso de non seren presentadas estas tarefas, os alumnos realizarán unha única proba de avaliación no mes de maio, na que se incluirán todos os contidos.

L. AVALIACIÓN INICIAL.

Levarase a cabo a través da Unidade O do libro de texto e da observación do grao de éxito na resolución das actividades por parte do alumnado. Faremos tamén unha proba inicial que recolla os principais puntos do ano anterior. Temos que ter en conta que os alumnos parten na súa inmensa maioría de cero no primeiro curso.

M. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

1. A adaptación de obxectivos, contidos e actividades propostas na programación das unidades.
2. Actividades de gramática de reforzo no caderno de actividades por unidades.
3. As propostas de traballo graduadas e diversificadas para facer que a clase sexa agradable e produtiva para os alumnos.
4. O método de traballo propón exercicios repetitivos, cancións, xogos, pequenas redaccións, debuxos, etc.

5. A planificación de actividades con obxectivos comunicativos e extralingüísticos que fomentan a comunicación para que poidan ser traballados polos alumnos con diferentes niveis.
6. As actividades en liña que permiten un traballo motivador á vez que un ritmo máis relaxado.
7. As actividades interactivas co encerado dixital tamén poden supoñer outra fonte de motivación interesante para aqueles alumnos que necesiten unha visualización máis específica dos contidos para poder asimilalos.
8. O fomento da participación e a colaboración entre os alumnos con diferentes capacidades, xa que posibilita o traballo en parellas e, sobre todo, en equipo. Unha actitude positiva de traballo e unha boa participación nas actividades de grupo serán moi importantes no seu rendemento posterior. O profesor axudará a que os alumnos sexan conscientes diso.

N. ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

1. A cultura francesa.
2. As fórmulas de cortesía.
3. O sistema escolar en Francia.
4. Educación para a saúde: os deportes e a alimentación.
5. A ecoloxía: xestos ecolóxicos no día a día.
6. Xeografía de Francia.
7. Os medios de comunicación e a publicidade.
8. A familia.
9. A vestimenta.

O. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

NON ESTÁN PREVISTAS.

P. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS.

Levarase a cabo a adecuación das programacións segundo as características de aprendizaxe e comportamento do grupo de alumnado, así como do seu grao de éxito na consecución dos criterios de avaliación. Farase no día a día e ao final dun trimestre con previsión do seguinte.

César Gallego Novas

Setembro 2022

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
LINGUA GALEGA E LITERATURA
4ºESO

Curso 2022-2023

CPR VIRXE MILAGROSA

(BUEU)

PROFESORA: MARÍA DOLORES VÁZQUEZ CARLÉS

ÍNDICE

1. Introdución e contextualización.
2. Competencias clave.
3. Obxectivos.
4. Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.
5. Temporalización
6. Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe.
7. Criterios sobre a avaliación e a cualificación. Sistema de recuperación.
8. Procedementos para a realización da avaliación inicial.
9. Actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes.
10. Medidas de atención á diversidade.
11. Metodoloxía.
12. Materiais e recursos didácticos.
13. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensinanza e a práctica docente.
14. Elementos transversais.
15. Contribución da área aos distintos plans.
16. Actividades complementarias e extraescolares.
17. Mecanismos de revisión da programación en función dos resultados.

1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

Esta programación vai dirixida ao 4º curso da área de Lingua Galega e Literatura. Como se recolle no Decreto 86/2015, do 25 de xuño (Lomce) polo que se establece o currículo da Educación Secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, esta área ten como obxecto o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe; de aí que esta capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e o máis eficaz instrumento de aprendizaxe.

A área está estruturada en cinco bloques:

Co bloque 1, "Comunicación oral. Escoitar e falar" aténdese ao uso oral da lingua e este é obxecto de observación e de análise para recoñecer as normas que rexen o intercambio comunicativo, para observar as estratexias que usan os falantes para se comunicar satisfactoriamente, así como as que se empregan para comprender ou producir mensaxes orais. Non obstante, este bloque incide, sobre todo, na necesidade de que o alumnado galego teña modelos de fala adecuados e poida poñer en práctica a súa lingua dentro da aula en contextos formais e informais.

O bloque 2, "Comunicación escrita. Ler e escribir" persegue que o alumnado sexa capaz de entender e producir textos de distinto grao de complexidade e de xéneros diversos, en distintos soportes e formatos. Comprender un texto implica activar unha serie de estratexias de lectura. Así mesmo, a escritura implica un procedemento estruturado en tres partes: planificación, redacción a partir de borradores de escritura e revisión destes antes de redactar o texto definitivo.

O bloque 3, "Funcionamento da lingua" integra contidos relacionados co código e a súa organización, e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua, coa finalidade de servir de base para o seu uso correcto, deixando de lado a pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como fin en si mesmo.

O bloque 4, “Lingua e sociedade” céntrase na necesidade de que o alumnado coñeza, explique e valore o plurilingüismo como una situación habitual e enriquecedora para todos os individuos. Tamén incide na identificación e superación de prexuízos e na necesidade de que o alumnado coñeza e empregue os termos sociolingüísticos precisos.

			▪ LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.	▪ CCL
			▪ LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente	▪ CCL
			▪ LGLB5.2.4. Compara textos literarios dun mesmo período ou de diferentes períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período ou períodos.	▪ CCL
▪ h ▪ l	▪ B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos	▪ B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega de 1916	▪ LGLB5.3.1. Le expresiva, compresiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	▪ CCL

	Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	ata a actualidade.	▪ LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade e escribe/debate, argumentadamente, sobre os seus valores literarios.	▪ CCL
▪ b ▪ h ▪ l	▪ B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	▪ B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	▪ LGLB5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	▪ CCL
▪ e ▪ h ▪ l	▪ B5.5. Consulta de fontes de información variadas e de recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.	▪ B5.5. Consultar fontes de información variadas e recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.	▪ LGLB5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas.	▪ CCL
			▪ LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.	▪ CCL ▪ CD
▪ h ▪ l ▪ n	▪ B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.	▪ B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.	▪ LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.	▪ CCL ▪ CCEC
			▪ LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.	▪ CCL ▪ CCEC



5. TEMPORALIZACIÓN.

1ª AVALIACIÓN

UNIDADE 1

Comprensión lectora: O que sei do silencio, Andrea Maceiras; o blog como novo soporte de comunicación; saúde mental; palabras tabú, eufemismos e disfemismos; as propiedades textuais: adecuación, coherencia e cohesión; os xéneros textuais; as regras de puntuación; diversidade lingüística; introdución á literatura galega.

UNIDADE 2

Comprensión lectora: Coraxe: poemas audaces para rapazas afoutas, Estephania de Cristin O'Keefee Aptowicz; o resumo, esquema e mapa conceptual; diversidade afectiva, sexual e de xénero; a estrutura das palabras; fonética I (o vocalismo); acentuación I; variación lingüística: diacrónica, diastrática, diafásica, diatópica; as Irmandades da Fala.

UNIDADE 3

Comprensión lectora: Iridium, Francisco Castro; texto argumentativo; novas tecnoloxías e redes sociais / a innovación léxica e terminolóxica; fonética II (o consonantismo); acentuación II; estandarización do galego e lusofonía; o Grupo Nós.

Lectura: proba de lectura no mes de novembro / decembro.

Exames escritos: outubro e decembro.

2ª AVALIACIÓN

UNIDADE 4

Comprensión lectora: A palabra das fillas de Eva, Teresa Moure; a publicidade (mensaxes implícitas e discriminatorias nos medios de comunicación); ecoloxía e medio ambiente; as relacións de significado: hiperonimia - hiponimia e holonimia - meronimia, morfoloxía: a formación de palabras; prefixos e sufixos, a lingua galega no primeiro terzo do século XX; as Vangardas.

UNIDADE 5

Comprensión lectora: Tres segundos de memoria, Diego Ameixeira; textos relacionados co ámbito laboral; as relacións de significado: sinonimia e oposición; clases de palabras; uso de s/x, c/z; a lingua galega entre 1936 e 1975; a literatura durante a Guerra Civil e a diáspora.

UNIDADE 6

Comprensión lectora: Cardume, Rexina Rodríguez Veja; textos xornalísticos de opinión; o pasado / as relacións de significado: polisemia e homonímia; o verbo: verbos e perífrases; grupos consonánticos I; o conflito lingüístico; a literatura da posguerra.

Lectura: proba de lectura no mes de febreiro / marzo.

Exames escritos: febreiro e marzo.

3ª AVALIACIÓN

UNIDADE 7

Comprensión lectora: Comedia bífida de Manuel Núñez Singala; textos relacionados co ámbito administrativo: a xustiza; as desviacións da lingua estándar: castelanismos, vulgarismos, arcaísmos e hiperenxebrismos; sintaxe I: unidades e funcións sintácticas; grupos consonánticos II; os prexuízos lingüísticos; a Nova Narrativa Galega.

UNIDADE 8

Comprensión lectora: Futuro imperfecto de Xulia Alonso Díaz; Pautas para traballos académicos: bibliografía e plaxio; as drogas / abreviaturas, siglas, símbolos e

acrónimos; sintaxe II: unidades e funcións sintácticas (complementos do predicado); uso de b/v e h; a lingua galega dende 1975 ata hoxe: normativización e normalización; literatura galega a partir de 1975.

UNIDADE 9

Comprensión lectora: Que non te aten, de Manuel Iglesias Turnes; onomástica: toponimia e antroponimia; a realidade rural / fraseoloxía galega; sintaxe III; separado e xunto; situación actual do idioma; literatura da etapa contemporánea (século XX e XXI): 1985-2021.

Lectura: proba de lectura no mes de abril / maio.

Exames escritos: maio e xuño.

Exame final (recuperación): xuño

6. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (MÍNIMOS ESIXIBLES PARA APROBAR A MATERIA).

Bloque 1. Comunicación oral (escoitar e falar)

- Escoita e produce textos orais cunha actitude crítica cara aos prexuízos e aplicando os coñecementos gramaticais para unha mellor expresión.

- Produce textos orais adecuados á situación e á intención comunicativa, utilizando as estratexias necesarias para falar en público, así como as TIC.

- Participa activamente en debates propostos sobre temas de interese e valora a lingua oral como instrumento de relación social.

Bloque 2. Comunicación escrita (ler e escribir)

- Utiliza técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.

- Comprende e interpreta textos propios da vida cotiá, relacionados co ámbito laboral, administrativo, comercial e educativo.

- Comprende, interpreta e redacta (en papel ou en formato dixital) textos argumentativos, xornalísticos e publicitarios.

- Le de maneira reflexiva e crítica para identificar usos lingüísticos discriminatorios.

- Usa os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información complementaria.

- Utiliza técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e cohesionados, e valorar a escritura como fonte de enriquecemento persoal.

- Utiliza as TIC para mellorar a presentación dos escritos, difundir textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.

- Produce textos propios, en soporte impreso ou dixital, tanto da vida cotiá como de carácter xornalístico (cartas ao director ou columnas de opinión).

Bloque 3. Funcionamento da lingua

- Utiliza un léxico amplo e adecuado, e identifica as relacións semánticas entre as palabras.

- Recoñece e utiliza correctamente os substantivos, adxectivos, determinantes, pronomes, adverbios, preposicións e conxuncións.

- Recoñece e utiliza correctamente as formas verbais e as perífrases verbais.

- Recoñece e usa a fonética do galego.

- Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas do galego, e utiliza manuais de consulta de maneira eficaz.

- Identifica a oración como un tipo de enunciado e analiza as relacións sintácticas entre os elementos que constitúen o predicado.

- Recoñece en textos propios e alleos a estrutura dun texto, así como a súa adecuación e os conectores que permiten cohesionar ideas e parágrafos.

- Identifica os trazos que definen diferentes tipoloxías textuais, especialmente os textos argumentativos.

- Desenvolve unha competencia lingüística integrada, utilizando os coñecementos dunha lingua para mellorar no uso doutras e participando en proxectos onde se usen distintas linguas.

Bloque 4. Lingua e sociedade

- Valora as linguas como sinal de identidade dos pobos, aprecia o plurilingüismo e coñece o ámbito da lusofonía.

- Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia, coñece o proceso de normalización e evita os prexuízos.
- Coñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.

- Describe a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.

- Recoñece e valora as variedades da lingua, e identifica a estándar como variante unificadora.

Bloque 5. Educación literaria

- Identifica os distintos períodos, xeracións e autores máis representativos da literatura galega desde 1916 ata a actualidade.

- Le de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros da literatura galega desde 1916 ata a actualidade.

- Elabora traballos individuais ou en grupo, coa axuda das TIC, relacionados coa literatura galega desde 1916 ata a actualidade.

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN. SISTEMA DE RECUPERACIÓN.

1º Avaliación	Cálculo da nota da 1º avaliación: a) Probas específicas (80% nota de avaliación). Realizaranse dúas por avaliación. b) Proba ou traballo sobre a lectura trimestral proposta (10% nota de avaliación). c) Traballo persoal na casa e na aula. (10% nota de avaliación). Valorarase a realización das tarefas propostas, o traballo individual e en equipo e a participación activa na aula. Corrección escrita: en toda produción escrita valoraranse negativamente a falta de adecuación, coherencia e cohesión así como os erros na ortografía e na puntuación. Cada erro restará 0,05 puntos, ata un máximo de 1 punto.
	Procedemento de recuperación da 1º avaliación: A comezos do período correspondente á 2º avaliación realizarase unha proba escrita de recuperación da 1º avaliación.
2º Avaliación	Cálculo da nota da 2º avaliación: a) Probas específicas (80% nota de avaliación). Realizaranse dúas por avaliación. b) Proba ou traballo sobre a lectura trimestral proposta (10% nota de avaliación). c) Traballo persoal na casa e na aula. (10% nota de avaliación).

	Valorarase a realización das tarefas propostas, o traballo individual e en equipo e a participación activa na aula. Corrección escrita: en toda produción escrita valoraranse negativamente a falta de adecuación, coherencia e cohesión así como os erros na ortografía, e na puntuación. Cada erro restará 0,05 puntos, ata un máximo de 1 punto.
	Procedemento de recuperación da 2º avaliación: A comezos do período correspondente á 3º avaliación realizarase unha proba escrita de recuperación da 2º avaliación.
3º Avaliación	Cálculo da nota da 3º avaliación: a) Probas específicas (80% nota de avaliación). Realizarase unha ou dúas por avaliación (a criterio da profesora e dependiendo da evolución do grupo). b) Proba ou traballo sobre a lectura trimestral proposta (10% nota de avaliación). c) Traballo persoal na casa e na aula. (10% nota de avaliación). Valorarase a a realización das tarefas propostas, o traballo individual e e participación activa na aula. Corrección escrita: en toda produción escrita valoraranse negativamente a falta de adecuación, coherencia e cohesión así como os erros na ortografía e na puntuación. Cada erro restará 0,05 puntos, ata un máximo de 1 punto.
	Procedemento de recuperación da 3º avaliación: A recuperación da 3º avaliación realizarase cos exames de avaliación final.
Cualificación final	Cálculo para obter a cualificación final de curso: - A cualificación final de curso será a media aritmética das tres avaliacións no caso de ter todas aprobadas, ou algunha suspensa cun 4 sempre e cando o cálculo da súa media coas outras avaliacións sexa igual ou superior a 5. - O alumnado restante realizará no mes de xuño un exame de recuperación da avaliación ou avaliacións suspensas. Para o cálculo da cualificación final teranse en conta as notas acadadas nestes exames.

As cualificacións definitivas para cada unha das avaliacións expresaranse do

seguinte xeito: IN - do 1 ao 5 - (Insuficiente), SU -5 - (Suficiente), B - 6 - (Ben), NOT – 7 ou 8- (Notable), e SOB – 9 ou 10 – (Sobresaliente).

8. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INICIAL.

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso escolar e terá en conta os seguintes aspectos:

- Realización dunha proba inicial na que responderán un cuestionario a partir da lectura dun texto.
- A observación do traballo na aula: caderno de clase.
- Información do titor ou titora do curso anterior para coñecer as necesidades de aprendizaxe do alumnado, características familiares que poidan incidir na súa aprendizaxe ou calquera outra circunstancia que poida afectar ao seu desenvolvemento.

9. ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES DO CURSO ANTERIOR.

Este curso non hai alumnado coa materia de Lingua Galega e Literatura de 3º de ESO pendente.

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A profesora avaliará cal é a situación concreta de cada aula e axustará os contidos, textos, exercicios e outras actividades ao nivel, estilo e ritmo de aprendizaxe, intereses e capacidades, farase un seguimento individualizado de cada alumno, para que aqueles que teñan máis dificultades nun ou noutro aspecto poidan acadar a fin de curso os obxectivos esperados, e aqueles que teñan máis nível continúen progresando.

Para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais, os obxectivos e as competencias da etapa estableceranse as seguintes medidas de atención á diversidade:

Medidas ordinarias:

- Adapatación do currículo da ESO.
- Reforzo educativo dentro da aula.
- Adapatación dos exames (contidos e tempo).
- Exención na materia de francés para alumnado de 1º e 2º de ESO.

Medidas específicas:

- Adaptacións curriculares.

Á marxe destas medidas, teranse en conta outros aspectos importantes:

- Estratexias para favorecer a autoestima: felicitacións en público, correccións en privado, ignorar os comportamentos de chamada de atención leves.
- Metodoloxía con actividades variadas, traballo cooperativo e colaboración entre alumnos.
- Organización da aula: sentado preto da profesora e nun lugar onde haxa poucos elementos distractores.

11. METODOLOXÍA.

Os principios metodolóxicos que se seguirán na área son os seguintes:

1. Especial atención á diversidade e utilización de métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e favorezan a capacidade de aprenderen por si mesmos.

2. Metodoloxía activa e participativa, favorecendo o traballo individual e cooperativo do alumnado , o traballo en grupo colaborativo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmellorable para adestrar a competencia comunicativa.

3. Especial atención a adquisición e ao desenvolvemento das competencias clave.

4. Adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión oral e lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación que son, obviamente, extrapolables a outras áreas e contextos de aprendizaxes.

5. Integración e uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula.

6. Desde o coñecemento da diversidade da aula e en resposta ás múltiples intelixencias predominantes no alumnado, o desenvolvemento de actividades desde a teoría das intelixencias múltiples para que todos os alumnos e as alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que se adquiran para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

12. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

- Plataforma E-Dixgal.
- Plataforma moodle do centro.
- Classroom.

- Socrative.
- Recursos fotocopiables que recollen lecturas complementarias; actividades de reforzo e de ampliación; material para o desenvolvemento das competencias; fichas de autoavaliación e a Adaptación curricular.
- Libros de lectura.
- Cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita.
- Dicionarios, Gramáticas e Enciclopedias tanto impresos como dixitais.
- Material audiovisual.
- Páxinas web.
- Revistas e xornais tanto impresos como dixitais.
- Pizarra dixital e canón.

13. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

PROGRAMACIÓN		
INDICADORES DE LOGRO	**Puntuación do 1 ao 5**	**Observacións**
Os obxectivos didácticos formuláronse en función dos estándares de aprendizaxe avaliables que concretan os criterios de avaliación.		
A selección e temporalización de contidos e actividades foi axustada.		
A programación facilitou a flexibilidade das clases, para axustarse ás necesidades e intereses do alumnado o máis posible.		
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros e coñecidos polo alumnado, e permitiron facer un seguimento do seu progreso.		
DESENVOLVEMENTO		
INDICADORES DE LOGRO	**Puntuación do 1 ao 5**	**Observacións**

Antes de iniciar unha actividade, fíxose unha introdución sobre o tema para motivar o alumnado e saber os seus coñecementos previos.		
Antes de iniciar unha actividade, expúxose e foi xustificado o plan de traballo (importancia, utilidade, etc.), e foron informados sobre os criterios de avaliación.		
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado, e construíronse sobre os seus coñecementos previos.		
Ofreceuse aos alumnos un mapa conceptual do tema, para que sempre estean orientados no proceso de aprendizaxe.		
As actividades propostas foron variadas na súa tipoloxía e tipo de agrupamento, e favoreceron a adquisición das competencias clave.		
A distribución do tempo na aula foi a adecuada.		
Utilizáronse recursos variados (audiovisuais, informáticos, etc.).		
Facilitáronse estratexias para comprobar que o alumnado entenderra e pedise aclaracións de non ser así.		
Facilitáronselles aos alumnos e as alumnas estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, como buscar información, como redactar e organizar un traballo, etc.		
As actividades grupais foron suficientes e significativas.		
O ambiente da clase foi adecuado e produtivo.		

Proporcionouselle ao alumnado información sobre o seu progreso.		
Proporcionáronse actividades alternativas cando o obxectivo non se alcanzou en primeira instancia.		
Houbo coordinación con outros profesores.		
AVALIACIÓN		
INDICADORES DE LOGRO	**Puntuación do 1 ao 5**	**Observacións**
Realizouse unha avaliación inicial para axustar a programación á situación real de aprendizaxe.		
Utilizáronse de maneira sistemática distintos procedementos e instrumentos de avaliación, que permitiron avaliar contidos, procedementos e actitudes.		
O alumnado dispuxo de ferramentas de autocorrección, autoavaliación e coevaluación.		
Proporcionáronse actividades e procedementos para recuperar a materia, tanto a alumnado con algunha avaliación suspensa, ou coa materia pendente do curso anterior, ou na avaliación final ordinaria.		
Os criterios de cualificación propostos foron axustados e rigorosos.		
Os pais foron adecuadamente informados sobre o proceso de avaliación: criterios de cualificación e promoción, etc.		

14. ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

Na área de Lingua Galega e Literatura de 4º da ESO traballaranse os elementos transversais comúns a todas as materias que cita o artigo 4 do Decreto 86/2015:

- Comprensión lectora, expresión oral e escrita.
- Comunicación audiovisual e TIC.
- Emprendemento.
- Educación cívica e constitucional.

Tamén se traballarán os seguintes valores:

- Igualdade entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero.
- Prevención e resolución pacífica de conflitos (xustiza, igualdade, paz, democracia...).
- Prevención da violencia terrorista e de calquera forma de violencia.
- Prevención do racismo e a xenofobia.
- Desenvolvemento sostible e medio.
- Riscos de explotación e abuso sexual.
- Situacións de risco derivadas da utilización das TIC.
- Protección ante urxencias e catástrofes.
- Espírito emprendedor e iniciativa empresarial.
- Educación e seguridade vial.

15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AOS DISTINTOS PLANS.

Accións de contribución ao Plan TIC.

As TIC son unha ferramenta fundamental á hora de practicar o que poderiamos chamar un "traballo autónomo", motor dunha aprendizaxe duradeira e permanente, que provoca a utilización de habilidades cognitivas e a autonomía do alumnado. O tratamento da información implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e empregar a información dispoñible, contrastándoa cando é preciso. Na área de Lingua e Literatura Galega o emprego das TIC centrarase basicamente en:

- Utilización de libros dixitais da plataforma E-Dixgal.
- Utilización da plataforma moodle do centro (Esemtia).
- Utilización do Classroom.
- Utilización de Socrative.
- Busca e selección de información en diversas páxinas web.
- Utilización de dicionarios,enciclopedias e prensa dixitais.
- Realización de actividades on-line.
- Gravación de videos.
- Utilización da pantalla dixital.
- Utilización da aula de informática.
- Utilización da plataforma dixital Esemtia.
- Presentacións de power point .
- Utilización de material sonoro.

Accións de contribución ao Plan Lector

A área de Lingua e Literatura Galega integra múltiples actuacións destinadas ao fomento da lectura para garantir unha progresiva capacitación do alumnado nas competencias básicas e contribuír á súa formación como cidadáns activos e solidarios:

- Uso da biblioteca do centro e de aula como fondo de recursos.
- Lectura diaria na clase de diferentes tipos de textos. A lectura pode ser silenciosa (para logo compartir todas as cuestións que suscite) ou en voz alta (neste caso sempre cuns minutos para unha preparación previa).
- Realización de actividades que favorezan a lectura comprensiva (activar os coñecementos previos, establecer predicións, formular preguntas, resumir...)
- Lecturas trimestrais propostas polo profesor.
- Lecturas da biblioteca de aula ou biblioteca escolar para fomentar a libre elección de libros.
- Intercambio de libros entre o alumnado: os alumnos que len un libro que lles gusta especialmente traeno a clase para que o poidan disfrutar todos os compañeiros que o desexen.
- Realización de traballos de investigación consultando dicionarios, enciclopedias e outras obras de referencia.
- Sesións de lectura de prensa e revistas dentro da programación das titorías.
- Traballo co xornal na aula: adxudicar fotografías a noticias ás que se lles sacou o titular, atopar nunha noticia a resposta a diversas preguntas propostas polo profesor ou polos propios alumnos, recompoñer textos desordenados...
- Organización de encontros con autores despois da lectura da súa obra.
- Proxección de películas e asistencia a espectáculos teatrais que, alén do seu valor artístico, motivan o acceso a determinados textos literarios.
- Actividades para conmemorar o Día do Libro, a Semana das Letras Galegas e as Xornadas Culturais.

Accións de contribución ao Plan de Convivencia

Aplícase no traballo diario da aula, entre outras cousas ao traballar cooperativamente e respectar ás demais persoas. Relaciónase co Plan de acción titorial.

16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRESCOLARES.

Entre os propósitos que perseguen este tipo de actividades destacan:

- Completar a formación que recibe o alumnado nas actividades curriculares.
- Mellorar as relacións entre o alumnado e axudarlle a adquirir habilidades sociais e de comunicación.

- Permitir a apertura do alumnado cara ao contorno físico e cultural que o rodea.
- Contribuír ao desenvolvemento de valores e actitudes adecuadas relacionadas coa interacción e o respecto aos demais, e o coidado do patrimonio natural e cultural.
- Desenvolver a capacidade de participación nas actividades relacionadas co contorno natural, social e cultural.
- Estimular o desexo de investigar e saber.
- Favorecer a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade do alumno.
- Espertar o sentido da responsabilidade nas actividades nas que se integren e realicen.

Para acadar estes propósitos propóñense as seguintes actividades:

- A asistencia a diferentes espectáculos: teatro, música, recitais de poesia.
- A visita a exposición e museos de interese.
- Os encontros con escritores.
- A participación nas actividades programadas para a celebración do Día das Letras Galegas e das Xornadas Culturais de fin de curso.
- As actividades de colaboración co Concello e outras institucións para traballar a educación en valores.
- As convivencias lúdicas e festivas dentro e fóra do centro.
- A visita a vilas e cidades para coñecer o noso patrimonio natural, histórico e cultural.

17. MECANISMOS DE REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS.

1. Nas sesións de avaliación trimestral e tendo en conta os resultados académicos faremos centraremonos nos seguintes aspectos:

- Valoración dos resultados xerais do grupo.
- Casos particulares analizados e medidas a adoptar.
- Clima de traballo na aula.
- Valoración dos apoios e reforzos.
- Grao de desenvolvemento das competencias en xeral.
- Compromisos para a seguinte avaliación.

2. Ao remate do curso revisarase a programación tendo en conta:

- Unidades non impartidas e as causas que o impediron.
- As modificacións introducidas.
- As propostas de mellora a ter en conta no próximo curso.
- Os resultados académicos e as posibles causas que afectaron negativamente.
- A valoración dos recursos, medidas de atención á diversidade aplicadas e actividades complementarias.
- As conclusións obtidas na avaliación.

Programación Lingua Inglesa 4º

ÍNDICE

A. Introdución e contexto. Perfil do centro.

B. Obxectivos e contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave.

C .1. Contidos, Criterios de avaliación, Estándares de aprendizaxe avaliables, indicadores de logro e competencias clave.

Cuarto Curso

C. 2. Temporalización

C.3. Grao mínimo de consecución para superar a materia.

D. Materiais, recursos didácticos e metodoloxía.

E. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

F. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

G. As materias pendentes.

H. A avaliación inicial.

I. Medidas de atención á diversidade.

J. Actividades complementarias e extraescolares.

K. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións.

- **INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.**

A lingua é o instrumento por excelencia da aprendizaxe e a comunicación. Tanto as linguas primeiras como as linguas estranxeiras forman parte na actualidade, e cada vez farano máis no futuro, da bagaxe vital das persoas nun mundo en continua expansión no que, á vez, as relacións entre individuos, países, organismos e corporacións fanse máis frecuentes e máis estreitas. Na medida en que esa bagaxe comprende diversos coñecementos, destrezas e actitudes en diversas linguas, é dicir un perfil plurilingüe e intercultural, o individuo está mellor preparado para integrarse e participar nunha variedade de contextos e de situacións que supoñen un estímulo para o seu desenvolvemento, e mellores oportunidades, nos ámbitos persoal, público, educativo ou académico, ocupacional e profesional.

En contextos e situacións de comunicación real, a lingua utilízase para realizar ou acompañar accións con diversos propósitos, polo que o currículo básico incorpora o enfoque orientado á acción recollido no "**Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas**" e describe, en termos de actuación e tomando este Marco como base de devandita descrición, o que os estudantes deberán ser capaces de facer no idioma estranxeiro en diversos contextos comunicativos reais nos que, dada a súa idade e as súas características dependendo das distintas etapas educativas, terán oportunidade de actuar. As actividades de recepción, produción e interacción orais e escritas que conforman os Estándares de aprendizaxe avaliables no currículo básico integran tanto as diversas competencias comunicativas específicas, cuxa activación conxunta permite a realización desas actividades, como as competencias básicas xerais correspondentes a cada etapa.

O currículo básico para a etapa de Educación Secundaria estrutúrase ao redor de actividades de lingua tal como estas descríbense no **Marco Común Europeo de referencia** para as Linguas: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos. Os contidos, criterios e estándares están organizados en catro grandes bloques que se corresponden coas actividades de lingua mencionadas, eixo dos ensinos da materia.

Os **PRINCIPIOS XERAIS**nesta etapa, de acordo co 1105/2014, de 26 de decembro, son os seguintes:

1. A finalidade da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que os alumnos e alumnas adquiran os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar neles hábitos de estudo e de traballo; prepararlles para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral e formarlles para o exercicio dos seus dereitos e obrigacións na vida como cidadáns.
2. Na Educación Secundaria Obrigatoria prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado.
3. A Educación Secundaria Obrigatoria organízase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado. As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder as necesidades educativas concretas do alumnado e ao logro dos obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria e a adquisición das competencias correspondentes e non poderán, en ningún caso, supor unha discriminación que lles impida alcanzar devanditos obxectivos e competencias e a titulación correspondente.

A etapa de Educación Secundaria Obrigatoria organízase en materias e comprende dous ciclos, o primeiro de tres cursos escolares e o segundo dun. Este catro cursos seguiranse ordinariamente entre os doce e o dezaseis anos de idade.

O segundo ciclo ou cuarto curso da Educación Secundaria Obrigatoria terá un carácter fundamentalmente propedéutico.

PERFIL DO CENTRO

DATOS DO CENTRO				
Centro	COLEXIO VIRXE MILAGROSA			
Enderezo: PAZOS FONTENLA, 55			Localidade: BUEU	Provincia: PONTEVEDRA
CP:36930	Teléfono:986 320 143	Fax:	Correo electrónico de contacto:	
PERFIL: CENTRO QUE INTEGRA EI, EP e ESO. SITO NUN AMBIENTE URBANO-MARIÑEIRO, TAMÉN TEN ALUMNADO PROCEDENTE DO RURAL. É UN CENTRO RELIXIOSO, ADSCRITO Á FUNDACIÓN EDUCERE.				

DEPARTAMENTO DE LINGUA ESTRANXEIRA: **FORMADO POR: CÉSAR GALLEGO NOVAS, CRISTINA IGLESIAS ORMAECHEA E JAVIER AGUETE GÓMEZ.**
CARACTERÍSTICAS DOS ALUMNOS: **4º DA ESO CONTA CUN TOTAL DE 19 ALUMNOS.**
RECURSOS DISPOÑIBLES: **PARA O ENSINO DA LINGUA INGLESA: AULAS, PANTALLAS DIXITAIS, ACCESO A INTERNET, SALA DE ORDENADORES E SALÓN DE ACTOS. En canto ao material: libros de texto impresos e dixitais, material creado polos docentes e recursos atopados na internet.**

B. OBXECTIVOS E CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

O ensino-aprendizaxe da lingua inglesa contriubuirá, como o resto das materias da ESO, a:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacíficamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, si houbela, na lingua cooficial da Comunidade Autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

- A materia de Lingua Estranxeira, nas súas distintas modalidades, contribúe de maneira fundamental, ao desenvolvemento da **Competencia en Comunicación Lingüística (CCL)**, non só en segundas linguas senón tamén con respecto ás linguas maternas. Por unha banda, a aprendizaxe das segundas linguas debe aproximarse ao proceso de adquisición das linguas maternas para producir uns resultados de carácter natural e directamente aplicables ao uso lingüístico no mundo real; por outro, a reflexión consciente e o desenvolvemento sistemático de competencias variadas que leva a aprendizaxe de segundas linguas pode estenderse ás linguas maternas co fin de mellorar as competencias nestas para comprender, expresarse, interactuar e articular pensamentos e sentimentos sobre un mesmo, o outro, e a contorna mental e físico no que se actúa e constrúense as relacións como axente social.

  (Na programación de leste mesmo título móstrase cómo practícase esta competencia ao longo de todo o cursou, xa que todas as actividades de cada unidade usan a linguaxe como instrumento de comunicación).

- O carácter dinámico da lingua, tamén está presente nas **Competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCT)** e outras áreas de coñecemento, ás que a Lingua Estranxeira pode contribuír facilitando e expandindo o acceso a datos, procedementos e técnicas de investigación; facendo posible un intercambio máis directo e frutífero entre comunidades científicas, e propiciando a construción conxunta do saber humano.

  Neste e en calquera outro ámbito, a actividade lingüística realízase en gran parte hoxe en día a través de medios tecnolóxicos. Estes medios están recollidos no currículo como soportes naturais dos textos orais ou escritos que o alumno haberá de producir, comprender e procesar, polo que a **Competencia dixital (CD)** enténdese como parte substancial da competencia comunicativa.

O uso das tecnoloxías da información e a comunicación debe ter importantes repercusións na maneira en que as linguas estranxeiras ensínanse e apréndense, e as necesarias innovacións neste campo han de basearse nun novo concepto da lingua, que non é algo que meramente se sabe, senón, fundamentalmente, algo que a persoa fai.

Grazas aos recursos dixitais e multimedia do curso, o alumnos afaranse a usar as tecnoloxías da información e comunicación como ferramentas esenciais para aprender e comunicarse, e mostrarán que con frecuencia teñen iniciativa para usar os materiais dixitais e para buscar e comunicar información de maneira independente. Tamén se familiarizarán co vocabulario básico para falar de informática en inglés.

- No proceso mesmo de aprendizaxe desenvólvese outra competencia básica, a de **Aprender a aprender (CAA)**, polo que o currículo incide no carácter procedimental de todos os seus elementos constituíntes e das súas relacións. Os contidos necesarios para alcanzar os Estándares de aprendizaxe avaliables, cuxo grao de adquisición valórase aplicando os criterios de avaliación descritos así mesmo como accións.
  O currículo axuda ao alumno a desenvolver a capacidade de aprender a aprender comezando por establecer de maneira transparente e coherente os obxectivos ou resultados pretendidos, que teñen que facer os estudantes como falantes da lingua estranxeira mediante o uso da mesma; determinando o que necesitan aprender para alcanzar eses obxectivos, e indicando as estratexias que poden aplicar para conseguilo. Marcarse obxectivos de diverso carácter segundo as necesidades de construción do perfil persoal de competencias é, así mesmo, o primeiro paso para unha eficaz aprendizaxe autónoma e ao longo da vida.

- O uso efectivo de linguas estranxeiras supón necesariamente unha visión aberta e positiva destas relacións cos demais, visión que se materializa en actitudes de valoración e respecto cara a todas as linguas e culturas, cara a outras persoas cuxos usos, valores e crenzas difiren dos propios, así como na apreciación do carácter relativo de costumes, prácticas e ideas, circunstancia que debe entenderse como unha oportunidade única de enriquecemento mutuo e de evitación ou resolución de conflitos de maneira satisfactoria para todas as partes. As **Competencias Sociais e Cívicas (CSC)**, e a **conciencia e** a **expresión culturais (CCEC)**, tanto as circunscritas ás contornas máis inmediatas como as propias de ámbitos cada vez máis amplos de actuación, forman, así, parte das habilidades que comprende unha competencia intercultural integrada na aprendizaxe de linguas estranxeiras.

- A **conciencia e a expresión culturais (CCEC)** supón ademais coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizalas como fonte de enriquecemento e goce e consideralas como parte do patrimonio dos pobos.

- O enfoque orientado á acción adoptado no currículo concéntrase no alumno, que é quen aprende, constrúe as súas competencias e utilízaas, tanto para levar a cabo as tarefas de aprendizaxe na aula como as que demanda a comunicación real. Por tanto, a materia de Lingua Estranxeira contribúe decisivamente ao desenvolvemento do **sentido da iniciativa (SIE)**, en especial polo que respecta ás actividades de expresión e interacción oral e escrita, nas que, desde a súa mesma planificación, o alumno ha de tomar decisións sobre que dicir e como facelo, a través de que canle e con que medios, en que circunstancias e dependendo de que expectativas e reaccións dos interlocutores ou correspondentes, todo iso co fin de cumprir o propósito comunicativo que persegue co maior grao posible de éxito. A elección e aplicación consciente das estratexias de comunicación, de organización do discurso, de control sobre a súa execución e de reparación do mesmo, preparan aos alumnos para asumir as súas responsabilidades, atopar seguridade nas súas propias capacidades, reforzar a súa identidade e regular o seu comportamento.

A articulación clara e convincente de pensamentos e ideas e a capacidade de asumir riscos, xunto coa xestión adecuada da interacción e o estímulo que supón comunicarse noutras linguas para enfrontar novos retos ou resolver problemas en escenarios complexos, son fundamentais no desenvolvemento do **espírito emprendedor**. As linguas estranxeiras son ademais a porta a un mundo de infinitas posibilidades no terreo laboral e profesional, e o currículo pretende fomentar o emprendimento como actitude ante a vida incorporando actividades concretas nas que o alumno aprende a ser crítico, creativo e comprometido tamén nestes contextos.

C. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES, INDICADORES DE LOGRO E COMPETENCIAS CRAVE.

4º de ESO

	Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1. Comprensión de textos orais			
a c d i	B1.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. Identificación do tipo de escoita necesario para realizar a tarefa (global, selectiva e detallada). Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles	B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de	PLEB1.1. Reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada), mellorándoo se é o caso (sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala), deducindo intencións a partir do volume da voz do falante, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e intuíndo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias.	CCL CAA CSC CCEC

	Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	relevantes). Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.	aspectos concretos ou abstractos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sempre que exista apoio visual e as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe, e que se poida volver escoitar o dito. B1.3. Comprender os detalles de información relativa a datos persoais, horarios, prezos e números, así como comprender preguntas e instruccións básicas e seguir indicacións breves relativas a necesidades cotiás ou ocupacionais relativas a situacións de comunicación básicas dos ámbitos persoal e profesional. B1.4. Comprender textos orais sinxelos nos que soliciten ou dean información de carácter básico e sinxelo, identificando funcións de comunicación variadas e captando tanto as liñas xerais como os aspectos secundarios de relevancia, sempre que se fale lentamente e nunha linguaxe estándar e poida pedir confirmación do entendido. B1.5. Comprender as ideas principais e outros aspectos relevantes para o propósito comunicativo de textos orais de carácter informal que relaten experiencias persoais (viaxes, estudos, experiencias laborais, relacións persoais, etc.), e expresen opinións ou puntos de vista, cunha fala lenta e nunha linguaxe estándar, identificando aspectos como a secuencia temporal das experiencias (por exemplo, dunha película), e os sentimentos que suscitan.	PLEB1.2. Distingue, con apoio visual ou escrito, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un tema educativo ou de divulgación científica, ou unha charla sobre a formación profesional noutros países).	CCL CAA CSC CCEC
			PLEB1.3. Identifica a idea principal e aspectos significativos de noticias de televisión claramente articuladas cando hai apoio visual que complementa o discurso, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturados e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua, e cando as imaxes facilitan a comprensión.	CCL CAA CSC
			PLEB1.4. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico (por exemplo, en contestadores automáticos, ou sobre como realizar un experimento na clase, ou como utilizar unha máquina ou un dispositivo no ámbito ocupacional).	CCL CSC
			PLEB1.5. Identifica as ideas principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dous ou máis interlocutores que ten lugar na súa presenza e na que se tratan temas coñecidos ou de carácter xeral ou cotián, cando o discurso está articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua.	CCL CSC CCEC
			PLEB1.6. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes, centros docente e lugares de traballo) ou menos habituais (por exemplo, nunha farmacia, un hospital, nunha comisaría ou nun organismo público), se pode pedir confirmación dalgúns detalles.	CCL CAA CSC CCEC
			PLEB1.7. Comprende, nunha conversa formal, ou entrevista na que participa (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo), información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible, sempre que poida pedir que se lle repita, ou	CCL CAA CSC CCEC

	Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			que se reformule, aclare ou elabore, algo do que se lle dixo.	
			PLEB1.8. Comprende, nunha conversa informal na que participa, explicacións ou xustificacións de puntos de vista e opinións sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas (por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade).	CCL CAA CSC CCEC
	Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción			
a c d i	B2.1. Estratexias de produción: Planificación: Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. Execución: Expresión da mensaxe con claridade, coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. Apoio e aproveitamento ao máximo dos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.). Cooperación na interacción con outras persoas,	B2.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves ou de lonxitude media, e de estrutura simple e clara, explotando os recursos dos que se dispón e limitando a expresión a estes; recorrendo, entre outros, a procedementos como a definición simple de elementos para os que non se teñen as palabras precisas, ou comezando de novo cunha nova estratexia cando falla a comunicación. B2.2. Pronunciar e entoar os enunciados de maneira clara e comprensible, aínda que as persoas interlocutoras poidan necesitar repeticións se se trata de palabras e estruturas pouco frecuentes, en cuxa articulación poden cometerse erros que non interrompan a comunicación. B2.3. Producir textos breves ou de lonxitude media, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, nos que se intercambia información, ideas e opinións, se xustifican de maneira simple pero suficiente os motivos de accións e plans, e se formulan hipóteses, aínda que ás veces haxa vacilacións para buscar expresións e pausas para reformular e organizar o discurso, e sexa necesario repetir o dito para axudar a persoa interlocutora a comprender algúns detalles. B2.4. Manter o ritmo do discurso coa fluidez suficiente para facer comprensible a mensaxe cando as intervencións son breves ou de lonxitude media, aínda que poidan producirse pausas, vacilacións ocasionais ou reformulacións do que se quere expresar en situacións menos habituais ou en intervencións máis longas. B2.5. Interactuar de maneira sinxela pero efectiva en	PLEB2.1. Utiliza recursos lingüísticos para entender e facerse entender, como a utilización de expresións memorizadas ou fixas (para pedir que lle falen máis a modo, que lle repitan ou que lle aclaren) e o uso de exemplos e definicións, ou de aspectos paralingüísticos como os acenos, a entoación, etc.	CCL CAA CSC CCEC
			PLEB2.2. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervén na lingua estranxeira de xeito claro e comprensible, e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	CCL CAA CSC CCEC
			PLEB2.3. Fai presentacións breves, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual (por exemplo, PowerPoint), sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.	CCL CAA CSC CCEC CD
			PLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha	CCL CAA CSC CCEC

	Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación. Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. Lingüísticos: Modificación de palabras de significado parecido. Definición ou reformulación dun termo ou expresión. Petición de axuda. Paralingüísticos: Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado. Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, proxémica, etc.). Uso de sons cuasilingüísticos e calidades prosódicas convencionais.	intercambios claramente estruturados, utilizando estratexias de cooperación na interacción e fórmulas ou indicacións habituais para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se poida necesitar a axuda da persoa interlocutora. B2.6. Comprender preguntas e dar información básica sobre si mesmo e relativas aos ámbitos educativo e persoal (datos persoais, formación, opinións, plans, intereses), aínda que teña que solicitar aclaracións ou repetir as súas respostas para facerse comprender.	reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto.	
			PLEB2.5. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade.	CCL CAA CSC CCEC
			PLEB2.6. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans.	CCL CAA CSC CCEC
	Bloque 3. Comprensión de textos escritos			
a c d e i	B3.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva) Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes). Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.	B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas (identificar os conceptos principais e palabras clave do tema, coñecer sinónimos destas e procurar termos relacionados en internet; e localizar recursos da biblioteca do seu centro docente), para a procura de información en diferentes fontes, e analizar a súa credibilidade seguindo criterios como a autoría, a data de publicación, ligazóns relevantes, funcionalidade e tipo de texto (divulgativo, educativo, de opinión, etc.). B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos nun rexistro	PLEB3.1. Nas actividades de lectura da aula, explica como sabe inferir significados a partir do seu coñecemento do mundo, do coñecemento doutros idiomas, do contexto lingüístico, dos apoios visuais (imaxes, tipografía, deseño, etc.), así como das características do medio en que aparece impresa a información (carteis, folletos, revistas, xornais, páxinas web, etc.).	CCL CAA CSC CCEC CD
			PLEB3.2. Procura e entende información específica de carácter concreto en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados (por exemplo, enciclopedias, dicionarios, monografías, presentacións) sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses, e analiza a información tendo en conta varios criterios (autoría, fiabilidade da páxina que o publica, datas, etc.) que axuden a avaliar a credibilidade do material.	CCL CAA CSC CCEC CD

	Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.	formal, informal ou neutro, que traten asuntos cotiáns ou menos habituais, de temas de interese ou salientables para os propios estudos, a ocupación ou o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso común, de carácter tanto xeral como máis específico. B3.4. Comprender a intención de comunicación, fórmulas de saúdo, despedida e outras convencións básicas de correspondencia de carácter persoal e formal, sempre que non conteña expresións idiomáticas, e poder reaccionar de xeito adecuado a tarxetas postais, felicitacións, invitacións, citas médicas, solicitude de información, etc. B3.5. Seguir instrucións básicas que lle permitan, por exemplo, pór en marcha, manexar ou instalar aparellos ou aplicacións informáticas sinxelas (sempre que conteñan diagramas ou imaxes que faciliten a súa comprensión), entender unha prescrición médica, matricularse nun centro de estudos, etc. B3.6. Ler con fluidez textos de ficción e literarios contemporáneos breves ou adaptados, ben estruturados, en rexistro estándar da lingua, con argumento lineal e con personaxes, situacións e relacións descritas de xeito claro e sinxelo.	PLEB3.3. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo e claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre lecer, cursos, bolsas e ofertas de traballo).	CCL CAA CSC CCEC CD
			PLEB3.4. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; recoñece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, sempre que poida reler as seccións difíciles.	CCL CAA CSC CCEC CD
			PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos, onde se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	CCL CAA CSC CCEC CD
			PLEB3.6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional, como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estadía de estudos no estranxeiro).	CCL CAA CSC CCEC CD
			PLEB3.7. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural, nunha residencia de estudantes ou nun contexto ocupacional).	CCL CAA CSC CCEC CD
			PLEB3.8. Comprende os aspectos xerais e os detalles máis relevantes de textos de ficción e textos literarios contemporáneos breves, ben estruturados e nunha variante estándar da lingua, nos que o argumento é lineal	CCL CAA CSC CCEC

	Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			e se pode seguir sen dificultade, e os personaxes e as súas relacións se describen de maneira clara e sinxela.	
	Bloque 4. Produción de textos escritos: expresión e interacción			
a c d i	B4.1. Estratexias de produción: Planificación: Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). Localización e uso adecuado dos recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). Execución: Elaboración dun borrador. Estruturación do contido do texto. Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles. Apoio e aproveitamento ao máximo dos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.). Revisión: Identificación de problemas, erros e repeticións. Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. Reescritura definitiva. Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra adecuado, uso normativo de maiúsculas e minúsculas, etc.).	B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos breves ou de media lonxitude (por exemplo, reformulando estruturas a partir doutros textos de características e propósitos comunicativos similares, ou redactando borradores previos, e revisando contido, ortografía e presentación do texto antes da súa escritura definitiva). B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves ou de lonxitude media, coherentes e de estrutura clara, sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de expresións e estruturas, e un léxico de uso frecuente, de carácter tanto xeral como máis específico dentro da propia área de especialización ou de interese. B4.3. Saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet (por exemplo, abreviacións ou outros en chats). B4.4. Seleccionar e achegar información necesaria e pertinente, axustando de maneira adecuada a expresión ao destinatario, ao propósito comunicativo, ao tema tratado e ao soporte textual, e expresando opinións e puntos de vista coa cortesía necesaria. B4.5. Tratar a información obtida de diversas fontes, seguindo os patróns discursivos habituais, para iniciar e concluír o texto escrito adecuadamente, organizar a información de xeito claro, ampliala con exemplos ou resumila con claridade, exactitude, coherencia e fidelidade ao texto orixinal. B4.6. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.) en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando importancia da presentación nas comunicacións escritas.	PLEB4.1. Escribe, nun formato convencional, informes breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo ou ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un accidente), describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións.	CCL CAA CSC
			PLEB4.2. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos.	CCL CAA CSC CCEC CD
			PLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e se transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes (por exemplo, nunha páxina web ou unha revista xuvenís, ou dirixidos a un profesor ou a unha profesora), respectando as convencións e as normas de cortesía.	CCL CAA CSC CCEC CD
			PLEB4.4. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra de forma lineal e coherente feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas (por exemplo, sobre unha viaxe, as súas mellores vacacións, un acontecemento importante, un libro ou unha película), ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes, e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles.	CCL CAA CSC CCEC CD
			PLEB4.5. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para facerse membro dunha asociación ou para solicitar	CCL CAA CSC

	Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			unha bolsa).	CD
			PLEB4.6. Escribe o seu currículo en formato electrónico, seguindo, por exemplo, o modelo Europass.	CCL CAA CSC CCEC CD
			PLEB4.7. Toma notas, mensaxes e apuntamentos con información sinxela e relevante sobre asuntos habituais e aspectos concretos nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional, dentro da súa especialidade ou área de interese.	CCL CAA CSC
			PLEB4.8. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.	CCL CAA
	Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural			
a c d i o	B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación Sons e fonemas vocálicos. Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. Procesos fonolóxicos básicos. Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración. B5. 2. Patróns gráficos e convencións ortográficas: Uso das normas básicas de ortografía da palabra. Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. B5. 3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: Recoñecemento e uso de convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; e linguaxe non verbal. Achegamento a aspectos culturais visibles próximos aos seus intereses (música, traballo, lecer, deportes, produción escrita, lugares, organización política, etc.) e a costumes, valores, crenzas e actitudes máis relevantes para facer comprensible con carácter xeral a cultura dos países falantes da lingua estranxeira.	B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e recoñecer os significados e as intencións comunicativas xerais relacionados con eles. B5.2. Recoñecer e utilizar as principais convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación, e de uso de maiúsculas e minúsculas, así como abreviaturas e símbolos de uso común e máis específico; e saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet (por exemplo, abreviacións ou outros en chats). B5.3. Coñecer e utilizar para a comprensión e a produción do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida (hábitat e estrutura socioeconómica), relacións interpersoais (xeracionais, entre homes e mulleres, no ámbito educativo, ocupacional e institucional), comportamento (posturas, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e proxémica) e convencións sociais (actitudes e valores), así como os aspectos culturais xerais que permitan	PLEB5.1. Exprésase cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible, e utiliza adecuadamente os esquemas fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras.	CCL CAA CSC CCEC
			PLEB5.2. Produce textos escritos en diferentes soportes, sen erros ortográficos e de puntuación que impidan a comprensión, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos.	CCL CAA CSC CCEC
			PLEB5.3. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de xeito sinxelo, pero correcta e adecuada ao contexto.	CCL CAA CSC CCEC CD
			PLEB5.4. Recoñece os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira,	CCL CAA

	Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Identificación das similitudes e as diferenzas máis significativas nos costumes cotiáns, e uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. B5.4. Plurilingüismo: Recoñecemento da realidade plurilingüe do propio contorno. Recurso aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira e lograr unha competencia comunicativa integrada. Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. B5.5. Funcións comunicativas: Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais. Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades. Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de sucesos futuros. Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos. Expresión do coñecemento, a certeza, a dúbida e a conxectura. Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición. Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios. Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses. Establecemento e mantemento da comunicación e organización do discurso. B5.6. Léxico oral escrito de uso común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e	comprender información e ideas presentes no texto (por exemplo, de carácter histórico ou literario). B5.4. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal, ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes. B5.5. Recorrer aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para identificar marcadores discursivos e tipo de expoñentes lingüísticos necesarios segundo o tipo de texto e a intención comunicativa; mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira e lograr unha competencia comunicativa integrada B5.6. Apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe. B5.7. Aplicar á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación oral e escrita, así como os seus significados asociados (por exemplo, unha estrutura interrogativa para expresar sorpresa); e distinguir a función ou as funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización e á ampliación ou a restruturación da información (por exemplo, nova fronte a coñecida; exemplificación e resumo). B5.8. Recoñecer, e aplicar á comprensión do texto léxico oral e escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, así como un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente, cando o contexto ou o apoio visual facilitan a comprensión. B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	e establece relación entre aspectos da cultura propia e da cultura meta para cumprir, de ser o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos interculturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CSC CCEC
			PLEB5.5. Comprende e utiliza con corrección suficiente e adecuación sociolingüística os recursos lingüísticos propios do seu nivel, e frases feitas e locucións idiomáticas sinxelas e habituais da comunidade lingüística correspondente á lingua meta.	CCL CAA CSC CCEC
			PLEB5.6. Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado, o que implica, entre outros, o emprego de sinónimos de uso máis frecuente e de palabras de significación próxima para evitar a repetición léxica.	CCL CAA CSC CCEC
			PLEB5.7. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais; evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL CAA CSC CCEC CD

	Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación. Recoñecemento e uso de expresións fixas, enunciados fraseolóxicos (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión de opinións) e léxico sobre temas relacionados con contidos doutras áreas do currículo. Recoñecemento e uso de antónimos e sinónimos máis comúns, e de procedementos de formación de palabras mediante recursos de derivación e de composición, e recoñecemento de "falsos amigos". B5.7. Recoñecemento e uso de rutinas ou modelos de interacción básicos, segundo o tipo de situación de comunicación. B5.8. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.			

[1]**Contidos sintáctico-discursivos**

Inglés
Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*and, too, also*); disxunción (*or*); oposición (*but*); causa (*because (of); due to*); finalidade (*to + infinitive; for*); comparación (*as/not so +Adj.+ as*; *more comfortable/ quickly, faster (than)*; *the fastest*); resultado (*so…*); condición (*if; unless);* estilo indirecto (*reported information, offers, suggestions and commands*).
Relacións temporais (*the moment (she left); while*).
Be used to/ get used to.
Afirmación (*affirmative sentences*; *tags; Me too; Think/Hope so*).
Exclamación (*What + (Adj. +) noun*, *e. g. What beautiful horses!*; *How + Adv. + Adj.*, *e. g. How very nice!*; *exclamatory sentences and phrases, e. g. Hey, that's my bike!*).
Negación (*negative sentences with not, never, no* (*Noun, e. g. no chance*), *nobody, nothing*; *negative tags*; *me neither*).
Interrogación (*Wh- questions*; *Aux. Questions; What is the book about?; tags*).
Expresión do tempo: pasado (*past simple and continuous*; *present perfect; past perfect*); presente (*present simple and continuous*); futuro (*going to*; *will; present simple and continuous + Adv.*).
Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses*); durativo (*present and past simple/perfect; and future continuous*); habitual (*simple tenses* (*+ Adv., e. g. every Sunday morning*); *used to*); incoativo (*be about to*); terminativo (*stop –ing*).
Expresión da modalidade: factualidade (*declarative sentences*); capacidade (*can; be able*); posibilidade/probabilidade (*may*; *might*; *perhaps*); necesidad (*must*; *need; have (got) to*); obriga(*have* (*got*) *to*; *must; imperative*); permiso (*may*; *could; allow*); intención (*present continuous*).
Expresión da existencia (*e. g. there could be*); la entidad (*count/uncount/collective/compound nouns; pronouns (relative, reflexive/emphatic, one(s); determiners*); a cualidade (*e. g. pretty good; much too expensive*).

Inglés
Expresión da cantidade (*singular/plural*; *cardinal and ordinal numerals*. *Quantity: e. g. lots/plenty (of)*. *Degree: e. g. absolutely; a (little) bit*). Expresión do espazo (*prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement*). Expresión do tempo (*points* (*e. g. at midnight), divisions (e. g. term)*, *and indications (ago; early; late) of time*; *duration (from…to; during; until; since)*; *anteriority* (*already; (not) yet*); *posteriority (afterwards; later)*; *sequence (first, second, after that, finally)*; *simultaneousness (just when); frequency (e. g. twice/four times a week; daily)*). Expresión do modo (*Adv. and phrases of manner, e. g. carefully; in a hurry*). Uso de conectores. *Have/get causative.* *Phrasal verbs.* *Gerund and infinitive.*

C.2. Temporalización.

Cada trimestre traballarase con tres unidades didácticas.

Unha hora semanal das tres que hai no horario adícase ao eido oral da lingua inglesa.

C3. Grao mínimo de consecución para superar a materia.

CUARTO CURSO
VOCABULARY • Life changing events. • Verbs and prepositions. • Literary genres. • Compound nouns. • Saving environmental resources. • Prefixes. • Style adjectives. • Phrasal verbs: clothes. • The world of work. • Work verbs. • Criminals and crimes. • Sporting events. • Confusing verbs. • Developing products. • Reporting verbs. • Messages.

GRAMÁTICA • Present simple. • Past simple. • Used to. • Subject and object questions. • Past continuous. • Past perfect. • Present perfect. • Relative clauses. • The futures. • The first and second conditional. • Gerunds and infinitives. • The third conditional. • The passive. • Reported speech.

D.MATERIAIS, RECURSOS DIDÁCTICOS e METODOLOXÍA.

Libros de texto dixitais (REAL WORLD 2). Materiais creados polos profesores e recursos didácticos da internet. Libros de lectura con nivel guiado.

Aprender una nueva lengua es probablemente uno de los retos más ambiciosos a los que se tengan que enfrentar los estudiantes a lo largo de su vida académica, sobre todo porque supone zambullirse de forma activa en una materia, cultura y visión de la vida completamente diferentes de las suyas. En esta línea, el objetivo primordial de todos los profesores del departamento y los materiales que utilizan es favorecer el proceso de aprendizaje y servir de puente para que los alumnos/as conozcan, por un lado, los lugares en los que se habla inglés, y por otro, la forma en que se expresan los jóvenes nativos de su edad. El objetivo final del aprendizaje de esta lengua extranjera ha de ser la competencia comunicativa, el acercamiento hacia otras culturas y una actitud comprensiva y tolerante hacia ellas. A partir de una evaluación inicial estableceremos los conocimientos de nuestros alumnos, nivel a partir del cual se desarrolla el aprendizaje observando las peculiaridades individuales pero sin olvidar su integración en un nivel común. No limitaremos nuestra tarea docente a la práctica de una sola técnica de enseñanza, sino que utilizaremos un método ecléctico razonado o sistemático, contemplando el método comunicativo como base de la inmersión del alumno en la lengua extranjera, pero sin por ello olvidarnos del método gramatical, el comparativo o de las traducciones. En cualquier caso se entiende que nuestro sistema de enseñanza es siempre circular, puesto que a lo largo de la Secundaria se van repitiendo los contenidos, añadiéndose en cada caso un grado mayor dificultad, lo cual permite el repaso y afianzamiento de lo ya aprendido. El papel del profesor será el de coordinador e informador y consistirá además en diseñar las diversas actividades y en general, organizar la marcha de las clases. Potenciaremos la participación activa del alumnado, reflejada especialmente en la elección y realización de actividades en la toma de posturas respecto a la marcha del curso, para así completar los objetivos actitudinales. Dirigirá su propio progreso y será consciente de sus carencias y sus logros persiguiendo el objetivo primordial de que el alumno se sienta responsable de su propio proceso de aprendizaje. Consideramos el inglés como vehículo básico de la comunicación en el aula, pero también se utilizará el español cuando la situación lo exija. De esta manera se da gran importancia a la vertiente oral de la comunicación, reflejada en la existencia de diversas pruebas orales a lo largo del curso. Durante las actividades se practicarán diferentes medios de agrupamiento que faciliten las tareas y provoquen la participación del

alumno en un ambiente agradable: para favorecer este clima distendido en el aula el error se considera como parte integral del aprendizaje y no como simple indicativo de desconocimiento, censurable en todo momento. Es conveniente que los propios alumnos se corrijan fomentando la autoevaluación y la coevaluación para que así tomen conciencia de su progreso. En algunos temas las actividades estarán presididas por la metodología de "Project" que permite respetar y observar sin interferencias los diferentes niveles de los alumnos en la misma clase. Las actividades se plantearán de manera que se parezcan lo más posible a la vida real: Deben ser variadas, interesantes y útiles para el alumno. En ocasiones serán las propuestas por el libro de texto, otras veces se tratará de actividades propuestas directamente por el profesor. Serán secuenciadas de manera que contribuyan a la adquisición de conocimientos y a la consecución de los objetivos: se comenzará con actividades controladas en las que el alumno aprende y practica destrezas para pasar a actividades más libres donde el alumno pondrá en práctica dichas destrezas trabajando a su manera. Es sumamente importante que las actividades realizadas afecten a las cuatro destrezas lingüísticas (producción oral y escrita y comprensión oral y escrita), y a que las actividades integren conocimientos de más de una área, convirtiéndose así en experiencias interdisciplinares que motiven de manera especial al alumnado e incidan en el carácter globalizador de la educación que están recibiendo.

E. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

A avaliación efectuarase mediante a observación sistemática do progreso e evolución do alumno e atendendo sempre ás súas capacidades persoais. Serán instrumentos adecuados para isto:

1. As probas escritas.

   Xeralmente realizaranse dúas por avaliación, nelas o alumnado deberá demostrar a través de exercicios concretos que asimilou os estándares traballados nas unidades correspondentes. Á puntuación propia dos exercicios das probas engádirase uns puntos correspondentes ao traballo máis competencial, aos proxectos e ao traballo cooperativo. O cómputo total corresponderá a un 10 e a nota correspondente aos puntos obtidos calcularase cunha regra de 3.

.

2. Traballo na casa e na aula.

   O alumnado deberá amosar unha actitude de traballo positiva cara á materia, traballando na casa (deberes) e na aula tanto a nivel individual como no traballo cooperativo, participando activamente, poñendo en común e corrixindo.

   O valor deste traballo é dun 10 % da nota trimestral.

3. Os exames de avaliación final (convocatoria de xuño).

Cada un dos instrumentos empregados para a avaliación representará a seguinte porcentaxe da nota global:

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN GLOBAL
Probas escritas	80%
Traballo na casa e na aula	10%
Clase de conversa	10%
Exame final de xuño.	100%

PESOS DAS DIFERENTES COMPETENCIAS NA MATERIA

Competencia en comunicación lingüística	30%
Conciencia e expresión cultural	20%
Aprender a aprender	15%
Competencia dixital	15%
Competencia social e cívica	10%
Espírito emprendedor e iniciativa persoal	5%

Competencia matemática e científico-tecnolóxica	5%

CLASES DE CONVERSA

O alumno ten asegurado 1 punto nesta sección sempre que leve á práctica con boa actitude as actividades propostas polos profesores. Haberá frecuentemente proxectos que marcarán de xeito claro o nivel de implicación do alumnado. Se hai pola súa parte algúnha carencia de traballo ou actitude negativa, penalizarase cun negativo, que restará 0,25 puntos á nota inicial (1 punto).

SISTEMA DE RECUPERACIÓN

Realizarase unha proba de recuperación ao final de cada avaliación. No mes de xuño se recuperará a avaliación ou avaliacións suspensas de novo se non foron aprobadas xa.

G. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Os instrumentos para levara a cabo a avaliación do proceso docente son a observación diaria na clase do nivel de efectividade das actividades levadas a cabo, a análise dos resultados académicos do alumnado e a reflexión conxunta co resto do profesorado.

H. AS MATERIAS PENDENTES.

De acordo coa legislación vixente, establécense as normas a seguir para a avaliación do alumnado coa materia de Lingua Inglesa pendente, tendo en conta o establecido na programación do curso correspondente no tocante aos criterios de avaliación e os mínimos esixibles. Durante o mes de outubro daráselle ao alumnado a seguinte información sobre o procedemento a seguir para recuperar a Lingua Inglesa pendente:

A recuperación de Lingua inglesa poderá realizarse en dúas partes:

_A proba de avaliación correspondente á primeira parte realizarase na segunda quincena de xaneiro.

_A proba de avaliación da segunda parte farase pouco despois do inicio do terceiro trimestre.

Antes da realización destas probas, os alumnos terán que entregar debidamente realizadas unha serie de actividades relacionadas cos contidos establecidos para cada parte. A entrega destas actividades é imprescindible para poder facer a recuperación en dous bloques e será tida en conta na avaliación final.

No caso de non seren presentadas estas tarefas, os alumnos realizarán unha única proba de avaliación no mes de maio, na que se incluirán todos os contidos.

I. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1. A adaptación de obxectivos, contidos e actividades propostas na programación das unidades.
2. Actividades de gramática de reforzo no caderno de actividades por unidades.
3. As propostas de traballo graduadas e diversificadas para facer que a clase sexa agradable e produtiva para os alumnos.
4. O método de traballo propón exercicios repetitivos, cancións, xogos, pequenas redaccións, debuxos, etc.
5. A planificación de actividades con obxectivos comunicativos e extralingüísticos que fomentan a comunicación para que poidan ser traballados polos alumnos con diferentes niveis.
6. As actividades en liña que permiten un traballo motivador á vez que un ritmo máis relaxado.
7. As actividades interactivas co encerado dixital tamén poden supoñer outra fonte de motivación interesante para aqueles alumnos que necesiten unha visualización máis específica dos contidos para poder asimilalos.
8. O fomento da participación e a colaboración entre os alumnos con diferentes capacidades, xa que posibilita o traballo en parellas e, sobre todo, en equipo. Unha actitude positiva de traballo e unha boa participación nas actividades de grupo serán moi importantes no seu rendemento posterior. O profesor axudará a que os alumnos sexan conscientes diso.

J. A AVALIACIÓN INICIAL.

Levarase a cabo a través da “Starter Unit” do libro de texto e da observación do grao de éxito na resolución das actividades por parte do alumnado.

Realizarase unha proba inicial que conte cos seguintes apartados: léxico, gramática, lectura, escritura e comprensión auditiva.

Asimesmo o profesor traerá fichas de repaso do curso anterior para actualizar os coñecementos e destrezas da lingua inglesa xa adquiridos.

K. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

_Celebración das festividades culturais anglosaxonas: Halloween, Thanksgiving, Christmas, Carnival, St Patrick´s Day e Easter.

_Representación de “sketches” na aula por parte dos alumnos.

_Lectura de libriños de nivel axeitado a cada curso.

_Asistencia á unha representación teatral en lingua inglesa.

_Fomento da participación en campamentos lingüísticos de verán e en estadías en países estranxeiros.

L. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS.

Levarase a cabo a adecuación das programacións segundo as características de aprendizaxe e comportamento do grupo de alumnado, así como do seu grao de éxito na consecución dos criterios de avaliación. Farase no día a día e ao final dun trimestre con previsión do seguinte.

César Gallego Novas setembro 2022

MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSINANZAS APLICADAS

4º ESO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Colexio Virxe Milagrosa.

ÍNDICE

1. Introdución e contextualización.
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
3. Obxectivos.
   3.1. Obxectivos xerais de etapa.
   3.2. Obxectivos de área.
4. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.
5. Temporalización.
6. Mínimos esixibles.
7. Procedementos e instrumentos de avaliación.
8. Procedementos para a realización da avaliación inicial.
9. Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
10. Medidas de atención á diversidade.
11. Metodoloxía.
    Protocolo de actuación en caso de confinamento ou corentena.
12. Materias e recursos didácticos.
13. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
14. Elementos transversais.
15. Contribución aos distintos plans: Proxecto lector, Plan TIC, Plan de convivencia.
16. Actividades complementarias e extraescolares.
17. Procedementos para avaliar a propia programación.

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

Esta programación vai dirixida á materia de matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas. Como se recolle no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A materia de Matemáticas contribúe especialmente ao desenvolvemento da competencia clave matemática e en ciencia e tecnoloxía, recoñecida pola Unión Europea. Esta competencia consiste en formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias e das propias matemáticas. En concreto, abrangue os aspectos e as facetas seguintes: pensar, modelar e razoar de xeito matemático; formular e resolver problemas; representar entidades matemáticas; utilizar os símbolos matemáticos; comunicarse coas matemáticas e sobre elas; e utilizar axudas e ferramentas tecnolóxicas. Por outra banda, o pensamento matemático axuda á adquisición do resto de competencias e contribúe á formación intelectual do alumnado, o que permitirá que se desenvolva mellor tanto no ámbito persoal como no social.

A resolución de problemas e os proxectos de investigación constitúen os eixes fundamentais no proceso de ensino e aprendizaxe das Matemáticas. Unha das capacidades esenciais que se desenvolven coa actividade matemática é a habilidade de formular, propor, interpretar e resolver problemas, xa que lles permite ás persoas o emprego dos procesos cognitivos para abordaren e resolveren situacións interdisciplinares en contextos reais, o que resulta de máximo interese para o desenvolvemento da creatividade e o pensamento lóxico. Neste proceso de resolución e investigación están involucradas moitas outras competencias, ademais da matemática, como é o caso da comunicación lingüística, ao ler de forma comprensiva os enunciados e comunicar os resultados obtidos; o sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua, na medida en que se vai resolvendo o problema; a competencia dixital, ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso, servir de apoio á resolución do problema e á comprobación da solución; a competencia de aprender a aprender, ao proporcionar estratexias de planificación e análise que axudan na resolución de problemas, así como actitudes de curiosidade e hábitos de formularse preguntas; a competencia social e cívica, ao implicar unha actitude aberta ante diferentes solucións; e a competencia en conciencia e expresións culturais, debido á necesidade de coñecer, comprender, apreciar e valorar diferentes manifestacións culturais relacionadas co coñecemento matemático e científico.

O alumnado que curse esta materia afondará no desenvolvemento das habilidades de pensamento matemático; concretamente na capacidade de analizar e investigar, interpretar e comunicar matematicamente diversos fenómenos e problemas en distintos contextos, así como de proporcionar solucións prácticas a estes. Tamén debe valorar as posibilidades de aplicación práctica do coñecemento matemático tanto para o enriquecemento persoal como para a valoración do seu papel no progreso da humanidade.

No desenvolvemento do currículo débese ter en conta o carácter propedéutico da materia correspondente ao cuarto curso de ESO, segundo figura no artigo 12 do Real decreto

1105/2014, que establece o currículo de ESO, que a fai necesaria para ensinanzas postobrigatorias.

É importante que no desenvolvemento do currículo desta materia os coñecementos, as competencias e os valores estean integrados, polo que os estándares de aprendizaxe se formularon tendo en conta a imprescindible relación entre os devanditos elementos. Todo iso xustifica que se organizase en torno aos seguintes bloques para os cursos de terceiro e cuarto de ESO, fortalecendo tanto os aspectos teóricos como as aplicacións prácticas en contextos reais: "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas", "Números e álxebra", "Xeometría", "Funcións" e "Estatística e probabilidade".

O bloque de "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas" é común para toda a ESO e debe desenvolverse de xeito transversal e simultaneamente ao resto de bloques, constituíndo o fío condutor da materia; articúlase sobre procesos básicos e imprescindibles no quefacer matemático: resolución de problemas, proxectos de investigación matemática para realizar de maneira individual ou en grupo, matematización e modelización, actitudes adecuadas para desenvolver o traballo científico, e utilización de medios tecnolóxicos. Incorporáronse a este bloque a maioría das competencias clave e dos temas transversais, o que permite a súa adquisición e o seu desenvolvemento ao longo de toda a materia.

O centro escolar no que se aplicará a Programación Didáctica é un Colexio privado concertado tipificado como dunha liña; posúe tres grupos de Educación Infantil, seis de Educación Primaria e catro da ESO; en total, 13 grupos. En xeral, o nivel socio-económico e cultural do alumnado é medio. A relación entre o centro escolar e os pais/nais é boa; estes teñen interese e están ben informados das actividades que nel se realizan. A Asociación de Nais e Pais de Alumnos (ANPA) colabora nas actividades complementarias e extraescolares, o cal indica unha actitude positiva cara a educación dos nenos/as.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

As matemáticas facilítannos interpretar o mundo que nos rodea, reflicten a capacidade creativa, expresan con precisión conceptos e argumentos, favorecen a competencia para aprender a aprender e conteñen elementos de gran beleza, sen esquecer ademais o carácter instrumental que as matemáticas teñen como base fundamental para a adquisición de novos coñecementos noutras disciplinas, nomeadamente no proceso científico e tecnolóxico, e como forza condutora no desenvolvemento da cultura e das civilizacións.

As matemáticas contribúen especialmente ao desenvolvemento da competencia matemática, recoñecida como clave pola Unión Europea co nome de "Competencia matemática" e "Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía". Esta consiste en formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias e das propias matemáticas. Para lograr isto cómpre analizar a situación, identificar o que é verdadeiramente relevante, establecer relacións, facer a modelización e ser quen de representala e comunicala utilizando diferentes linguaxes e rexistros; formular outros problemas, outras preguntas e, mesmo, atopar outras respostas que aparezan tras a análise, o traballo, a argumentación e a

resolución da situación de partida. É necesario utilizar conceptos, propiedades, procedementos e as linguaxes axeitadas para expresar as ideas matemáticas, e resolver os problemas asociados coa situación en cuestión. Estas actividades esixen a argumentación e a análise dos procedementos empregados e as solucións propostas. É dicir, a competencia matemática consiste en adquirir un hábito de pensamento matemático que permita establecer hipóteses e contrastalas, elaborar estratexias de resolución de problemas e axudar na toma de decisións axeitadas, tanto na vida persoal como na súa futura vida profesional.

Na área de Matemáticas incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descriptores máis afines a ela.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)

Esta área posibilita en todos e cada un dos seus aspectos a competencia matemática, a partir do coñecemento dos contidos e a súa variedade de procedementos de cálculo, análise, medida e estimación da realidade que envolve aos alumnos como instrumento imprescindible no desenvolvemento do pensamento dos alumnos e compoñente esencial de comprensión.

Os descriptores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que ocorre ao noso redor e responder a preguntas.
- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.

Comunicación lingüística (CCL)

Para fomentar o seu desenvolvemento desde a área de Matemáticas débese insistir na incorporación do esencial da linguaxe matemática á expresión habitual e a adecuada precisión no seu uso e por outra banda en que os contidos asociados á descrición verbal dos razonamentos e dos procesos.

Para iso, en cada unidade didáctica, adestraremos polo menos un descriptor de cada un destes indicadores.

Os descriptores que priorizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor.

Competencia dixital (DC)

A lectura e creación de gráficas, a organización da información en forma analítica e comparativa, a

modelización da realidade, a introdución á linguaxe gráfico e estatístico, o uso de calculadoras e ferramentas tecnolóxicas e outros procesos matemáticos contribúen ao desenvolvemento desta competencia.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descriptores da competencia:
- Elaborar e publicitar información propia derivada da obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

Conciencia e expresións culturais (CEC)

A achega matemática faise presente en multitude de producións artísticas, así como as súas estratexias e procesos mentais fomentan a conciencia e expresión cultural das sociedades. Igualmente o alumno, mediante o traballo matemático poderá comprender diversas manifestacións artísticas sendo capaz de utilizar os seus coñecementos matemáticos na creación das súas propias obras.

Polo que nesta área, traballaremos os seguintes descriptores:
- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións dende códigos artísticos.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

A utilización de estratexias persoais de cálculo e de resolución de problemas facilita aceptar outros puntos de vista, o que é indispensable á hora de realizar un traballo cooperativo e en equipo. Recoñecer e valorar as achegas alleas, enriquece ao alumno.

Para iso adestraremos os seguintes descriptores:
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo, e para a resolución de conflitos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Aprender a comportarse dende o coñecemento dos distintos valores.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEE)

As estratexias matemáticas como a resolución de problemas, que inclúen a planificación, a xestión do tempo e dos recursos, a valoración dos resultados e a argumentación para defender o proceso

e os resultados, axudan ao desenvolvemento desta competencia. Esta axuda será maior na medida en que se fomente actitudes de confianza e de autonomía na resolución de situacións abertas e problemas relacionados coa realidade concreta que vive o alumno.

Os descriptores que adestraremos son:
- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Dividir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Atopar posibilidades na contorna que outros non aprecian.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

Aprender a aprender (CAA)

A autonomía na resolución de problemas en Matemáticas, xunto coa verbalización do proceso de resolución axuda á reflexión sobre o apreso, favorecendo esta competencia.

Para o desenvolvemento da competencia de aprender a aprender é tamén necesario incidir desde a área nos contidos relacionados coa autonomía, a perseveranza, a sistematización, a mirada crítica e a habilidade para comunicar con eficacia os resultados do propio traballo.

Os descriptores que adestraremos cos alumnos serán os seguintes:
- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Aplicar estratexias para mellorar do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente.
-Planificar os recursos necesarios e os pasos que se han de realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os seguintes en función dos resultados intermedios.
- Evaluar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

3. OBXECTIVOS

3.1. Obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria.

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos ea igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou

circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

k) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

l) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

m) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

n) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

ñ) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3.2. Obxectivos da área de Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas.

A área de Matemáticas orientadas ás Ensinanzas Aplicadas de 4º ESO contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

1. Resolver problemas utilizando os recursos e as estratexias necesarios para iso, e indicar o proceso seguido en cada caso.

2. Facer predicciónns utilizando patróns, regularidades e leis matemáticas en distintos contextos matemáticos.

3. Xerar variacións nos problemas xa resoltos co fin de profundar neles.

4. Realizar procesos de investigación aportando informes de resultados e conclusións.

5. Aplicar as matemáticas á vida cotiá.

6. Descubrir as fortalezas e as debilidades matemáticas persoais.

7. Desenvolver a resiliencia na resolución de situacións novas.

8. Afrontar tómaa de decisións como un proceso de crecemento persoal e de orientación cara ao futuro, e valorar a súa aplicación en contextos matemáticos.

9. Utilizar con destreza a calculadora, programas informáticos, etc., como medio para facilitar os cálculos, comprobar operacións, descubrir patróns, etc.

10. Seleccionar a información necesaria para resolver problemas da vida cotiá con autonomía e sentido crítico.

11. Utilizar de forma adecuada os diferentes tipos de números para resolver problemas da vida cotiá, aplicando correctamente as súas operacións e a prioridad das mesmas.

12. Utilizar as magnitudes e as unidades de medida adecuadas en cada situación ao enfrontarse a un problema matemático.

13. Dispoñer de recursos para analizar e manexar situacións problemáticas e aplicar procedementos específicos para resolvelas.

14. Traducir eficazmente enunciados de problemas relacionados coa vida cotiá á linguaxe algebraico.

15. Manexar polinomios e fraccións algebraicas.

16. Utilizar ecuaciones e sistemas para resolver problemas en contextos da vida real.

17. Representar relacións cuantitativas e cualitativas a través de diferentes tipos de funcións e interpretar os resultados obtidos a partir de táboas, gráficas.

18. Coñecer os conceptos básicos sobre semellanza, teorema de Pitágoras, áreas de figuras planas e áreas e volumes de corpos xeométricos, e aplicalos á resolución de problemas.

19. Describir, utilizando un vocabulario adecuado, situacións extraídas de contextos comunicativos da realidade sobre o manexo do azar e a estatística.

20. Analizar e interpretar datos estatísticos extraídos de diferentes medios de comunicación.

21. Utilizar diferentes medios de representación estatística en distribucións unidimensionais.

22. Coñecer as distribucións bidimensionais, representalas e valorar a correlación.

23. Resolver problemas de probabilidade simple e composta utilizando adecuadamente a Lei de Laplace, táboas de dobre entrada, diagramas de árbore.

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas. 4º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas		
▪ B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.	▪ B1.1. Expresar verbalmente, de xeito razoado o proceso seguido na resolución dun problema.	▪ MAPB1.1.1. Expresa verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.
▪ B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc. ▪ B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.	▪ B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	▪ MAPB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema). ▪ MAPB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema. ▪ MAPB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas que cumpra resolver, valorando a súa utilidade e a súa eficacia. ▪ MAPB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución de problemas.
▪ B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc. ▪ B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.	▪ B1.3. Describir e analizar situacións de cambio, para atopar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, valorando a súa utilidade para facer predicións.	▪ MAPB1.3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos. ▪ MAPB1.3.2. Utiliza as leis matemáticas atopadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, e valora a súa eficacia e a súa idoneidade.
▪ B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.	▪ B1.4. Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros contextos, etc.	▪ MAPB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución. ▪ MAPB1.4.2. Formúlanse novos problemas, a partir de un resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade.
▪ B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos	▪ B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, resultados e conclusións obtidas	▪ MAPB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido, ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes: alxébrica, gráfica,

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas. 4º de ESO

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.	nos procesos de investigación.	xeométrica e estatístico-probabilística.
▪ B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo.	▪ B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de situacións problemáticas da realidade.	▪ MAPB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.
		▪ MAPB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios.
		▪ MAPB1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas.
		▪ MAPB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.
		▪ MAPB1.6.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.
▪ B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo.	▪ B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.	▪ MAPB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso, obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.
▪ B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo.	▪ B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.	▪ MAPB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).
		▪ MAPB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, esmero e interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.
		▪ MAPB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso.
		▪ MAPB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas, e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.
		▪ MAPB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.
▪ B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	▪ B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.	▪ MAPB1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, e valora as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas. 4º de ESO

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
▪ B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	▪ B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas e aprender diso para situacións similares futuras.	▪ MAPB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e aprende para situacións futuras similares.
▪ B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: Recollida ordenada e a organización de datos. Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos. Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas.	▪ B1.11. Empregar as ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de xeito autónomo, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.	▪ MAPB1.11.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízaas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente. ▪ MAPB1.11.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas. ▪ MAPB1.11.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos. ▪ MAPB1.11.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas. ▪ MAPB1.11.5. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións.
▪ B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: Recollida ordenada e a organización de datos. Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos. Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas.	▪ B1.12. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción.	▪ MAPB1.12.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión. ▪ MAPB1.12.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula. ▪ MAPB1.12.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora. ▪ MAPB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.
—	Bloque 2. Números e álxebra	
▪ B2.1. Recoñecemento de números que non poden expresarse en forma de fracción. Números irracionais. ▪ B2.2. Diferenciación de números racionais e irracionais. Expresión decimal e representación na recta real. ▪ B2.3. Xerarquía das operacións.	▪ B2.1. Coñecer e utilizar os tipos de números e operacións, xunto coas súas propiedades e aproximacións, para resolver problemas relacionados coa vida diaria e outras materias do ámbito educativo, recollendo, transformando e intercambiando	▪ MAPB2.1.1. Recoñece os tipos de números (naturais, enteiros, racionais e irracionais), indica o criterio seguido para a súa identificación, e utilízaos para representar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa. ▪ MAPB2.1.2. Realiza os cálculos con eficacia, mediante cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou ferramentas informáticas, e utiliza a notación máis

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas. 4º de ESO

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
▪ B2.4. Interpretación e utilización dos números reais e as operacións en diferentes contextos, elixindo a notación e precisión máis axeitadas en cada caso. ▪ B2.5. Utilización da calculadora e ferramentas informáticas para realizar operacións con calquera tipo de expresión numérica. Cálculos aproximados. ▪ B2.6. Intervalos. Significado e diferentes formas de expresión. ▪ B2.7. Proporcionalidade directa e inversa. Aplicación á resolución de problemas da vida cotiá. ▪ B2.8. Porcentaxes na economía. Aumentos e diminucións porcentuais. Porcentaxes sucesivas. Interese simple e composto.	información.	axeitada para as operacións de suma, resta, produto, división e potenciación. ▪ MAPB2.1.3. Realiza estimacións e xulga se os resultados obtidos son razoables. ▪ MAPB2.1.4. Utiliza a notación científica para representar e operar (produtos e divisións) con números moi grandes ou moi pequenos. ▪ MAPB2.1.5. Compara, ordena, clasifica e representa os tipos de números reais, intervalos e semirrectas, sobre a recta numérica. ▪ MAPB2.1.6. Aplica porcentaxes á resolución de problemas cotiáns e financieros, e valora o emprego de medios tecnolóxicos cando a complexidade dos datos o requira. ▪ MAPB2.1.7. Resolve problemas da vida cotiá nos que interveñen magnitudes directa e inversamente proporcionais.
▪ B2.9. Polinomios: raíces e factorización. Utilización de identidades notables.	▪ B2.2. Utilizar con destreza a linguaxe alxébrica, as súas operacións e as súas propiedades.	▪ MAPB2.2.1. Exprésase con eficacia, facendo uso da linguaxe alxébrica. ▪ MAPB2.2.2. Realiza operacións de suma, resta, produto e división de polinomios, e utiliza identidades notables. ▪ MAPB2.2.3. Obtén as raíces dun polinomio e factorízao, mediante a aplicación da regra de Ruffini.
▪ B2.10. Resolución de ecuacións e sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas. ▪ B2.11. Resolución de problemas cotiáns mediante ecuacións e sistemas.	▪ B2.3. Representar e analizar situacións e estruturas matemáticas, utilizando ecuacións de distintos tipos para resolver problemas.	▪ MAPB2.3.1. Formula alxebricamente unha situación da vida real mediante ecuacións de primeiro e segundo grao e sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas, resólveas e interpreta o resultado obtido.
— Bloque 3. Xeometría		
▪ B3.1. Figuras semellantes. ▪ B3.2. Teoremas de Tales e Pitágoras. Aplicación da semellanza para a obtención indirecta de medidas. ▪ B3.3. Razón entre lonxitudes, áreas e volumes de figuras e corpos semellantes. ▪ B3.4. Resolución de problemas xeométricos no mundo físico: medida e cálculo de lonxitudes, áreas e volumes de diferentes corpos.	▪ B3.1. Calcular magnitudes efectuando medidas directas e indirectas a partir de situacións reais, empregando os instrumentos, as técnicas ou as fórmulas máis adecuados, e aplicando a unidade de medida máis acorde coa situación descrita.	▪ MAPB3.1.1. Utiliza instrumentos, fórmulas e técnicas apropiados para medir ángulos, lonxitudes, áreas e volumes de corpos e de figuras xeométricas, interpretando as escalas de medidas. ▪ MAPB3.1.2. Emprega as propiedades das figuras e dos corpos (simetrías, descomposición en figuras máis coñecidas, etc.) e aplica o teorema de Tales, para estimar ou calcular medidas indirectas. ▪ MAPB3.1.3. Utiliza as fórmulas para calcular perímetros, áreas e volumes de triángulos, rectángulos, círculos, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas, e aplícaas para resolver problemas xeométricos, asignando as unidades correctas. ▪ MAPB3.1.4. Calcula medidas indirectas de lonxitude, área e volume mediante a aplicación do teorema de Pitágoras e a semellanza de triángulos.

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas. 4º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
▪ B3.4. Resolución de problemas xeométricos no mundo físico: medida e cálculo de lonxitudes, áreas e volumes de diferentes corpos. ▪ B3.5. Uso de aplicacións informáticas de xeometría dinámica que facilite a comprensión de conceptos e propiedades xeométricas.	▪ B3.2. Utilizar aplicacións informáticas de xeometría dinámica, representando corpos xeométricos e comprobando, mediante interacción con ela, propiedades xeométricas.	▪ MAPB3.2.1. Representa e estuda os corpos xeométricos máis relevantes (triángulos, rectángulos, círculos, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas) cunha aplicación informática de xeometría dinámica, e comproba as súas propiedades xeométricas.
— Bloque 4. Funcións		
▪ B4.1. Interpretación dun fenómeno descrito mediante un enunciado, unha táboa, unha gráfica ou unha expresión analítica. ▪ B4.2. Estudo de modelos funcionais: lineal, cuadrático, proporcionalidade inversa e exponencial. Descrición das súas características, usando a linguaxe matemática apropiada. Aplicación en contextos reais. ▪ B4.3. Taxa de variación media como medida da variación dunha función nun intervalo. ▪ B4.4. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e a interpretación de gráficas.	▪ B4.1. Identificar relacións cuantitativas nunha situación, determinar o tipo de función que pode representalas, e aproximar e interpretar a taxa de variación media a partir dunha gráfica, de datos numéricos ou mediante o estudo dos coeficientes da expresión alxébrica.	▪ MAPB4.1.1. Identifica e explica relacións entre magnitudes que se poden describir mediante unha relación funcional, asociando as gráficas coas súas correspondentes expresións alxébricas.
		▪ MAPB4.1.2. Explica e representa graficamente o modelo de relación entre dúas magnitudes para os casos de relación lineal, cuadrática, proporcional inversa e exponencial.
		▪ MAPB4.1.3. Identifica, estima ou calcula elementos característicos destas funcións (cortes cos eixes, intervalos de crecemento e decrecemento, máximos e mínimos, continuidade, simetrías e periodicidade).
		▪ MAPB4.1.4. Expresa razoadamente conclusións sobre un fenómeno, a partir da análise da gráfica que o describe ou dunha táboa de valores.
		▪ MAPB4.1.5. Analiza o crecemento ou o decrecemento dunha función mediante a taxa de variación media, calculada a partir da expresión alxébrica, unha táboa de valores ou da propia gráfica.
		▪ MAPB4.1.6. Interpreta situacións reais que responden a funcións sinxelas: lineais, cuadráticas, de proporcionalidade inversa e exponenciais.
▪ B4.1. Interpretación dun fenómeno descrito mediante un enunciado, unha táboa, unha gráfica ou unha expresión analítica. ▪ B4.2. Estudo de modelos funcionais: lineal, cuadrático, proporcionalidade inversa e exponencial. Descrición das súas características, usando a linguaxe matemática apropiada. Aplicación en contextos reais. ▪ B4.3. Taxa de variación media como medida da variación dunha función nun intervalo. ▪ B4.4. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e a interpretación de gráficas.	▪ B4.2. Analizar información proporcionada a partir de táboas e gráficas que representen relacións funcionais asociadas a situacións reais, obtendo información sobre o seu comportamento, a súa evolución e os posibles resultados finais.	▪ MAPB4.2.1. Interpreta criticamente datos de táboas e gráficos sobre diversas situacións reais.
		▪ MAPB4.2.2. Representa datos mediante táboas e gráficos, utilizando eixes e unidades axeitadas.
		▪ MAPB4.2.3. Describe as características máis importantes que se extraen dunha gráfica e sinala os valores puntuais ou intervalos da variable que as determinan, utilizando tanto lapis e papel como medios informáticos.
		▪ MAPB4.2.4. Relaciona táboas de valores e as súas gráficas correspondentes en casos sinxelos, e xustifica a decisión.
		▪ MAPB4.2.5. Utiliza con destreza elementos tecnolóxicos específicos para debuxar gráficas.
— Bloque 5. Estatística e probabilidade		
▪ B5.1. Análise crítica de táboas e	▪ B5.1. Utilizar o vocabulario axeitado	▪ MAPB5.1.1. Utiliza un vocabulario adecuado para

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas. 4º de ESO

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
gráficas estatísticas nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.). ▪ B5.2. Interpretación, análise e utilidade das medidas de centralización e dispersión. ▪ B5.3. Comparación de distribucións mediante o uso conxunto de medidas de posición e dispersión. ▪ B5.4. Construción e interpretación de diagramas de dispersión. Introdución á correlación. ▪ B5.5. Azar e probabilidade. Frecuencia dun suceso aleatorio. ▪ B5.6. Cálculo de probabilidades mediante a Regra de Laplace. ▪ B5.7. Probabilidade simple e composta. Sucesos dependentes e independentes. Diagrama en árbore. ▪ B5.8. Aplicacións informáticas que faciliten o tratamento de datos estatísticos.	para a descrición de situacións relacionadas co azar e a estatística, analizando e interpretando informacións que aparecen nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.).	describir situacións relacionadas co azar e a estatística. ▪ MAPB5.1.2. Formula e comproba conxecturas sobre os resultados de experimentos aleatorios e simulacións. ▪ MAPB5.1.3. Emprega o vocabulario axeitado para interpretar e comentar táboas de datos, gráficos estatísticos e parámetros estatísticos. ▪ MAPB5.1.4. Interpreta un estudo estatístico a partir de situacións concretas próximas.
▪ B5.1. Análise crítica de táboas e gráficas estatísticas nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.). ▪ B5.2. Interpretación, análise e utilidade das medidas de centralización e dispersión. ▪ B5.3. Comparación de distribucións mediante o uso conxunto de medidas de posición e dispersión. ▪ B5.4. Construción e interpretación de diagramas de dispersión. Introdución á correlación. ▪ B5.8. Aplicacións informáticas que faciliten o tratamento de datos estatísticos.	▪ B5.2. Elaborar e interpretar táboas e gráficos estatísticos, así como os parámetros estatísticos máis usuais, en distribucións unidimensionais, utilizando os medios máis axeitados (lapis e papel, calculadora, folla de cálculo), valorando cualitativamente a representatividade das mostras utilizadas.	▪ MAPB5.2.1. Discrimina se os datos recollidos nun estudo estatístico corresponden a unha variable discreta ou continua. ▪ MAPB5.2.2. Elabora táboas de frecuencias a partir dos datos dun estudo estatístico, con variables discretas e continuas. ▪ MAPB5.2.3. Calcula os parámetros estatísticos (media aritmética, percorrido, desviación típica, cuartís, etc.), en variables discretas e continuas, coa axuda da calculadora ou dunha folla de cálculo. ▪ MAPB5.2.4. Representa graficamente datos estatísticos recollidos en táboas de frecuencias, mediante diagramas de barras e histogramas.
▪ B5.5. Azar e probabilidade. Frecuencia dun suceso aleatorio. ▪ B5.6. Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace. ▪ B5.7.Probabilidade simple e composta. Sucesos dependentes e independentes. Diagrama en árbore.	▪ B5.3. Calcular probabilidades simples e compostas para resolver problemas da vida cotiá, utilizando a regra de Laplace en combinación con técnicas de reconto como os diagramas de árbore e as táboas de continxencia.	▪ MAPB5.3.1. Calcula a probabilidade de sucesos coa regra de Laplace e utiliza, especialmente, diagramas de árbore ou táboas de continxencia para o reconto de casos. ▪ MAPB5.3.2. Calcula a probabilidade de sucesos compostos sinxelos nos que interveñan dúas experiencias aleatorias simultáneas ou consecutivas.

5. TEMPORALIZACIÓN.

1º TRIMESTRE	Unidades 1 - 5 1. Números naturais, enteiros e decimais 2. Números decimais 3. Números reais 4. Problemas aritméticos 5. Expresións alxebraicas
2º TRIMESTRE	Unidades 6 - 9 6. Ecuacions 7. Sistemas de ecuacions 8. Funcións. Características 9. Funcións elementais
3º TRIMESTRE	Unidades 10 - 13 10. Xeometría 11. Estadística 12. Distribucións bidireccionais 13. Probabilidade

6. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR A MATERIA

- Expresar verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema.
- Utilizar procesos de razonamiento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.
- Describir e analizar situacións de cambio, para atopar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, geométricos, funcionales, estatísticos e probabilísticos, valorando a súa utilidade para facer predicciones.
- Profundar en problemas resoltos suscitando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros contextos, etc.
- Elaborar e presentar informes sobre o proceso, os resultados e as conclusións obtidas nos procesos de investigación.
- Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, geométricos, funcionales, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de problemas en situacións problemáticas da realidade.
- Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, evaluando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.
- Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.
- Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.
- Reflexionar sobre as decisións tomadas, aprendendo diso para situacións similares futuras.
- Empregar as ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma autónoma, realizando cálculos numéricos, algebraicos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulaciones ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.
- Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación de modo habitual no proceso de aprendizaxe, buscando, analizando e seleccionando información relevante en Internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións dos mesmos, e compartindo estes en contornas apropiadas para facilitar a interacción
- Coñecer e utilizar os distintos tipos de números e operacións, xunto coas súas propiedades e aproximacións, para resolver problemas relacionados coa vida diaria e outras materias do ámbito académico recollendo, transformando e intercambiando información.
- Utilizar con destreza a linguaxe algebraico, as súas operacións e propiedades.
- Representar e analizar situacións e estruturas matemáticas utilizando ecuacións de distintos tipos para resolver problemas
- Calcular magnitudes efectuando medidas directas e indirectas a partir de

situacións reais, empregando os instrumentos, técnicas ou fórmulas máis adecuadas e aplicando, así mesmo, a unidade de medida máis acorde coa situación descrita.

- Utilizar aplicacións informáticas de xeometría dinámica, representando corpos xeométricos e comprobando, mediante interacción con elas, propiedades xeométricas.
- Identificar relacións cuantitativas nunha situación, determinar o tipo de función que pode representalas, e aproximar e interpretar a taxa de variación media a partir dunha gráfica, de datos numéricos ou mediante o estudo dos coeficientes da expresión alxebraica.
- Analizar información proporcionada a partir de táboas e gráficas que representen relacións funcionais asociadas a situacións reais, obtendo información sobre o seu comportamento, evolución e posibles resultados finais.
- Utilizar o vocabulario adecuado para a descrición de situacións relacionadas co azar e a estatística, analizando e interpretando informacións que aparecen nos medios de comunicación.
- Elaborar e interpretar táboas e gráficos estatísticos, así como os parámetros estatísticos máis usuais, en distribucións unidimensionais, utilizando os medios máis adecuados (lapis e papel, calculadora, folla de cálculo) e valorando cualitativamente a representatividade das mostras utilizadas.
- Calcular probabilidades simples e compostas para resolver problemas da vida cotiá, utilizando a regra de Laplace en combinación con técnicas de reconto como os diagramas de árbore e as táboas de continxencia.

7. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

A avaliación efectuarase mediante a observación sistemática do progreso e evolución do alumno e atendendo sempre ás súas capacidades persoais. Serán procedementos adecuados para isto:

7.1. **Observación sistemática do traballo na aula (10%)**. Neste apartado evalúase o esforzó, a participación e o correcto desenvolvemento das actividades da aula. Ademáis, o longo da avaliación realizaranse distintas Probas de Estudio e de Atención (instrumentos).

7.2. **Revisión dos deberes (10%)**. Neste apartado o profesor revisa ao inicio da sesión se fixeron ou non os deberes.

7.3 **Exames (80%).** En cada avaliación haberá dous ou tres exames incluindo unha ou dúas Unidades Didácticas.

Os instrumentos de avaliación serán os seguintes:

a) Probas de avaliación de contidos. (80%)
b) Rúbricas para a observación sistemática de aula (10%)
c) Rúbricas para avaliar os traballos trimestrais. (10%)

Segundo a ORDE do 25 de xaneiro de 2022 que actualizou a normativa de avaliación nas ensinanzas de Educación Primaria, de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG 11/02/2022) realizarase unha 3ª avaliación parcial en xuño de 2023.
Para a proba final:

- Os alumnos con todas as avaliacións aprobadas poderán subir ata 1 punto como máximo realizando fichas con actividades de maior dificultade na súa resolución, pero con contidos relacionados cos do curso.
- Os alumnos con avaliacións suspensas terán fichas de recuperación para practicar a materia suspensa, ademais da proba escrita (100%).

- O período do 6 ao 20 de xuño dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. A avaliación final realizarase o 21 de xuño de 2022.
- Só se fará media entre as distintas notas obtidas nas probas trimestrais si se acada unha nota mínima de 4 en cada unha delas. Excepcionalmente poderase facer media cunha calificación inferior a 4 e superior a 3 se ésta se produciu no primeiro parcial e a mellora académica é notable de xeito que a nota media resultante é de aprobado.
- Só se considerará superada a materia si se acada unha porcentaxe mínima dun 40% en cada uns dos procedementos de avaliación.
- A proba de avaliación final de xuño suporá o 100% da calificación para os alumnos coas tres avaliacións suspensas e o 100% da correspondente avaliación suspensa para os que teñan só alguna das avaliacións suspensas.

4. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INICIAL.

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso escolar e terá en conta os seguintes aspectos:

- Información do titor ou titora do curso anterior para coñecer as necesidades de aprendizaxe do alumnado, características familiares que poidan incidir na súa aprendizaxe ou calquera outra circunstancia que poida afectar ao seu desenvolvemento.
- A observación do traballo e a conduta na aula.
- A análise das producións realizadas: caderno de clase e resolución de exercicios.
- As preguntas respecto a aprendizaxes básicas necesarias para desenvolver a seguinte fase de aprendizaxe.

Esta avaliación será o punto de referencia para adoptar as medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas.

5. ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES DO CURSO ANTERIOR

A recuperación da materia de matemáticas terá en conta o establecido na programación do curso correspondente no tocante aos criterios de avaliación e os mínimos esixibles para superar a materia.

A recuperación poderá realizarse a través de tres probas:

- A recuperación da 1ª avaliación realizarase no mes de xaneiro.
- A recuperación da 2ª avaliación realizarase no mes de abril.
- A recuperación da 3ª avaliación realizarase no mes de xuño.

Antes da realización destas probas, os alumnos obrigatoriamente terán que entregar unha serie de actividades propostas polo profesor, que realizará un seguimento do traballo que vai realizando o alumno ó longo do curso.

Cada un dos instrumentos empregados para a avaliación valorarase do seguinte xeito:

- Probas parciais: 80%
- Actividades: 20%

6. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais ten que alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais, os obxectivos e as competencias da etapa. Para asegurar un progreso axeitado, estableceranse as seguintes medidas de atención á diversidade:

Medidas ordinarias:
- Reforzo educativo dentro da aula.
- Adaptación dos exames (forma e tempo).

Medidas específicas:
- Adaptacións curriculares.

Á marxe destas medidas, teranse en conta outros aspectos importantes como:

- Estratexias para favorecer a autoestima: felicitacións en público, correccións en privado, ignorar os comportamentos de chamada de atención leves.
- Metodoloxía con actividades variadas, traballo cooperativo e colaboración entre alumnos.
- Organización da aula, por exemplo alumno con dificultades sentado preto da profesora e nun lugar onde haxapoucos elementos distractores.

7. METODOLOXÍA

Os principios metodolóxicos que se seguirán na área son os seguintes:

1. Especial atención á diversidade e utilización de métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e favorezan a capacidade de aprenderen por si mesmos.

2. Metodoloxía activa e participativa, favorecendo o traballo individual e cooperativo do alumnado , o traballo en grupo colaborativo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmellorable para adestrar a competencia comunicativa.

3. Especial atención a adquisición e ao desenvolvemento das competencias clave.

4. Adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión oral e lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación que son, obviamente, extrapolables a outras áreas e contextos de aprendizaxes.

5. Integración e uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula.

6. Desde o coñecemento da diversidade da aula e en resposta ás múltiples intelixencias predominantes no alumnado, o desenvolvemento de actividades desde a teoría das intelixencias múltiples para que todos os alumnos e as alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que se adquiran para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

12. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Material de EDIXGAL.

- Libros de fondo do colexio.

- Recursos fotocopiables que recollen actividades de reforzo e de ampliación; material para o desenvolvemento das competencias; fichas de autoavaliación e a Adaptación curricular.

- Libros dixitais.

- Pizarra dixital.

- Material audiovisual.

- Internet.

-Follas de cálculo

13. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
Avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel do alumnado.		
Identificación dos coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
Revisión dos traballos propostos na aula e fóra dela.		
Información necesaria sobre a resolución de tarefas.		
Corrección e explicación dos traballos e actividades do alumnado.		
Utilización de suficientes criterios de avaliación que atendan a avaliación dos diferentes contidos.		
Proposta de novas actividades para facilitar a adquisición de obxectivos cando estes non foron acadados con suficiencia.		
Proposta de actividades de maior nivel cando os obxectivos foron acadados con suficiencia.		

14. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Traballaránse os seguintes valores:

- Igualdade entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero.
- Responsabilidade ante un consumo responsable.
- Repeto á natureza: deterioro medioambiental, extinción das especies.
- Prevención e resolución pacífica de conflitos (xustiza, igualdade, paz, democracia...).
- Prevención da violencia terrorista e de calquera forma de violencia.
- Prevención do racismo e a xenofobia.
- Desenvolvemento sostible e medio.
- Riscos de explotación e abuso sexual.
- Situacións de risco derivadas da utilización das TIC.
- Protección ante urxencias e catástrofes.
- Espírito emprendedor e iniciativa empresarial.
- Educación e seguridade vial.

14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AOS DISTINTOS PLANS

Accións de contribución ao Plan TIC.

As TIC son unha ferramenta fundamental á hora de practicar o que poderiamos chamar un “traballo autónomo”, motor dunha aprendizaxe duradeira e permanente, que provoca a utilización de habilidades cognitivas e a autonomía do alumnado. O tratamento da información implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e empregar a información dispoñible, contrastándoa cando é preciso. O emprego das TIC centrarase basicamente en:

- Busca e selección de información en diversas páxinas web.
- Utilización de diccionarios, enciclopedias e prensa dixitais.
- Realización de actividades on-line.
- Libros dixitais.
- Utilización de distintos programas de cálculo e representacións gráficas.
- Utilización da aula de informática.
- Utilización da plataforma dixital Esemtia.
- Presentacións de power point.

Accións de contribución ao Plan Lector

Actuacións destinadas ao fomento da lectura para garantir unha progresiva capacitación do alumnado nas competencias básicas e contribuír á súa formación como cidadáns activos e solidarios:

- Lectura diaria na clase de diferentes tipos de textos e enunciados de problemas. A lectura pode ser silenciosa (para logo compartir todas as cuestións que suscite) ou en voz alta (neste caso sempre cuns minutos para unha preparación previa).
- Realización de actividades que favorezan a lectura comprensiva e aplicada á resolución de problemas (activar os coñecementos previos, establecer predicións, formular preguntas, resumir...)
- Traballo co xornal na aula: iranse comentando noticias de actualidade relacionadas coa material: táboas, gráficas e estatísticas.
- Actividades para conmemorar o Día do Libro, a Semana das Letras Galegas e as Xornadas Culturais.

Accións de contribución ao Plan de Convivencia

Aplícase no traballo diario da aula, entre outras cousas ao traballar cooperativamente e respectar ás demais persoas. Relaciónase co Plan de acción titorial.

16. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Serán actividades encamiñadas a reforzar a consecución de obxectivos:

- A visita a exposición e museos de interese.
- Realización de traballos cooperativos referidos a temas relacionados coa materia.
- As actividades de colaboración co Concello e outras institucións para traballar a educación en valores.
- As convivencias lúdicas e festivas dentro e fóra do centro.
- A visita a vilas e cidades para coñecer o noso patrimonio natural, histórico e cultural.

17. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

A avaliación da programación didáctica no seu conxunto farase a través da seguinte ferramenta:

ASPECTOS A AVALIAR	AVALIACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
Temporalización das unidades didácticas		
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos		
Manexo dos contidos da unidade		
Realización de tarefas		
Estratexias metodolóxicas seleccionadas		
Recursos		
Claridade nos criterios de avaliación		
Uso de diversas ferramentas de avaliación		
Atención á diversidade		

MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSINANZAS ACADÉMICAS

4º ESO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Colexio Virxe Milagrosa.

ÍNDICE

1. Introdución e contextualización.
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
3. Obxectivos.
   3.1 Obxectivos xerais de etapa.
   3.2 Obxectivos de área.
4. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.
5. Temporalización.
6. Mínimos esixibles.
7. Procedementos e instrumentos de avaliación.
8. Procedementos para a realización da avaliación inicial.
9. Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
10. Medidas de atención á diversidade.
11. Metodoloxía.
12. Materias e recursos didácticos.
13. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
14. Elementos transversais.
15. Contribución aos distintos plans: Proxecto lector, Plan TIC, Plan de convivencia.
16. Actividades complementarias e extraescolares.
17. Procedementos para avaliar a propia programación.

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

Esta programación vai dirixida á materia de matemáticas. Como se recolle no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia:

A materia de Matemáticas contribúe especialmente ao desenvolvemento da competencia clave matemática e en ciencia e tecnoloxía, recoñecida pola Unión Europea. Esta competencia consiste en formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias e das propias matemáticas. En concreto, abrangue os aspectos e as facetas seguintes: pensar, modelar e razoar de xeito matemático; formular e resolver problemas; representar entidades matemáticas; utilizar os símbolos matemáticos; comunicarse coas matemáticas e sobre elas; e utilizar axudas e ferramentas tecnolóxicas. Por outra banda, o pensamento matemático axuda á adquisición do resto de competencias e contribúe á formación intelectual do alumnado, o que permitirá que se desenvolva mellor tanto no ámbito persoal como no social.

A resolución de problemas e os proxectos de investigación constitúen os eixes fundamentais no proceso de ensino e aprendizaxe das Matemáticas. Unha das capacidades esenciais que se desenvolven coa actividade matemática é a habilidade de formular, propor, interpretar e resolver problemas, xa que lles permite ás persoas o emprego dos procesos cognitivos para abordaren e resolveren situacións interdisciplinais en contextos reais, o que resulta de máximo interese para o desenvolvemento da creatividade e o pensamento lóxico. Neste proceso de resolución e investigación están involucradas moitas outras competencias, ademais da matemática, como é o caso da comunicación lingüística, ao ler de forma comprensiva os enunciados e comunicar os resultados obtidos; o sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua, na medida en que se vai resolvendo o problema; a competencia dixital, ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso, servir de apoio á resolución do problema e á comprobación da solución; a competencia de aprender a aprender, ao proporcionar estratexias de planificación e análise que axudan na resolución de problemas, así como actitudes de curiosidade e hábitos de formularse preguntas; a competencia social e cívica, ao implicar unha actitude aberta ante diferentes solucións; e a competencia en conciencia e expresións culturais, debido á necesidade de coñecer, comprender, apreciar e valorar diferentes manifestacións culturais relacionadas co coñecemento matemático e científico.

O alumnado que curse esta materia afondará no desenvolvemento das habilidades de pensamento matemático; concretamente na capacidade de analizar e investigar, interpretar e comunicar matematicamente diversos fenómenos e problemas en distintos contextos, así como de proporcionar solucións prácticas a estes. Tamén debe valorar as posibilidades de aplicación práctica do coñecemento matemático tanto para o enriquecemento persoal como para a valoración do seu papel no progreso da humanidade.

No desenvolvemento do currículo débese ter en conta o carácter propedéutico da materia correspondente ao cuarto curso de ESO, segundo figura no artigo 12 do Real decreto 1105/2014, que establece o currículo de ESO, que a fai necesaria para ensinanzas postobrigatorias.

É importante que no desenvolvemento do currículo desta materia os coñecementos, as competencias e os valores estean integrados, polo que os estándares de aprendizaxe se formularon tendo en conta a imprescindible relación entre os devanditos elementos. Todo iso xustifica que se organizase en torno aos seguintes bloques para os cursos de terceiro e cuarto de ESO, fortalecendo tanto os aspectos teóricos como as aplicacións prácticas en contextos reais: "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas", "Números e álxebra", "Xeometría", "Funcións" e "Estatística e probabilidade".

O bloque de "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas" é común para toda a ESO e debe desenvolverse de xeito transversal e simultaneamente ao resto de bloques, constituíndo o fío condutor da materia; articúlase sobre procesos básicos e imprescindibles no quefacer matemático: resolución de problemas, proxectos de investigación matemática para realizar de maneira individual ou en grupo, matematización e modelización, actitudes adecuadas para desenvolver o traballo científico, e utilización de medios tecnolóxicos. Incorporáronse a este bloque a maioría das competencias clave e dos temas transversais, o que permite a súa adquisición e o seu desenvolvemento ao longo de toda a materia.

O centro escolar no que se aplicará a Programación Didáctica é un Colexio privado concertado tipificado como dunha liña; posúe tres grupos de Educación Infantil, seis de Educación Primaria e catro da ESO; en total, 13 grupos. En xeral, o nivel socio-económico-cultural do alumnado é medio. A relación entre o centro escolar e os pais/nais é boa; estes teñen interese e están ben informados das actividades que nel se realizan. A Asociación de Nais e Pais de Alumnos (ANPA) colabora nas actividades complementarias e extraescolares, o cal indica unha actitude positiva cara a educación dos nenos/as.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

As matemáticas facilítannos interpretar o mundo que nos rodea, reflicten a capacidade creativa, expresan con precisión conceptos e argumentos, favorecen a competencia para aprender a aprender e conteñen elementos de gran beleza, sen esquecer ademais o carácter instrumental que as matemáticas teñen como base fundamental para a adquisición de novos coñecementos noutras disciplinas, nomeadamente no proceso científico e tecnolóxico, e como forza condutora no desenvolvemento da cultura e das civilizacións.

As matemáticas contribúen especialmente ao desenvolvemento da competencia matemática, recoñecida como clave pola Unión Europea co nome de "Competencia matemática" e "Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía". Esta consiste en formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias e das propias matemáticas. Para lograr isto cómpre analizar a situación, identificar o que é verdadeiramente relevante, establecer relacións, facer a modelización e ser quen de representala e comunicala utilizando diferentes linguaxes e rexistros; formular outros problemas, outras preguntas e, mesmo, atopar outras respostas que aparezan tras a análise, o traballo, a argumentación e a resolución da situación de partida. É necesario utilizar conceptos, propiedades, procedementos e as linguaxes axeitadas para expresar as ideas matemáticas, e resolver os problemas asociados coa situación en cuestión. Estas actividades esixen a argumentación e a análise dos procedementos empregados e as solucións propostas. É dicir, a competencia matemática consiste en adquirir un hábito de pensamento matemático que permita establecer hipóteses e contrastalas, elaborar estratexias de resolución de problemas e axudar na toma de decisións axeitadas, tanto na vida persoal como na súa futura vida profesional.

Na área de Matemáticas incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descriptores máis afines a ela.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)
Esta área posibilita en todos e cada un dos seus aspectos a competencia matemática, a partir do coñecemento dos contidos e a súa variedade de procedementos de cálculo, análise, medida e estimación da realidade que envolve aos alumnos como instrumento imprescindible no desenvolvemento do pensamento dos alumnos e compoñente esencial de comprensión.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

-Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.

- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que ocorre ao noso ao redor e responder a preguntas.
- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.

Comunicación lingüística (CCL)

Para fomentar o seu desenvolvemento desde a área de Matemáticas débese insistir na incorporación do esencial da linguaxe matemática á expresión habitual e a adecuada precisión no seu uso e por outra banda en que os contidos asociados á descrición verbal dos razonamientos e dos procesos.

Para iso, en cada unidade didáctica, adestraremos polo menos un descritor de cada un destes indicadores.

Os descritores que priorizaremos serán:
- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor?

En caso de centros bilingües ou plurilingües que impartan a materia noutra lingua:
-Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

Competencia dixital (DC)

A lectura e creación de gráficas, a organización da información en forma analítica e comparativa, a modelización da realidade, a introdución á linguaxe gráfico e estatístico, o uso de calculadoras e ferramentas tecnolóxicas e outros procesos matemáticos contribúen ao desenvolvemento desta competencia.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:
-Elaborar e publicitar información propia derivada da obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

Conciencia e expresións culturais (CEC)

A achega matemática faise presente en multitude de producións artísticas, así como as súas estratexias e procesos mentais fomentan a conciencia e expresión cultural das sociedades. Igualmente o alumno, mediante o traballo matemático poderá comprender diversas manifestacións artísticas sendo capaz de utilizar os seus coñecementos matemáticos na creación das súas propias obras.

Polo que nesta área, traballaremos os seguintes descritores:
- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica?), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
-Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
-Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

A utilización de estratexias persoais de cálculo e de resolución de problemas facilita aceptar outros puntos de vista, o que é indispensable á hora de realizar un traballo cooperativo e en equipo. Recoñecer e valorar as achegas alleas, enriquece ao alumno.

Para iso adestraremos os seguintes descritores:
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo, e para a resolución de conflitos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
-Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
-Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEE)

As estratexias matemáticas como a resolución de problemas, que inclúen a planificación, a xestión do tempo e dos recursos, a valoración dos resultados e a argumentación para defender o proceso e os resultados, axudan ao desenvolvemento desta competencia. Esta axuda será maior na medida en que se fomente actitudes de confianza e de autonomía na resolución de situacións abertas e problemas relacionados coa realidade concreta que vive o alumno.

Os descritores que adestraremos son:
-Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
-Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
-Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
-Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.

-Atopar posibilidades na contorna que outros non aprecian.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos.
-Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

Aprender a aprender (CAA)

A autonomía na resolución de problemas en Matemáticas, xunto coa verbalización do proceso de resolución axuda á reflexión sobre o apreso, favorecendo esta competencia. Para o desenvolvemento da competencia de aprender a aprender é tamén necesario incidir desde a área nos contidos relacionados coa autonomía, a perseveranza, a sistematización, a mirada crítica e a habilidade para comunicar con eficacia os resultados do propio traballo.

Os descritores que adestraremos cos alumnos serán os seguintes:
- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas?
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Aplicar estratexias para mellóraa do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente?
-Planificar os recursos necesarios e os pasos que se han de realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

3.OBXECTIVOS

3.1 OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos ea igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera

outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3.2 OBXECTIVOS DA ÁREA DE MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSINANZAS ACADÉMICAS.

1. Identificar e expresar os pasos para a resolución de diferentes tipoloxías de problemas.
2. Coñecer e utilizar diferentes estratexias para a resolución de problemas.
3. Analizar e describir distintas situacións para poder facer predicións.
4. Partir de problemas resoltos e profundar en diferentes cuestións, contextos próximos ao alumno.
5. Coñecer, identificar e desenvolver procesos de matematización na realidade cotiá do alumno.
6. Identificar, cultivar e desenvolver as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.
7. Identificar os bloqueos emocionais ante os problemas atopados.
8. Tomar decisións sobre situacións que acontecen na vida cotiá do alumno.
9. Coñecer e utilizar as ferramentas tecnolóxicas para realizar cálculos diferentes.
10. Empregar as Tecnoloxías da Información e Comunicación no seu proceso de aprendizaxe desde unha análise e procura de información adecuados para facilitar a interacción.
11. Utilizar as propiedades dos números racionais en operacións a través do cálculo adecuado na resolución de problemas.
12. Manexar expresións simbólicas en situacións numéricas ante casos sinxelos que inclúan patróns recursivos.
13. Coñecer e empregar a linguaxe alxebraico para expresar enunciados sacando a información relevante e transformándoa.
14. Resolver problemas do día a día a través de formulacións de ecuacións de primeiro e segundo grado, e sistemas de dous ecuacións lineais con dúas incógnitas.
15. Identificar e describir as características das figuras planas e os corpos xeométricos elementais coas súas configuracións xeométricas.
16. Coñecer e utilizar o teorema de Tales, as fórmulas para realizar medidas indirectas de elementos inaccesibles obtendo as medidas de lonxitudes, áreas e volumes dos corpos tomados do contexto real.
17. Facer cálculos das dimensións reais de figuras dadas en mapas ou planos coñecendo a escala.
18. Identificar as transformacións dunha figura a outra mediante movemento no plano, analizando deseños cotiáns, obras de arte e configuracións da natureza.

19. Identificar centros, eixes e planos de simetría de figuras planas e de poliedros.
20. Coñecer o sentido das coordenadas xeográficas e a súa aplicación na localización de puntos.
21. Identificar os elementos do estudo das funcións e a súa representación gráfica.
22. Identificar e recoñecer situacións de relación funcional da vida cotiá que se describen mediante funcións cuadráticas e calcular as súas parámetros e características.
23. Realizar informacións estatísticas con datos a través de táboas e gráficas adecuadas con conclusións que representan á poboación estudada.
24. Facer cálculos sobre os parámetros de posición e dispersión dunha variable estatística para resumir datos e facer comparacións.
25. Facer unha análise sobre a información estatística que aparece nos medios de comunicación desde a súa representatividade e fiabilidade.
26. Facer estimacións a partir de posibles sucesos asociados a experimentos sinxelos calculando a súa probabilidade a partir da súa frecuencia relativa, a regra de Laplace ou os diagramas de árbore.

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE

	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas			
f h	B1.1. Planificación do proceso de resolución de problemas.	B1.1. Expresar verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema.	MACB1.1.1. Expresa verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	CCL CMCCT
e f h	B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc. B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das	B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MACB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).	CMCCT
			MACB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.	CMCCT
			MACB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas	CMCCT

	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.		que cumpra resolver, valorando a súa utilidade e a súa eficacia.	
			MACB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución de problemas.	CMCCT CAA
b e f g h	B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc. B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.	B1.3. Describir e analizar situacións de cambio, para atopar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, valorando a súa utilidade para facer predicións.	MACB1.3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos.	CMCCT
			MACB1.3.2. Utiliza as leis matemáticas atopadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, e valora a súa eficacia e a súa idoneidade.	CMCCT
b e f	B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.	B1.4. Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros contextos, etc.	MACB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución.	CMCCT
			MACB1.4.2. Formúlase novos problemas, a partir de un resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade.	CMCCT CAA
f h	B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos,	B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, resultados e conclusións obtidas nos procesos de	MACB1.5.1. Expón e defende o proceso seguido ademais das conclusións obtidas, utilizando as linguaxes	CCL CMCCT

	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.	investigación.	alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística.	
a b c d e f g	B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo.	B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de problemas en situacións problemáticas da realidade.	MACB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.	CMCCT CSC
			MACB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios.	CMCCT CSIEE
			MACB1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas.	CMCCT
			MACB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.	CMCCT
			MACB1.6.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.	CMCCT
e f g	B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo.	B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.	MACB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.	CMCCT CAA CSC
a b c d e f g	B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo.	B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.	MACB1.8.1. Desenvolve actitudes adecuadas para o traballo en matemáticas (esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).	CMCCT CSC CSIEE
			MACB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e	CMCCT

	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
l m n ñ o			problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.	
			MACB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso.	CMCCT
			MACB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas, e procurar respostas adecuadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.	CMCCT CAA CCEC
			MACB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.	CSC CSIEE
b g	B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes adecuadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.	MACB1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, e valora as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.	CMCCT CSIEE
b g	B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes adecuadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas e aprender diso para situacións similares futuras.	MACB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e aprende para situacións futuras similares.	CMCCT CAA
b e f g	B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: Recollida ordenada e a organización de datos. Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou	B1.11. Empregar as ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de xeito autónomo, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.	MACB1.11.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízaas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.	CMCCT CD
			MACB1.11.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa	CMCCT

	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	estatístico. Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos. Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas.		sobre elas.	
			MACB1.11.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos.	CMCCT
			MACB1.11.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas.	CMCCT
			MACB1.11.5. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estatísticas, extraer informacións e elaborar conclusións.	CMCCT
a b f g e	B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: Recollida ordenada e a organización de datos. Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos. Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas.	B1.12. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción.	MACB1.12.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión.	CCL CD
			MACB1.12.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.	CCL
			MACB1.12.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles de seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora.	CD CAA
			MACB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ficheiros e tarefas.	CD CSC CSIEE
	Bloque 2. Números e álxebra			

	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
f l	B2.1. Recoñecemento de números que non poden expresarse en forma de fracción. Números irracionais. B2.2. Representación de números na recta real. Intervalos.	B2.1. Coñecer os tipos de números e interpretar o significado dalgunhas das súas propiedades máis características (divisibilidade, paridade, infinitude, proximidade, etc.).	MACB2.1.1. Recoñece os tipos de números reais (naturais, enteiros, racionais e irracionais), indicando o criterio seguido, e utilízaos para representar e interpretar axeitadamente información cuantitativa.	CMCCT
			MACB2.1.2. Aplica propiedades características dos números ao utilizalos en contextos de resolución de problemas.	CMCCT
b f	B2.2. Representación de números na recta real. Intervalos. B2.3. Interpretación e utilización dos números reais, as operacións e as propiedades características en diferentes contextos, elixindo a notación e a precisión máis axeitadas en cada caso. B2.4. Potencias de expoñente enteiro ou fraccionario e radicais sinxelos. Relación entre potencias e radicais. B2.5. Operacións e propiedades das potencias e dos radicais. B2.6. Xerarquía de operacións. B2.7. Cálculo con porcentaxes. Xuro simple e composto. B2.8. Logaritmos: definición e propiedades. B2.9. Manipulación de expresións alxébricas. Utilización de igualdades notables.	B2.2. Utilizar os tipos de números e operacións, xunto coas súas propiedades, para recoller, transformar e intercambiar información, e resolver problemas relacionados coa vida diaria e con outras materias do ámbito educativo.	MACB2.2.1. Opera con eficacia empregando cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou programas informáticos, e utilizando a notación máis axeitada.	CMCCT
			MACB2.2.2. Realiza estimacións correctamente e xulga se os resultados obtidos son razoables.	CMCCT
			MACB2.2.3. Establece as relacións entre radicais e potencias, opera aplicando as propiedades necesarias e resolve problemas contextualizados.	CMCCT
			MACB2.2.4. Aplica porcentaxes á resolución de problemas cotiáns e financeiros, e valora o emprego de medios tecnolóxicos cando a complexidade dos datos o requira.	CMCCT
			MACB2.2.5. Calcula logaritmos sinxelos a partir da súa definición ou mediante a aplicación das súas propiedades, e resolve problemas sinxelos.	CMCCT
			MACB2.2.6. Compara, ordena, clasifica e representa distintos tipos de números sobre a recta numérica utilizando diversas escalas.	CMCCT
			MACB2.2.7. Resolve problemas que requiran propiedades e conceptos	CMCCT

	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			específicos dos números.	
b f	B2.10. Polinomios. Raíces e factorización. B2.11. Ecuacións de grao superior a dous. B2.12. Fraccións alxébricas. Simplificación e operacións.	B2.3. Construír e interpretar expresións alxébricas, utilizando con destreza a linguaxe alxébrica, as súas operacións e as súas propiedades.	MACB2.3.1. Exprésase con eficacia facendo uso da linguaxe alxébrica.	CMCCT
			MACB2.3.2. Obtén as raíces dun polinomio e factorízao utilizando a regra de Ruffini, ou outro método máis axeitado.	CMCCT
			MACB2.3.3. Realiza operacións con polinomios, igualdades notables e fraccións alxébricas sinxelas.	CMCCT
			MACB2.3.4. Fai uso da descomposición factorial para a resolución de ecuacións de grao superior a dous.	CMCCT
f g	B2.13. Resolución de problemas cotiáns e doutras áreas de coñecemento mediante ecuacións e sistemas. B2.14. Inecuacións de primeiro e segundo grao. Interpretación gráfica. Resolución de problemas.	B2.4. Representar e analizar situacións e relacións matemáticas utilizando inecuacións, ecuacións e sistemas para resolver problemas matemáticos e de contextos reais.	MACB2.4.1. Formula alxebricamente as restricións indicadas nunha situación da vida real, estúdao e resolve, mediante inecuacións, ecuacións ou sistemas, e interpreta os resultados obtidos.	CMCCT
	Bloque 3. Xeometría			
f l	B3.1. Medidas de ángulos no sistema sesaxesimal e en radiáns. B3.2. Razóns trigonométricas. Relacións entre elas. Relacións métricas nos triángulos.	B3.1. Utilizar as unidades angulares dos sistemas métrico sesaxesimal e internacional, así como as relacións e as razóns da trigonometría elemental, para resolver problemas trigonométricos en contextos reais.	MACB3.1.1. Utiliza conceptos e relacións da trigonometría básica para resolver problemas empregando medios tecnolóxicos, de ser preciso, para realizar os cálculos.	CMCCT
b e f	B3.3. Aplicación dos coñecementos xeométricos á resolución de problemas métricos no mundo físico: medida de lonxitudes, áreas e volumes. B3.2. Razóns trigonométricas. Relacións entre elas. Relacións métricas nos triángulos.	B3.2. Calcular magnitudes efectuando medidas directas e indirectas a partir de situacións reais, empregando os instrumentos, as técnicas ou as fórmulas máis adecuadas, e aplicando as unidades de medida.	MACB3.2.1. Utiliza as ferramentas tecnolóxicas, as estratexias e as fórmulas apropiadas para calcular ángulos, lonxitudes, áreas e volumes de corpos e figuras xeométricas.	CMCCT CD
			MACB3.2.2. Resolve triángulos utilizando as razóns trigonométricas e as súas relacións.	CMCCT
			MACB3.2.3. Utiliza as fórmulas para calcular	CMCCT

	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			áreas e volumes de triángulos, cuadriláteros, círculos, paralelepípedos, pirámides, cilindros, conos e esferas, e aplícaas para resolver problemas xeométricos, asignando as unidades apropiadas.	
e f	B3.4. Iniciación á xeometría analítica no plano: coordenadas. Vectores. Ecuacións da recta. Paralelismo; perpendicularidade. B3.5. Semellanza. Figuras semellantes. Razón entre lonxitudes, áreas e volumes de corpos semellantes. B3.6. Aplicacións informáticas de xeometría dinámica que facilite a comprensión de conceptos e propiedades xeométricas.	B3.3. Coñecer e utilizar os conceptos e os procedementos básicos da xeometría analítica plana para representar, describir e analizar formas e configuracións xeométricas sinxelas.	MACB3.3.1. Establece correspondencias analíticas entre as coordenadas de puntos e vectores.	CMCCT
			MACB3.3.2. Calcula a distancia entre dous puntos e o módulo dun vector.	CMCCT
			MACB3.3.3. Coñece o significado de pendente dunha recta e diferentes formas de calculala.	CMCCT
			MACB3.3.4. Calcula a ecuación dunha recta de varias formas, en función dos datos coñecidos	CMCCT
			MACB3.3.5. Recoñece distintas expresións da ecuación dunha recta e utilízaas no estudo analítico das condicións de incidencia, paralelismo e perpendicularidade.	CMCCT
			MACB3.3.6. Utiliza recursos tecnolóxicos interactivos para crear figuras xeométricas e observar as súas propiedades e as súas características.	CMCCT CD
	Bloque 4. Funcións			
a f g	B4.1. Interpretación dun fenómeno descrito mediante un enunciado, unha táboa, unha gráfica ou unha expresión analítica. Análise de resultados. B4.2. Funcións elementais (lineal, cuadrática, proporcionalidade inversa, exponencial e logarítmica, e definidas en anacos): características e parámetros. B4.3. Taxa de variación media	B4.1. Identificar relacións cuantitativas nunha situación, determinar o tipo de función que pode representalas, e aproximar e interpretar a taxa de variación media a partir dunha gráfica ou de datos numéricos, ou mediante o estudo dos coeficientes da expresión alxébrica.	MACB4.1.1. Identifica e explica relacións entre magnitudes que poden ser descritas mediante unha relación funcional, e asocia as gráficas coas súas correspondentes expresións alxébricas.	CMCCT
			MACB4.1.2. Explica e representa graficamente o modelo de relación entre dúas magnitudes para os casos de relación lineal, cuadrática, proporcionalidade inversa,	CMCCT

	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	como medida da variación dunha función nun intervalo. B4.4. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e a interpretación de gráficas.		exponencial e logarítmica, empregando medios tecnolóxicos, de ser preciso.	
			MACB4.1.3. Identifica, estima ou calcula parámetros característicos de funcións elementais.	CMCCT
			MACB4.1.4. Expresa razoadamente conclusións sobre un fenómeno a partir do comportamento dunha gráfica ou dos valores dunha táboa.	CMCCT
			MACB4.1.5. Analiza o crecemento ou decrecemento dunha función mediante a taxa de variación media calculada a partir da expresión alxébrica, unha táboa de valores ou da propia gráfica.	CMCCT
			MACB4.1.6. Interpreta situacións reais que responden a funcións sinxelas: lineais, cuadráticas, de proporcionalidade inversa, definidas a anacos e exponenciais e logarítmicas.	CMCCT
a f g	B4.3. Recoñecemento doutros modelos funcionais: aplicacións a contextos e situacións reais. B4.4. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e interpretación de gráficas.	B4.2. Analizar información proporcionada a partir de táboas e gráficas que representen relacións funcionais asociadas a situacións reais obtendo información sobre o seu comportamento, a evolución e os posibles resultados finais.	MACB4.2.1. Interpreta criticamente datos de táboas e gráficos sobre diversas situacións reais.	CMCCT
			MACB4.2.2. Representa datos mediante táboas e gráficos utilizando eixes e unidades axeitadas.	CMCCT
			MACB4.2.3. Describe as características máis importantes que se extraen dunha gráfica sinalando os valores puntuais ou intervalos da variable que as determinan utilizando tanto lapis e papel como medios tecnolóxicos.	CMCCT
			MACB4.2.4. Relaciona distintas táboas de valores, e as súas gráficas correspondentes.	CMCCT

	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 5. Estatística e probabilidade			
b f g	B5.1. Introdución á combinatoria: combinacións, variacións e permutacións. B5.2. Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace e outras técnicas de reconto.	B5.1. Resolver situacións e problemas da vida cotiá aplicando os conceptos do cálculo de probabilidades e técnicas de reconto axeitadas.	MACB5.1.1. Aplica en problemas contextualizados os conceptos de variación, permutación e combinación.	CMCCT
			MACB5.1.2. Identifica e describe situacións e fenómenos de carácter aleatorio, utilizando a terminoloxía axeitada para describir sucesos.	CMCCT
			MACB5.1.3. Aplica técnicas de cálculo de probabilidades na resolución de situacións e problemas da vida cotiá.	CMCCT
			MACB5.1.4. Formula e comproba conxecturas sobre os resultados de experimentos aleatorios e simulacións.	CMCCT
			MACB5.1.6. Interpreta un estudo estatístico a partir de situacións concretas próximas.	CCEC
b e f	B5.2. Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace e outras técnicas de reconto. B5.3. Probabilidade simple e composta. Sucesos dependentes e independentes. B5.4. Experiencias aleatorias compostas. Utilización de táboas de continxencia e diagramas de árbore para a asignación de probabilidades. B5.5. Probabilidade condicionada.	B5.2. Calcular probabilidades simples ou compostas aplicando a regra de Laplace, os diagramas de árbore, as táboas de continxencia ou outras técnicas combinatorias.	MACB5.2.1. Aplica a regra de Laplace e utiliza estratexias de reconto sinxelas e técnicas combinatorias.	CMCCT
			MACB5.2.2. Calcula a probabilidade de sucesos compostos sinxelos utilizando, especialmente, os diagramas de árbore ou as táboas de continxencia.	CMCCT
			MACB5.2.3. Resolve problemas sinxelos asociados á probabilidade condicionada.	CMCCT
			MACB5.2.4. Analiza matematicamente algún xogo de azar sinxelo, comprendendo as súas regras e calculando as probabilidades adecuadas.	CMCCT
			MACB5.3.1. Utiliza un vocabulario adecuado para describir, cuantificar e analizar situacións	CCL

	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			relacionadas co azar.	
e f g h	B5.6. Utilización do vocabulario adecuado para describir e cuantificar situacións relacionadas co azar e a estatística.	B5.3. Utilizar o vocabulario axeitado para a descrición de situacións relacionadas co azar e a estatística, analizando e interpretando informacións que aparecen nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.).	MACB5.4.1. Interpreta criticamente datos de táboas e gráficos estatísticos.	CSIEE
b e f	B5.7. Identificación das fases e as tarefas dun estudo estatístico. B5.8. Gráficas estatísticas: tipos de gráficas. Análise crítica de táboas e gráficas estatísticas nos medios de comunicación e en fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.). Detección de falacias. B5.9. Medidas de centralización e dispersión: interpretación, análise e utilización. B5.10. Comparación de distribucións mediante o uso conxunto de medidas de posición e dispersión. B5.11. Construción e interpretación de diagramas de dispersión. Introdución á correlación. B5.12. Aplicacións informáticas que faciliten o tratamento de datos estatísticos.	B5.4. Elaborar e interpretar táboas e gráficos estatísticos, así como os parámetros estatísticos máis usuais, en distribucións unidimensionais e bidimensionais, utilizando os medios máis axeitados (lapis e papel, calculadora ou computador), e valorando cualitativamente a representatividade das mostras utilizadas.	MACB5.4.2. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estatísticas, para extraer informacións e elaborar conclusións.	CMCCT
			MACB5.4.3. Calcula e interpreta os parámetros estatísticos dunha distribución de datos utilizando os medios máis axeitados (lapis e papel, calculadora ou computador).	CMCCT
			MACB5.4.4. Selecciona unha mostra aleatoria e valora a representatividade de mostras pequenas.	CMCCT
			MACB5.4.5. Representa diagramas de dispersión e interpreta a relación entre as variables.	CMCCT

5. TEMPORALIZACIÓN.

1º TRIMESTRE	Unidades 1-2-3-4 1. Números reais. 2. Polinomios e fraccións alxebraicas. 3.Ecuacións, inecuacións e sistemas. 4. Funcións. Características.
2º TRIMESTRE	Unidades 5-6-7-8 6.. Funcións elementais. 6. Semellanza. Aplicacións. 7. Trigonometría. 8. Xeometría analítica.
3º TRIMESTRE	Unidades 9-10-11-12 9. Xeometría analítica. 10. Distribucións bidimensionais. 11. Combinatoria. 12. Cálculo de probabilidades.

6. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR A MATERIA

Coñecer e utilizar diferentes estratexias para a resolución de problemas.

Coñecer, identificar e desenvolver procesos de matematización na realidade cotiá do alumno.

Resolver problemas do día a día a través de formulacións de ecuacións de primeiro e segundo grado, e sistemas de dous ecuacións con dúas incógnitas. Expresar radicais en forma exponencial.

Coñecer e aplicar as propiedades dos radicais.

Resolver ecuacións de diversos tipos.

Plantexar e resolver problemas mediante ecuacións.

Resolver sistemas de dúas ecuacións.

Plantexar e resolver problemas mediante sistemas de ecuacións.

Resolver sistemas de inecuacións.

Efectuar operacións con monomios e polinomios.

Coñecer e utilizar a regra de Ruffini.

Descompoñer polinomios. Calcular MCD e mcm.

Aplicar relacións trigonométricas e as fórmulas de seno e coseno para o cálculo de distancias e ángulos en situacións reais.

Resolver triángulos calesqueira.

Manexar con soltura as funcións, representándoas, interpretándoas e aplicándoas en contextos variados.

Coñecer os logaritmos e as súas propiedades.

Aplicar un ou máis movementos a unha figura xeométrica.

Coñecer as características e propiedades dos distintos movementos e aplicalas á resolución de problemas.

Descubrir posicións relativas de puntos, rectas e planos.

Identificar elementos característicos dos poliedros e as suas propiedades.

Resolver problemas xeométricos.

Calcular probabilidades.

Asignar probabilidades aos sucesos. Aplicar la Lei de Laplace.

Distinguir situacións problemáticas susceptibles de ser resoltas por medio de variacións, de permutacións ou de combinacións.

Facer cálculos sobre os parámetros de posición e dispersión dunha variable estatística para resumir datos e facer comparacións.

Facer estimacións a partir de posibles sucesos asociados a experimentos sinxelos calculando a súa probabilidade a partir da súa frecuencia relativa, a regra de Laplace ou os diagramas de árbore.

7. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

A avaliación efectuarase mediante a observación sistemática do progreso e evolución do alumno e atendendo sempre ás súas capacidades persoais. Serán instrumentos adecuados para isto:

a) As probas de avaliación de contidos. (80%)
b) A realización de tarefas, esforzo e actitude. (20%)
c) Os exames de avaliación final (convocatoria de xuño e setembro). (100 %)

- Só se fará media entre as distintas notas obtidas nas probas trimestrais si se acada unha nota mínima de 4 en cada unha delas. Excepcionalmente poderase facer media cunha calificación inferior a 4 e superior a 3 se ésta se produciu no primeiro parcial e a mellora académica é notable de xeito que a nota media resultante é de aprobado.
- Só se considerará superada a materia si se acada unha porcentaxe mínima dun 40% en cada uns dos procedementos de avaliación.

- Os exames de avaliación final de xuño suporán o 100% da calificación para os alumnos coas tres avaliacións suspensas e o 100% da correspondente avaliación suspensa para os que teñan só algunha das avaliacións suspensas.
- Os alumnos que teñan as tres avaliacións trimestrais aprobadas poderán ver modificada a súa calificación nunha porcentaxe dun 25% si se realiza unha proba final da materia en función do resultado desa proba.
- Os exames de setembro sempre suporán o 100% da calificación desa convocatoria.

8. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INICIAL.

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso escolar e terá en conta os seguintes aspectos:

- Información do titor ou titora do curso anterior para coñecer as necesidades de aprendizaxe do alumnado, características familiares que poidan incidir na súa aprendizaxe ou calquera outra circunstancia que poida afectar ao seu desenvolvemento.
- A observación do traballo e a conduta na aula.
- A análise das producións realizadas: caderno de clase e resolución de exercicios.
- As preguntas respecto a aprendizaxes básicas necesarias para desenvolver a seguinte fase de aprendizaxe.

Esta avaliación será o punto de referencia para adoptar as medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas.

9. ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES DO CURSO ANTERIOR

A recuperación da materia de matemáticas terá en conta o establecido na programación do curso correspondente no tocante aos criterios de avaliación e os mínimos esixibles para superar a materia.

A recuperación poderá realizarse a través de dúas probas parciais:

- O 1º parcial realizarase no mes de xaneiro.
- O 2º parcial realizarase no mes de abril.

Antes da realización destas probas, os alumnos obrigatoriamente terán que entregar unha serie de actividades propostas polo profesor.

Cada un dos instrumentos empregados para a avaliación valorarase do seguinte xeito:

- Proba parcial: 80%
- Actividades: 20%

Para todo o alumnado que opte por non acollerse a este plan de traballo ou que non alcance unha cualificación de Suficiente nalgún dos parciais convocarase unha proba de avaliación global durante o mes de maio.

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais ten que alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais, os obxectivos e as competencias da etapa. Para asegurar un progreso axeitado, estableceranse as seguintes medidas de atención á diversidade:

Medidas ordinarias:

- Adaptación do currículo da ESO.
- Reforzo educativo dentro da aula.
- Adaptación dos exames (contidos e tempo).

Medidas específicas:

- Adaptacións curriculares.

Á marxe destas medidas, teranse en conta outros aspectos importantes:

- Estratexias para favorecer a autoestima: felicitacións en público, correccións en privado, ignorar os comportamentos de chamada de atención leves.
- Metodoloxía con actividades variadas, traballo cooperativo e colaboración entre alumnos.
- Organización da aula: sentado preto da profesora e nun lugar onde haxa poucos elementos distractores.

11. METODOLOXÍA

Os principios metodolóxicos que se seguirán na área son os seguintes:

1. Especial atención á diversidade e utilización de métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e favorezan a capacidade de aprenderen por si mesmos.

2. Metodoloxía activa e participativa, favorecendo o traballo individual e cooperativo do alumnado , o traballo en grupo colaborativo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmellorable para adestrar a competencia comunicativa.

3. Especial atención a adquisición e ao desenvolvemento das competencias clave.

4. Adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión oral e lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación que son, obviamente, extrapolables a outras áreas e contextos de aprendizaxes.

5. Integración e uso das tecnoloxías da información e da comunicación an aula.

6. Desde o coñecemento da diversidade da aula e en resposta ás múltiples intelixencias predominantes no alumnado, o desenvolvemento de actividades desde a teoría das intelixencias múltiples para que todos os alumnos e as alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que se adquiran para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

12. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Ordenador e material E-Dixgal.
- Recursos fotocopiables que recollen actividades de reforzo e de ampliación; material para o desenvolvemento das competencias; fichas de autoavaliación e a Adaptación curricular.
- Libros dixitais.
- Pizarra dixital.
- Material audiovisual.
- Internet.
- Follas de cálculo.
- Presentacións PowerPoint.

13. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
Avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel do alumnado.		
Identificación dos coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
Revisión dos traballos propostos na aula e fóra dela.		
Información necesaria sobre a resolución de tarefas.		
Corrección e explicación dos traballos e actividades do alumnado.		
Utilización de suficientes criterios de avaliación que atendan a avaliación dos diferentes contidos.		
Proposta de novas actividades para facilitar a adquisición de obxectivos cando estes non foron acadados con suficiencia.		

Proposta de actividades de maior nivel cando os obxectivos foron acadados con suficiencia.		

14. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Traballaranse os seguintes valores:

- Igualdade entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero.
- Responsabilidade ante un consumo responsable.
- Respeto á natureza: deterioro medioambiental, extinción das especies.
- Prevención e resolución pacífica de conflitos (xustiza, igualdade, paz, democracia...).
- Prevención da violencia terrorista e de calquera forma de violencia.
- Prevención do racismo e a xenofobia.
- Desenvolvemento sostible e medio.
- Riscos de explotación e abuso sexual.
- Situacións de risco derivadas da utilización das TIC.
- Protección ante urxencias e catástrofes.
- Espírito emprendedor e iniciativa empresarial.
- Educación e seguridade vial.

15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AOS DISTINTOS PLANS

Accións de contribución ao Plan TIC.

As TIC son unha ferramenta fundamental á hora de practicar o que poderiamos chamar un “traballo autónomo”, motor dunha aprendizaxe duradeira e permanente, que provoca a utilización de habilidades cognitivas e a autonomía do alumnado. O tratamento da información implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e empregar a información dispoñible, contrastándoa cando é preciso. O emprego das TIC centrarase basicamente en:

- Busca e selección de información en diversas páxinas web.
- Utilización de diccionarios, enciclopedias e prensa dixitais.
- Realización de actividades on-line.
- Libros dixitais.
- Utilización de distintos programas de cálculo e representacións gráficas.
- Utilización da aula de informática.
- Utilización da plataforma dixital Esemtia.
- Presentacións de PowerPoint .

- Utilización de material sonoro (gravacións de recitais de poesía).

Accións de contribución ao Plan Lector

Actuacións destinadas ao fomento da lectura para garantir unha progresiva capacitación do alumnado nas competencias básicas e contribuír á súa formación como cidadáns activos e solidarios:

- Lectura diaria na clase de diferentes tipos de textos e enunciados de problemas. A lectura pode ser silenciosa (para logo compartir todas as cuestións que suscite) ou en voz alta (neste caso sempre cuns minutos para unha preparación previa).
- Realización de actividades que favorezan a lectura comprensiva e aplicada á resolución de problemas (activar os coñecementos previos, establecer predicións, formular preguntas, resumir...)
- Traballo co xornal na aula: iranse comentando noticias de actualidade relacionadas coa materia (táboas, gráficas, estatísticas, ...)
- Actividades para conmemorar o Día do Libro, a Semana das Letras Galegas e as Xornadas Culturais.

Accións de contribución ao Plan de Convivencia

Aplícase no traballo diario da aula, entre outras cousas ao traballar cooperativamente e respectar ás demais persoas. Relaciónase co Plan de acción titorial.

16. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Serán actividades encamiñadas a reforzar a consecución de obxectivos:

- A visita a exposición e museos de interese.
- Realización de traballos cooperativos referidos a temas relacionados coa materia.
- As actividades de colaboración co Concello e outras institucións para traballar a educación en valores.
- As convivencias lúdicas e festivas dentro e fóra do centro.
- A visita a vilas e cidades para coñecer o noso patrimonio natural, histórico e cultural.

17. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

A avaliación da programación didáctica no seu conxunto farase a través da seguinte ferramenta:

ASPECTOS A AVALIAR	AVALIACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
Temporalización das unidades didácticas		
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos		
Manexo dos contidos da unidade		
Realización de tarefas		
Estratexias metodolóxicas seleccionadas		
Recursos		
Claridade nos criterios de avaliación		
Uso de diversas ferramentas de avaliación		
Atención á diversidade		

FUNDACIÓN EDUCERE - C.P.R. PLURILINGÜE VIRXE MILAGROSA
Rúa Pazos Fontenla, 55 – 36930 BUEU
cpr.virgen.milagrosa.bueu@edu.xunta.es
www.colexiovirxemilagrosa.es

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

RELIXIÓN CATÓLICA

4º ESO

CURSO: 2O22-2023

COLEXIO VIRXE MILAGROSA

BUEU

PROFESORA: NURIA LESMES HERMO

1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN 2

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS 3

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA 4º DA ESO 5

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTANDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE: 6

5. CONCRECCIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA 10

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS 12

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO 13

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE 14

9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES 15

10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS 15

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE 15

12. ELEMENTOS TRANSVERSAIS 16

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POR CADA DEPARTAMENTO DIDÁCTICO 17

14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA. 17

15. APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR 18

1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para Mellora da Calidade Educativa, LOMCE, no artigo 6.1, define o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada un dos ensinos.

O contido do currículo de Relixión Católica parte da experiencia humana e desenvólvese de xeito respectuoso coas etapas do desenvolvemento infantil e adolescente, colaborando, neste sentido, coas aprendizaxes instrumentais e transversais propios de cada etapa educativa.

A relixión é un feito presente innegablemente na humanidade e na nosa sociedade, por iso a necesidade dun estudo sistemático para comprender a nosa historia e cultura galegas que están conformadas por crenzas, símbolos e valores do cristianismo. O ensino da relixión católica na escola responde á necesidade de respectar e ter en conta o conxunto de valores nos que a persoa naceu e que se denomina tradición.

Así, o currículo de Relixión Católica contribúe á educación integral do estudante nesa necesidade pois responde á dimensión relixiosa de todo ser humano e, á vez, introdúceo na realidade á luz dunha hipótese ofrecida por unha historia e unha tradición. Deste xeito, é promovido o recoñecemento dun sentido da existencia dun xeito coherente co propio desenvolvemento psicolóxico e evolutivo do alumnado.

A liberdade relixiosa de persoas e pobos é recoñecida pola Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948. Asemade a Constitución Española non só recoñece a liberdade relixiosa senón tamén garante "dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas convicciónns" no artigo 27.3. Un dereito que tamén forma parte de tratados internacionais recoñecidos por España como o Pacto Internacional de Dereitos Económicos Sociais e Culturais no seu artigo 13.3 e a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, artigo 14.3, entre outros.

O Acordo Internacional que subscribiu o Estado Español coa Santa Sé sobre Ensino e Asuntos Sociais, asinado o 3 de xaneiro de 1979, outorga (art. 6) a competencia para elaborar o currículo da materia de Relixión e Moral Católica á xerarquía eclesiástica. Esta programación é desenvolvida, consecuentemente, segundo as orientacións da Comisión Episcopal correspondente que dispuxo catro bloques de contidos os cales se espallan aquí en tres avaliacións para cada un dos niveis do centro.

O colexio "Virxe Milagrosa" é unha escola cristiá, que potencia a integración no medio social e cultural inmediato e intenta dar resposta ás necesidades reais do alumnado e da sociedade. Posibilita a educación da competencia espiritual e a fe do alumnado a partir dun proxecto integral de iniciación e maduración cristiá. Cultiva a educación moral dos seus alumnos/as na tripla dimensión: persoal, comunitaria e social. Esta educación moral, enraizada no Evanxeo, oriéntase a promover a fraternidade, a solidariedade e a xustiza.

Tendo en conta a competencia espiritual tratamos que os nosos alumnos:

- Experimenten e saiban identificar e desenvolver experiencias de asombro, misterio e pregunta.

- Intenten desenvolver o autocoñecemento positivo e dinámico.
- Utilicen os sentimentos e emocións como vía de crecemento persoal.
- Contribúan no desenvolvemento persoal e así ao da comunidade.
- Adquiran corresponsabilidade no coidado da natureza e o mundo en que vivimos.

A ensinanza da Relixión e Moral Católica contribúe ao desenvolvemento duns coñecementos, valores e actitudes que conforman o currículo e favorece a formación integral do alumnado.

A contribución desta área á formación integral concreta especialmente no desenvolvemento da capacidade transcendente do alumnado.

Partindo dunha análise previa da realidade dos nosos alumnos/as, podemos subliñar algunhas cuestións para ter en conta na nosa programación: distribución horaria dunha sesión semanal, diferentes ritmos de aprendizaxe, desmotivación inicial nun sector do alumnado e incorporación de novo alumnado nesta etapa educativa.

Inmerso na programación da ERE, atópase o noso carisma vicenciano polo que a Creatividade será este curso a nosa folla de ruta.

Podemos considerar que unha escola é "creativa ata o infinitivo" cando se atreve a innovar e a soñar. Desde ese momento a escola ensina aos seus alumnos para mirar cos ollos do corazón e a descubrir o misterio que se oculta en cada detalle e en cada persoa. Responde as inquietudes dos alumnos, á súa necesidade de xogar, crear e inventar. Fai consciente a cada alumno das súas potencialidades e aumenta, desta maneira, a súa autoestima. Cambia a repetición ordinaria por actividades que avivan o pensamento e espertan a creatividade. O noso propósito, en primeiro lugar, non é outro que o alumnado agudice a súa capacidade de observación do noso mundo, coñecéndoo, analizándoo e vivíndoo con espírito crítico, desde a óptica transformadora do Evanxeo, e, en segundo lugar, empeñarnos con radicalidade en construír o cálido fogar dunha humanidade fraterna desde o ámbito das aulas entre todos os membros da comunidade educativa.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

O Decreto 86/2015 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia, expón as seguintes competencias clave :

1ª) Comunicación lingüística (CCL)

2ª) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

3ª) Competencia dixital (CD)

4ª) Aprender a aprender (CAA)

5ª) Competencias sociais e cívicas (CSC)

6ª) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

7ª) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

2.1. Comunicación lingüística (CCL).

Este currículo de Relixión Católica válese dos elementos cristiáns presentes na contorna do alumnado, das imaxes e símbolos, da linguaxe e outros recursos, para a comprensión da relixiosidade propia de cada etapa evolutiva. Desenvólvese así a competencia en comunicación lingüística (tanto na expresión oral como na escrita) que se serve da linguaxe que conforma a cultura e tradición que se transmite dunha a outra xeración. Ademais o ensino relixioso católico na escola sérvese da linguaxe académica e das linguaxes que conforman a cultura. O diálogo da fe coa cultura contribúe á competencia en comunicación lingüística do alumno.

2.2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

O ensino relixioso tamén contribúe á competencia matemática ó axudar a que o alumno relacione datos da Biblia coa historia, contabilice expresións de cifras e use estatísticas para a descrición e a análise da realidade social.

2.3. Competencia dixital (CD)

O ensino relixioso integra as TIC para o tratamento da información, para a súa obtención e selección crítica. É unha materia na que teñen un importante papel os recursos tecnolóxicos ao alcance de estudantes e profesores, pois facilitan o traballo tradicional e ofrecen novas aplicacións.

2.4. Aprender a aprender (CAA)

O ensino da relixión contribúe fomentando a atención, memoria, experiencia, o impulso do traballo en equipo, a síntese da información e opinión. Fai aos alumnos protagonistas da súa propia aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore activa e libremente co plan divino.

2.5. Competencias sociais e cívicas (CSC)

A relixión católica favorece o desenvolvemento de virtudes cívicas para o ben común da sociedade. Educa a dimensión moral e social da persoa, favorecendo a corresponsabilidade, a solidariedade, a liberdade, a xustiza e a caridade.

2.6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Esta competencia desenvólvese no estudante partindo do verdadeiro coñecemento de si mesmo, das súas potencialidades, da súa dignidade e do seu sentido. A formación relixiosa católica aporta á devandita competencia unha cosmovisión que dá sentido á vida, á cultura e á identidade da persoa humana.

2.7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A relixión católica aporta á competencia cultural e artística o significado e valoración crítica de tantas obras da nosa contorna, motivando o aprecio pola propia cultura galega e a estima adecuada doutras tradición culturais e relixiosas.

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA 4º DA ESO

Os obxectivos son os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias,

así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e

no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Estes obxectivos son comúns para todas as áreas e para toda a etapa, pero os que se consideran mais directamente relacionados coa área de relixión católica son o: a), b), c), d), e), f), g), h), i), l), m), n)

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTANDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE:

- TEMPORALIZACIÓN

BLOQUE 1. EL SENTIDO RELIGIOSO DELHOMBRE		
CONTENIDO	**CRITERIO**	**ESTANDAR**
As relixións: procura do sentido da vida. Plenitude na experiencia relixiosa: a revelación de Deus na historia.	1. Aprender e memorizar os principais trazos comúns das relixións. CL, CD, CEC, AA	1.1 Identifica e clasifica os trazos principais (ensino, comportamento e culto) nas relixións monoteístas. 1.2 Busca información e presenta ao grupo as respostas das distintas relixións ás preguntas de sentido.
	2. Comparar e distinguir a intervención de Deus na historia dos intentos humanos de resposta á procura de sentido. CL, CSC, SIEE, CEC, AA	2.1 Razoa por que a revelación é a plenitude da experiencia relixiosa. 2.2 Analiza e debate as principais diferenzas entre a revelación de Deus e as relixións.
BLOQUE 2. LA REVELACIÓN: DIOS INTERVIENE EN LA HISTORIA		
CONTENIDO	**CRITERIO**	**ESTANDAR**
A fidelidade de Deus á alianza co ser humano. A figura mesiánica do Servo de Yahvé.	1. Recoñecer e valorar as accións de Deus fiel ao longo da historia. AA, SIEE, CEC	1.1 Identifica e aprecia a fidelidade permanente de Deus que atopa na historia de Israel. 1.2 Toma conciencia e agradece os momentos da súa historia nos que recoñece a fidelidade de Deus.
	2. Comparar e apreciar a novidade entre o Mesías sufriente e o Mesías político. AA, CEC, CL	2.1 Identifica, clasifica e compara os trazos do Mesías sufriente e o Mesías político. 2.2 Esfórzase por comprender a novidade do Mesías sufriente

BLOQUE 3. JESUCRISTO, CUMPLIMIENTO DE LA HISTORIA DE LA SALVACIÓN		
CONTENIDO	**CRITERIO**	**ESTANDAR**
A chamada de Xesús a colaborar con El xera unha comunidade.	1. Descubrir a iniciativa de Cristo para formar unha comunidade que orixina a Igrexa. CL, AA	1.1 Localiza, selecciona e argumenta en textos evanxélicos a chamada de Xesús.
	2. Coñecer e apreciar a invitación de Xesús a colaborar na súa misión. CL, CSC, SIEE	2.1 Le de maneira comprensiva un evanxeo, identifica e describe a misión salvífica de Xesús. 2.2 Busca e identifica persoas que actualizan hoxe a misión de Xesús e expón en grupo por que continúan a misión de Xesús.
BLOQUE 4. PERMANENCIA DE JESUCRISTO EN LA HISTORIA: LA IGLESIA		
CONTENIDO	**CRITERIO**	**ESTANDAR**
A pertenza a Cristo na Igrexa ilumina todas as dimensións do ser humano. A autoridade eclesial ao servizo da verdade. A misión do cristián no mundo: construír a civilización do amor.	1. Descubrir e valorar que Cristo xera unha forma nova de usar a razón e a liberdade, e de expresar a afectividade da persoa. CL, AA, SIEE, CEC, CSC	1.1 Elaborar xuízos a partir de testemuños que exemplifiquen unha forma nova de usar a razón e a liberdade e de expresar a afectividade. 1.2 Adquire o hábito de reflexionar buscando o ben ante as eleccións que se lle ofrecen. 1.3 É consciente das diferentes formas de vivir a afectividade e prefire a que recoñece como máis humana.
	2. Distinguir que a autoridade está ao servizo da verdade. Relacionar a misión do cristián coa construción do mundo. CL, SIEE, CEC, AA, CSC	2.1 Identifica persoas que son autoridade na súa vida e explica como recoñece nelas a verdade. 2.2 Recoñece e valora na Igrexa distintas figuras que son autoridade, polo servizo ou polo

		testemuño. 2.3 Localiza e xustifica tres acontecementos da historia nos que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano.
	3. Relacionar a misión do cristián coa construción do mundo. CL, CD, CSC, SIEE, CEC	3.1 Investiga e debate sobre as iniciativas eclesiais da súa contorna que colaboran na construción da civilización do amor.

COMPETENCIAS CLAVE:

CL: Competencia lingüística

CMCT: Competencia matemática ciencia y tecnología

CD: Competencia digital

AA: Aprender a aprender

CSC: Competencia social y cívica

SIEE: Sentido de iniciativa y espíritu emprendedor.

CEC: Conciencia y expresiones culturales.

- GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

Os contidos esixidos pola Conferencia Episcopal Española, no Currículo de Relixión e Moral Católica terán, loxicamente, a condición de contidos mínimos.
Ademais:
Asistencia a clase, entrega das actividades/traballos marcados o longo do curso nas datas sinaladas, o interese na materia, a participación na mesma, o bo comportamento na aula, o respecto cara á profesora e aos seus compañeiro ...

- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Nos procedementos de avaliación recolleranse todos os métodos que fan posible contrastar o grao de aprendizaxe da materia tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo. Para avaliación dos estándares de aprendizaxe podemos fixarnos en tres aspectos: a temporalización, os axentes que avalían e as técnicas que usamos.

a) En canto á temporalización:

AVALIACIÓN ORDINARIA

A avaliación será trimestral. Os trimestres suspensos recuperaranse realizando as actividades e traballos que quedasen pendentes (xa que se avalía deste xeito e non por medio de exames) na avaliación ordinaria de Xuño.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Haberá unha proba extraordinaria en setembro.

b) En canto ós axentes non soamente avalía o docente senón que teremos en conta a avaliación entre iguais.

c) En canto ás técnicas: observación na aula e producións escritas e dixitais. Estes instrumentos constitúen o soporte físico que se emprega para recoller a información sobre as aprendizaxes esperadas dos alumnos correspondentes aos procedementos de avaliación subliñados anteriormente:

- Observación sistemática. Leva consigo a observación das actitudes manifestadas polo alumno e das súas respostas ás tarefas suxeridas a cotío no aula. Comprobación de respecto aos compañeiros/as, á orde na clase, ao profesor/a, aos materiais propios e alleos. Valoración de se o alumno acepta ou non os roles asignados, axuda a organizar o grupo, coopera nas tarefas comúns.

- Producións do alumno: Expresión nun caderno de clase ou no classroom das actividades realizadas, investigacións, retos...

5. CONCRECCIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

A materia de relixión católica utilizará unha metodoloxía, centrada na persoa, que respectará os seguintes principios:

- Recoñecemento do rol do docente. O docente é peza crave na elaboración da planificación, a elaboración e implementación de actividades de aula axustadas ao grupo concreto que está ensinando, así como á avaliación do proceso. A súa formación e a súa responsabilidade no acompañamento do proceso de crecemento do estudante resulta, polo tanto, fundamental á hora de garantir o éxito do proceso de aprendizaxe.

- Adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa. Esta atención, centrada na persoa, permite combinar de xeito adecuado o concreto e o abstracto, o traballo individual e o grupal, o manipulativo, experiencial e visual cos aspectos conceptuais.

- Respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe dos estudantes. Non todos os estudantes son iguais, non todos aprenden á mesma velocidade nin utilizan as mesmas estratexias. A atención á diversidade e o desenvolvemento da inclusión comeza na asunción deste principio fundamental.

- Consideración da dimensión humanista. Todas as aprendizaxes están ao servizo da formación humana. A materia de relixión, desde a súa clave personalizadora, require que todo tipo de aprendizaxes, instrumentais, cognitivos, actitudinales, socio afectivos non sexan considerados fin en si mesmo senón que estean ao servizo da formación integral do ser humano.

- Respecto pola curiosidade e inquietudes dos estudantes. Consideración dos intereses e expectativas dos estudantes así como dos coñecementos previos, de maneira que se garanta unha aprendizaxe significativa.

- Seguimento dos criterios de avaliación educativa. Para facilitar o cumprimento destes principios metodolóxicos aplicarase unha avaliación continua, global e formativa ao longo do proceso de ensino e aprendizaxe; e sumativa ao final do proceso, de maneira que se avalíe o nivel de logro alcanzado. A avaliación obxectiva garante unha valoración adecuada da dedicación, esforzo e rendemento de todos os estudantes.

- Desenvolvemento da aprendizaxe en equipo e/ou cooperativo. O estudo e reflexión do cristianismo, polo seu intrínseca dimensión comunitaria, é unha materia adecuada para desenvolver o traballo en equipo e a aprendizaxe cooperativo.

- Utilización educativa dos recursos tecnolóxicos. O ensino da relixión promove a utilización da tecnoloxía da información e a comunicación non só dun xeito instrumental, que resulte útil ao estudante na procura de información ou na resolución de problemas suscitados na clase, senón procurando a súa integración na vida do suxeito e o seu uso ético. As redes sociais ou as ferramentas de construción e manipulación de imaxes, por exemplo, son instrumentos que permiten novas formas de expresión da cultura e a identidade persoal que hai que aprender a dominar.

Utilizarase o proxecto “ ludere” creado por profesores de relixión da provincia de Huelva. É un proxecto educativo destinado a ensinar a materia de Relixión Católica a alumnos de Educación Secundaria, baseado na metodoloxía didáctica da ludificación ou gamificación: o uso de mecánicas e dinámicas deseñadas para o xogo, pero dentro de contextos educativos. Trátase de achegarlles a relixión dunha maneira diferente, favorecendo a aprendizaxe cooperativa, a autoavaliación e o éxito, en forma de puntos e insignias virtuais. O que búscase é implicar aos alumnos máis directamente na súa propia aprendizaxe, atendendo mellor ás súas capacidades, sen esquecer que o xogo motiva, xera un clima de competitividade sa, mantén aos participantes cun espírito curioso e distende a aula.

Os xogos permítenlles, en primeiro lugar, a recepción da información e a súa selección. Escollen aspectos ou datos relevantes que logo deberán ser utilizados ao longo do xogo. Tamén se memorizan as regras, os personaxes... Desenvólvese a capacidade de aplicar esas regras ás diferentes etapas do xogo, pantallas, etc… e os xogadores non esquecen as regras, cando chegan a unha nova pantalla, senón que investigan, interaccionan, preguntan aos compañeiros, se socializan, buscan solucións en Google que poidan ser aplicadas ao seu xogo, as verbalizan, cooperan entre eles, adáptanse, interactúan.

Detrás de cada xogo hai unha serie de aprendizaxes tanto de contidos como de valores, tolerancia á frustración, memorización de regras, estratexias para gañar, anticipación ante as posibles accións do outro… Calquera xogo desenvolve competencias esenciais como a observación, probabilidade, rapidez, empatía, intuición, toma de riscos e de decisións. Ás veces gaño e ás veces perdo, pero sempre as decisións teñen consecuencias, as miñas accións xeran consecuencias sobre a contorna.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Cada alumno dispón dun ordenador no que se irán elaborando e recollendo as distintas actividades que se fagan ao longo do curso. En xeral botaremos man de:

- Mapas.
- Fichas de elaboración propia.
- Actividades en formato dixital.
- Exposición de paneis, murais.
- Biblia.
- Documentos da Igrexa Católica (Encíclicas, Concilio Vaticano II...).
- Comentarios de artigos de prensa ou de outro tipo de publicacións.
- Fotocopias.
- Libreta.
- Ordenador/Internet.
- Moodle, Classroom, Cisco Webex...
- Blogs elaborados por profesores de relixión: https://www.proyectoludere.es/. Concretamente para 4º de ESO: El primer caballero.
- Outros blogs de consulta alternativa http://adonaiemaus.blogspot.com.es/
- Outros materiais que se observen que poidan achegar positivamente ao desenvolvemento da programación de aula.

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Segundo indica o currículo oficial, os criterios de avaliación establecen o tipo e o grado de aprendizaxe que se espera que os alumnos vaian alcanzando ao longo da Educación Secundaria Obrigatoria con respecto ás competencias básicas e ás capacidades indicadas nos obxectivos xerais. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será **continua, formativa e integradora**.

Os criterios de cualificación son os seguintes:

- Actitude (10%).
- Realización das investigacións e retos do proxecto (90%).

A nota final de cada avaliación será o resultado da media aritmética dos dous apartados anteriores. As competencias traballaranse ao longo do curso e avaliaranse a través das investigación e retos.

O resultado da avaliación expresarase mediante unha cualificación numérica, nunha escala de una a dez, acompañada dos seguintes termos: "Insuficiente" (IN): 1,2,3 ou 4; "Suficiente" (Su): 5; Ben (BE):6; "Notable" (NT): 7 ou 8; "Sobresaliente" (SB): 9 ou 10.

En ambos apartados tense que alcanzar un 5 para poder facer a media. A cualificación final de curso obterase facendo a media aritmética das tres sesións de avaliacións parciais.

Procedemento de recuperación:

O alumnado recuperará a/as avaliación/s suspensas entregando nos meses de xaneiro, abril e xuño (coincidindo co exame final) e nunha data estipulada, aqueles traballos e actividades (investigacións e retos) que, ou ben non entregase no seu momento ou que habéndoos entregado non estivesen superados por non alcanzar unha avaliación positiva neles.

OBSERVACIÓNS

- Non se recollerá ningunha tarefa fóra de prazo. No caso de non entregarse a tempo, esta será cualificada cun cero.
- Unha actitude negativa de continuo entorpecemento do desenvolvemento normal da clase, supoñerá non acadar unha avaliación positiva na materia.
  Respecto ós pequenos traballos da procura de información para a realización dalgunhas das actividades propostas: Dado que proporciónaselles unhas pautas de como deben presentarse os mesmos, dicir que non acadaran unha avaliación positiva se non cumpran ditas pautas, si o alumno "cortou e pegou "ou si a materia non está suficientemente traballada.
- A avaliación da materia considérase positiva cando en función das porcentaxes establecidas, o alumno ou alumna acada unha puntuación igual ou superior a 5.
- As faltas de ortografía restarán 0,1 puntos ata un número máximo de 2 puntos.
- O redondeo para cualificacións decimais farase como segue:
  - Cifra decimal < 7 nº enteiro anterior
  - Cifra decimal ≥ 7 redondeo á alza a consideración do profesor segundo o merecemento do alumno.

- No redondeo non está incluído o caso de cualificacións no rango de 4 a 5.

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Os ámbitos ou dimensións a avaliar son a diversidade, a programación, as actividades e a avaliación.

Diversidade:

- Pasar unha proba inicial para coñecer a diversidade que pode haber na miña clase.
- Axúdanse entre eles/as? Aprendizaxe cooperativa.
- Por norma dou explicacións xerais.
- Ofrezo a cada un de forma individual a explicación que precisa.
- Á hora de deseñar as actividades, teño en conta que existen diferentes tipos de ritmos e intereses.

Programación

- Establezo o tempo necesario para desenvolver cada unidade didáctica.
- Consulto a programación ao longo do curso escolar.
- Adaptei a programación ás características e necesidades específicas dos alumnos/as.
- Á hora de realizar a programación teño en conta as posibilidades que me ofrece a contorna.
- Activo os coñecementos previos dos alumnos/as antes de empezar cunha nova unidade didáctica.

Actividades de aula:

- Fomento a participación dos alumnos/as.
- Nas miñas clases o alumno é o protagonista.
- Eloxio aos alumnos/as.
- Organización do tempo transcorrido en clase: canto para os alumnos, canto para o profesor.
- Nas actividades teño en conta os diferentes niveis dos estudantes.

Avaliación:

- Na avaliación do alumno, ¿comunícolle en que debe mellorar?
- Avalío tamén a miña intervención.
- Ao remate de cada unidade didáctica, avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso da aprendizaxe.
- Apunto de xeito sistemático os resultados obtidos.
- O alumno sabe en que se vai basar a súa avaliación.

Dos ítem de cada un dos diferentes ámbitos e dimensións farase un rexistro tal que a interpretación dos resultados e as modificacións necesarias (se as houbera), quedarán reflectidas no seguimento da programación de aula nunha táboa con a seguinte Lenda:

1- pouco/nunca 2- poucas veces 3- case sempre 4- moito/sempre

9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Aqueles alumnos que teñan a materia de relixión pendente, terán que seguir un plan de reforzo destinado á súa recuperación e á súa superación e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. O seguimento do mesmo farase en cada sesión de avaliación, e de ser necesario, realizaranse os axustes que procedan. Para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberá entregar o traballo correspondente ao nivel non superado nos prazos establecidos para iso e obter avaliación positiva no plan de reforzo.

10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Na materia de Relixión Católica a avaliación ao inicio de curso farase de xeito oral xa que o alumnado que elixe voluntariamente a materia acada ao rematar o curso escolar os estándares de aprendizaxe no seu grao mínimo e posúe as competencias precisas para o curso que se inicia.

Aínda así pode ser necesario, nalgún caso de alumnado que procede doutros centros ou da Primaria, diagnosticar a situación de partida para detectar os casos nos que haxa que aplicar medidas de atención á diversidade.

Nese caso realizarase unha proba escrita específica a principio de curso, preferentemente na segunda quincena de setembro, para diagnosticar a situación de partida do alumnado e poder detectar casos que precisen atención á diversidade. Os contidos desa proba serán os axeitados aos contidos mínimos do curso anterior que o grupo de alumnos teña realizado. Esa proba escrita pode conter preguntas obxectivas así como de texto incompleto, de emparellamento e de opción múltiple. Tal proba terá un carácter informativo e non terá validez a efectos de cualificación.

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O desenvolvemento propio das unidades didácticas ten presente a atención á diversidade, xerando un conxunto de propostas que favorecen a adaptación aos intereses, capacidades e motivacións dos alumnos, respectando sempre un traballo común de base e intención formativa global que permita a consecución das competencias básicas e dos obxectivos do curso e da Etapa.

No ensino da Relixión teño o convencemento de que cada persoa é única e irrepetible polo que a atención á diversidade está sempre presente. No caso de contar no noso centro con algún alumno/a que teña necesidades educativas especiais asociadas a algún tipo de discapacidade física ou intelectual, ou que necesita axudas técnicas ou estea máis adiantado nas súas calidades requirindo ensinanzas alternativas para satisfacer as súas posibilidades en toda plenitude, seguiranse as directrices que marque o Plan de Atención á Diversidade do Centro. Todo o que se faga nesta materia será de acordo co

diagnóstico psico-pedagóxico en estreita relación co Departamento de Orientación do Centro.

Medidas de atención a diversidade:

- Avaliación inicial para poder coñecer a diversidade de alumnos dende o comezo do curso e así poder deducir as necesidades do grupo e de cada alumno, establecer prioridades de traballo, e introducir adaptacións na programación unha vez coñecida a realidade do alumnado.
- Graduar as diversas aproximacións que poden darse a un mesmo criterio de avaliación.
- Utilizar metodoloxías diversas, empregando materiais didácticos variados e graduados en función da súa dificultade.
- Agrupamentos flexibles dentro da aula e así favorecer as relacións, fortalecer a integración, favorecer o traballo cooperativo e realizar un traballo mais adaptado ós alumnos.
- Favorecer a atención individualizada ós alumnos, que compleméntase con actividades sinxelas, breves e de reforzo para alumnos con dificultades no proceso normal de aprendizaxe e con actividades de ampliación para alumnos mais motivados que lles axuden a desenvolver as súas capacidades.

12. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Na Educación Secundaria Obrigatoria, elementos como a comprensión lectora, a expresión oral, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional trabállanse en todas as materias. Da mesma maneira, foméntase o desenvolvemento de valores como a igualdade entre homes e mulleres e a non discriminación por condicións circunstanciais persoais ou sociais. O ensino transversal tamén inclúe a educación na resolución pacífica de conflitos e en valores que sustenten a liberdade, a xustiza, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos.

De entre estes ensinos transversais, Relixión Católica 2.º ESO traballa especialmente:

- **Educación moral e cívica:**

➢ Valoración das distintas respostas fronte ao sufrimento e ao respecto pola necesidade de sentirse amado que ten cada ser humano.

➢ Disposición a formar unha conciencia moral (distinción entre o ben e o mal, disposición ao ben, conciencia da propia liberdade e responsabilidade, capacidade de recoñecemento dos propios erros e do arrepentimento…).

➢ Disposición a recoñecer as actitudes que favorecen o encontro persoal cos demais.

- Toma de posición a favor dos pobres e dos necesitados e opción por un compromiso persoal a favor dun mundo mellor.
- Recoñecemento dos valores cristiáns e da súa capacidade para influír na cultura actual.

- **Educación para a igualdade de oportunidades:**

- Valoración positiva dos casos de superación persoal e toma en consideración como exemplos a seguir.
- Comprensión das repercusións da mensaxe e da forma de actuar de Xesús que anima aos cambios nas persoas coas que se atopa.

- **Educación do consumidor:**

- Actitude crítica ante os casos de manipulación da personalidade por parte dalgunhas seitas.
- Valoración das iniciativas solidarias e disposición a participar nelas.

- **Educación para a paz:**

- Valoración dos aspectos positivos que achegan todas as respostas relixiosas ás preguntas que formulan as persoas.
- Recoñecemento da universalidade da mensaxe cristiá e do feito de que Xesús superou os límites do seu pobo.
- Interese polos valores que se fomentan nas peregrinacións como o Camiño de Santiago.

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POR CADA DEPARTAMENTO DIDÁCTICO

As actividades complementarias realizaranse participando nas actividades do departamento de Pastoral. Relacionadas con esta materia, non se propón ningunha actividade extraescolar.

14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Os procedementos para avaliar a programación de Relixión Católica son de dous tipos:

A) Unha avaliación de progreso:

1. Haberá que ir vendo o axuste de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e actividades á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do Centro.

2. Valorarase tal axuste nos informes do seguimento da avaliación, nas reunións de Departamento e nas avaliacións e, se resulta pouco axeitado, haberá de modificarse durante o percorrer do curso.

B) Unha avaliación final:

1. Prestarase moita atención ao porcentaxe de alumnos que, na súa avaliación final, queden coa relixión sen aprobar.

2. Os erros detectados recolleranse na memoria final de curso para a elaboración da programación do próximo curso.

15. APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR

Só un alumno ten aprendizaxes imprescindibles non adquiridas do curso anterior.

TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

4º ESO

Curso 2022 - 2023

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Colexio Virxe Milagrosa.

ÍNDICE

1. Introdución e contextualización.
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
3. Obxectivos.
   3.1 Obxectivos xerais de etapa.
   3.2 Obxectivos da área.
4. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.
5. Temporalización.
6. Mínimos esixibles.
7. Procedementos e instrumentos de avaliación.
8. Procedementos para a realización da avaliación inicial.
9. Medidas de atención á diversidade.
10. Metodoloxía.
11. Materias e recursos didácticos.
12. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
13. Elementos transversais.
14. Contribución aos distintos plans: Proxecto lector, Plan TIC, Plan de convivencia.
15. Actividades complementarias e extraescolares.
16. Procedementos para avaliar a propia programación.

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

Esta programación vai dirixida á materia de tecnoloxías da información e da comunica ción. Como se recolle no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

As tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) desenvolven un papel fundamental na sociedade actual, porque proporcionan un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, as TIC achéganlle ao currículo a capacidade de analizar e redeseñar a relación entre dispositivos tecnolóxicos e necesidades sociais, ámbito no que a innovación e a condición de inmediata que lle son propias dotan esta materia dunha grande relevancia educativa. Na resolución de problemas coas TIC conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademais, o coñecemento das novas tecnoloxías proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor dela.

A materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación trata de achegarlle ao alumnado as habilidades necesarias para adaptarse aos cambios propios deste ámbito tecnolóxico. Deste xeito, na parte da materia correspondente a cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, os bloques de "Ética e estética da interacción en rede", de "Seguridade informática" e de "Internet, redes sociais e hiperconexión" tratan aspectos das redes moi relacionados entre si, que é necesario que o alumnado domine para que poida desenvolverse con soltura e seguridade nos ámbitos profesional e persoal. O bloque de "Computadores, sistemas operativos e redes" abonda en aspectos de configuración dos computadores e de instalación de aplicación cos que as persoas usuarias deben familiarizarse para utilizar computadores e aplicacións xunto con outros dispositivos hoxe imprescindibles, como teléfonos intelixentes e táboas, ou para utilizar as posibilidades de conectividade das TIC. O bloque de "Organización, deseño e produción de información dixital" e o de "Publicación e difusión de contidos" tratan os aspectos que poden necesitarse para producir documentos e difundilos, ademais dalgúns temas relacionados co soporte das publicacións, como son o tratamento de datos, a xeración de informes e a incorporación de elementos gráficos e audiovisuais nos documentos.

Nos dous cursos de bacharelato, a materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación persegue a consolidación dunha serie de coñecementos tecnolóxicos indispensables. Así, o bloque "A sociedade da información e o computador" introduce o alumnado na importancia desta materia na sociedade actual. Os bloques "Arquitectura de computadores", "Redes de computadores" e "Seguridade" abondan en aspectos relativos aos compoñentes e á configuración dos computadores, e á súa conexión en redes. O bloque "Software para sistemas informáticos" afonda no uso de aplicacións de uso común no mundo actual, tales como as aplicacións ofimáticas de edición de texto, de cálculo, de elaboración de presentación, de almacenaxe de información e de traballo con imaxe e vídeo. E os bloques "Programación" e "Publicación e difusión de contidos" afondan no deseño de programas que permitan dar solucións a problemas do mundo real, e no uso destes no mundo de internet.

Como noutras materias que tratan aspectos tecnolóxicos, nesta intégranse coñecementos de carácter matemático e científico, ademais de que é frecuente que as TIC se utilicen para resolver problemas específicos doutras disciplinas. Un enfoque interdisciplinar, xa que logo, favorecerá a conexión con outras materias e mesmo con diversos temas de actualidade.

Desde o punto de vista metodolóxico, as TIC admiten tratamentos moi diversos, porque serven

tanto para integrar as restantes materias do currículo como para afondar en aspectos moi específicos, como a programación ou as comunicacións, sen esquecer que son especialmente indicadas para reflexionar sobre os temas tecnolóxicos e de actualidade.

Esta materia caracterízase pola realización de actividades nas que se desenvolven destrezas técnicas para acceder ás redes de información, que tamén se comparte, e se utilizan aplicacións informáticas de propósito xeral. Neste contexto, a iniciativa, a colaboración e o respecto polas normas de seguridade e polos dereitos dos colectivos relacionados coa cultura ou coa produción de programas informáticos son tan importantes como o dominio dos recursos informáticos e das redes de comunicacións.

A participación pode potenciarse nesta materia mediante a exposición de traballos, a resolución colaborativa de problemas mediante a realización de proxectos informáticos, a utilización colectiva de recursos virtuais ou a procura e a análise de información en internet, aspectos que tamén favorecen a propia aprendizaxe.

Na ensinanza das TIC resulta, daquela, adecuado reflexionar e traballar en grupo procurando solucións a problemas concretos onde se poidan aplicar os coñecementos adquiridos, e buscar información adicional, se se require, para fomentar o espírito emprendedor.

A contribución da materia de TIC ao desenvolvemento das competencias clave dependerá en grande medida do tipo de actividades; é dicir, da metodoloxía empregada. Neste sentido, a comunicación lingüística desenvolverase na medida en que o alumnado adquira e utilice un vocabulario técnico preciso, elabore programas e documentos, explique conceptos ou elabore e expoña información. A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden alcanzarse configurando e administrando máquinas e sistemas operativos, aplicando técnicas de tratamento e almacenamento de datos ou asumindo hábitos seguros no contexto das redes de comunicación, competencias que tamén se favorecen analizando o funcionamento de programas, aplicacións e sistemas operativos, ou mediante a análise e a valoración das repercusións dos hábitos sociais en internet. A competencia dixital, que é a específica desta materia, desenvolverase co emprego constante das TIC para procurar e almacenar información, para obter e presentar datos e para simular sistemas, ou para elaborar programas ou utilidades informáticas que sirvan para resolver problemas.

Para que o alumnado poida aprender a aprender, as actividades deben permitir que tome decisións cun certo grao de autonomía, que organice o proceso da propia aprendizaxe e que aplique o aprendido a situacións cotiás das que poida avaliar os resultados. Do mesmo xeito, as competencias sociais e cívicas alcanzaranse procurando que o alumnado traballe en equipo, interactúe con outras persoas e con grupos de forma democrática, e respecte a diversidade e as normas, e tamén mediante a análise da interacción entre o desenvolvemento das TIC e os cambios socioeconómicos e culturais que produce.

O sentido de iniciativa e espírito emprendedor conséguese nesta materia a través do deseño, da planificación e da xestión de proxectos informáticos sinxelos, ao transformar as ideas propias en programas ou en documentos. E a conciencia e as expresións culturais reflíctense na análise da influencia dos fitos técnicos das TIC en distintas culturas e no seu desenvolvemento e progreso.

En resumo, a materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación ofrece un inmenso potencial para axudar a comprender o contorno social e para desenvolver un conxunto de competencias relacionadas tanto co contexto profesional como coas formas que a participación cidadá está a adoptar no contexto das TIC que afectan por igual os ámbitos social e do desenvolvemento persoal.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Descrición do modelo competencial.

Na descrición do modelo competencial inclúese o marco de descriptores competenciales, no que aparecen os contidos reconfigurados desde un enfoque de aplicación que facilita o adestramento das competencias; recordemos que estas non se estudan, nin se ensinan: adéstranse. Para iso, é necesaria a xeración de tarefas de aprendizaxe que permita ao alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é imposible; debido a iso, cada unha destas divídese en indicadores de seguemento (entre dúas e cinco por competencia), grandes alicerces que permiten describila dun xeito máis preciso; dado que o carácter destes é aínda moi xeral, o axuste do nivel de concreción esixe que devanditos indicadores divídanse, á súa vez, no que se denominan descriptores da competencia, que serán os que «describan» o grado competencial do alumnado. Por cada indicador de seguemento atoparemos entre dous e catro descriptores, cos verbos en infinitivo.

En cada unidade didáctica cada un destes descriptores concrétase en desempeños competenciales, redactados en terceira persoa do singular do presente de indicativo. O desempeño é o aspecto específico da competencia que se pode adestrar e evaluar de xeito explícito; é, xa que logo, concreto e obxetivable. Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descriptores competenciales definido para o proxecto e aplicable a todas as asignaturas e cursos da etapa.

Respectando o tratamento específico nalgunhas áreas, os elementos transversales, tales como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendimiento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

Por outra banda, o desenvolvemento e a aprendizaxe dos valores, presentes en todas as áreas, axudarán a que os nosos alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse nunha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir, e en cuxa construción colaboren.

A diversidad dos nosos alumnos e alumnas, cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, hanos de conducir a traballar desde as diferentes potencialidades de cada un deles, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

No área de Tecnoloxía

No área de Tecnoloxías da Información e a Comunicación incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descriptores máis afines ao área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O uso instrumental das matemáticas é patente no estudo da materia, tanto á hora de resolver

problemas como ao desenvolver programas e aplicacións, sendo necesario para iso a comprensión de obxectos, procesos, sistemas e contornas tecnolóxicas.

Así, ademais dos descriptores da competencia que se traballan puntualmente nas unidades, destacamos os seguintes:

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostenible.

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano na contorna natural e as repercusiones para a vida futura.

- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, geológico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).

- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que ocorre ao noso ao redor e responder preguntas.

- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas geométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.

- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.

- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

Comunicación lingüística

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita son fundamentais, xa que é mediante o uso dunha linguaxe técnica específico como se pretende obter unha comprensión profunda dos contidos desta área. Ademais, o alumnado desenvolverá habilidades relacionadas con esta competencia nos procesos de procura, selección e análise de información, así como na transmisión da mesma empregando distintas canles de comunicación.

Xa que logo, destacamos os descriptores seguintes:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.

- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.

- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor.

- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes registros, nas diversas situacións comunicativas.

- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en asignaturas diversas.

Competencia dixital

Esta competencia é intrínseca á materia, traballándose en tres vertentes: por unha banda, o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), fundamentais en todo o proceso de recopilación, tratamento e comunicación de información. Doutra banda, o seu uso en proxectos tecnolóxicos, como ferramenta de deseño e simulación. E para rematar, no bloque de programación, desenvolvendo habilidades fundamentais no deseño e desenvolvemento de programas informáticos e aplicacións.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descriptores da competencia:

- Empregar distintas fontes para a procura de información.

- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidad.

- Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.

- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.

- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.

- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais

Desde a área de Tecnoloxías da Información e a Comunicación lógrase a adquisición de aptitudes relacionadas coa creatividade mediante o desenvolvemento de traballos, presentacións e creacións dixitais, que require un compoñente de creatividade e de expresión de ideas a través de distintos medios, e pon en relevo a importancia dos factores estéticos e culturais na vida cotiá.

Polo que nesta área, traballaremos os seguintes descriptores:

- Mostrar respeto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.

- Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos.

- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

Esta competencia favorece todas aquelas habilidades sociais necesarias no desenvolvemento de habilidades de comunicación, redes sociais e contornas de traballo colaborativo. Neste sentido, o

alumnado terá ocasión de presentar as súas ideas e razoamentos, xustificando e defendendo a súa solución proposta, aprendendo a escoitar opinións contrarias, debatendo, xestionando conflitos, negociando e tomando decisións, sempre con respeto e tolerancia.

Para iso adestraremos os seguintes descriptores:

- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo, e para a resolución de conflitos.

- Mostrar disponibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.

- Recoñecer riqueza na diversidad de opinións e ideas.

- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

O desenvolvemento desta competencia se fomenta mediante a creatividade e a asunción de riscos á hora de implementar as solucións suscitadas aos problemas suscitados, xerando, en caso de ser necesario, novas propostas; e o que é máis importante, transformando ideas en produtos, o que fomenta a innovación e as habilidades de planificar e levar a cabo os proxectos tecnolóxicos deseñados.

Os descriptores que adestraremos son:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.

- Ser constante no traballo, superando as dificultades.

- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.

- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.

- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.

- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.

- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

Aprender a aprender

Nesta materia trabállase a avaliación reflexiva por parte do alumnado de diferentes alternativas para a resolución dun problema previo, que continúa nunha planificación dunha solución adoptada de forma razoada, e da que continuamente se evalúa a súa idoneidade. Ademais, o

traballo realizado na adquisición e análise previa de información, favorece o adestramento de devandita competencia.

Traballaremos os seguintes descriptores de xeito prioritario:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas.

- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.

- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se han de realizar no proceso de aprendizaxe.

- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.

- Evaluar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

3.OBXECTIVOS

3.1 OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respeto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos ea igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respetar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respetar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respeto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3.2 OBXECTIVOS DA ÁREA.

1. Interactuar na rede de forma responsable.
2. Coidar a seguridade e responsabilidade no acceso a servizos de intercambio e publicación de información dixital.
3. Identificar os dereitos de autor nos contidos dixitais.
4. Analizar a función e configuración dos equipos informáticos.
5. Instalar e eliminar software.
6. Comunicar equipos e sistemas a través de software.
7. Coñecer os compoñentes básicos e características dun ordenador.
8. Coñecer os elementos básicos en sistemas alámbricos e inalámbricos.
9. Producir documentos a través de diferentes programas informáticos.
10. Elaborar contidos de imaxe, audio e video e desenvolver capacidades para integralos en diversas producións.
11. Intercambiar información de forma segura a través de seguridade activa e pasiva na protección de datos.
12. Manexar distintos dispositivos de intercambio de información.
13. Publicar contidos na web.

14. Manexar ferramentas de produción web e TIC de carácter social.
15. Traballar a accesibilidad no manexo de ferramentas.
16. Desenvolver unha mirada crítica no uso e intercambio da información a través de redes sociais e plataformas.
17. Utilizar os hiperenlaces na publicación e relación de contido multimedia.

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE

	Tecnoloxías da Información e da Comunicación. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1. Ética e estética na interacción en rede			
▪ a ▪ b ▪ f ▪ g ▪ h ▪ i ▪ o	▪ B1.1. Políticas de seguridade para a protección do individuo na interacción coa rede. Contrasinais. Condutas e hábitos seguros. ▪ B1.2. Intercambio e publicación de información dixital na rede. Seguridade e responsabilidade no uso dos servizos de publicación.	▪ B1.1. Adoptar condutas e hábitos que permitan a protección do individuo na súa interacción na rede.	▪ TICB1.1.1. Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais.	▪ CD ▪ CSC
			▪ TICB1.1.2. Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.	▪ CD ▪ CMCCT.
▪ a ▪ b ▪ f ▪ g ▪ h ▪ i ▪ m ▪ ñ ▪ o	▪ B1.3. Dereitos de propiedade intelectual e de explotación dos materiais aloxados na web. Tipos de licenzas de distribución.	▪ B1.2. Acceder a servizos de intercambio e publicación de información dixital con criterios de seguridade e uso responsable.	▪ TICB1.2.1. Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información.	▪ CD ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC
▪ a ▪ g ▪ h ▪ i ▪ m ▪ ñ	▪ B1.4. Propiedade e distribución do software e da información. Tipos de licenzas de uso e distribución. ▪ B1.5. Identidade dixital, privacidade e seguridade. Desenvolvemento de actitudes de protección activa ante dos intentos de fraude.	▪ B1.3. Recoñecer e comprender os dereitos dos materiais aloxados na web.	▪ TICB1.3.1. Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web.	▪ CD ▪ CAA ▪ CSC
			▪ TICB1.3.2. Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.	▪ CD ▪ CSC ▪ CCEC
	Bloque 2. Computadores, sistemas operativos e redes			
▪ f	▪ B2.1. Funcións de configuración dos equipamentos informáticos.	▪ B2.1. Utilizar e configurar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.	▪ TICB2.1.1. Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.	▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CAA
			▪ TICB2.1.2. Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático.	▪ CD ▪ CMCCT.
▪ f	▪ B2.2. Instalación e eliminación	▪ B2.2. Xestionar a instalación e	▪ TICB2.2.1. Resolve problemas	▪ CD

	Tecnoloxías da Información e da Comunicación. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	de software de propósito xeral.	eliminación de software de propósito xeral.	vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.	▪ CMCCT. ▪ CAA
▪ a ▪ f	▪ B2.3. Utilización de software de comunicación entre equipamentos e sistemas.	▪ B2.3. Utilizar software de comunicación entre equipamentos e sistemas.	▪ TICB2.3.1. Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.	▪ CD ▪ CMCCT.
▪ f	▪ B2.4. Arquitectura dun computador: compoñentes básicos e características.	▪ B2.4. Coñecer a arquitectura dun computador, identificando os seus compoñentes básicos, e describir as súas características.	▪ TICB2.4.1. Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.	▪ CD ▪ CMCCT.
▪ f	▪ B2.5. Elementos e sistemas para a comunicación con fíos e sen eles.	▪ B2.5. Analizar os elementos e os sistemas que configuran a comunicación con fíos e sen eles.	▪ TICB2.5.1. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CCL
	Bloque 3. Organización, deseño e produción de información dixital			
▪ f ▪ g ▪ h ▪ i ▪ m ▪ ñ ▪ a ▪ o	▪ B3.1. Procesos de produción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetaxe. Importación de imaxes e gráficos. ▪ B3.2. Formatos abertos e estándares de formato na produción de documentación. ▪ B3.3. Operacións básicas en follas de cálculo. Creación de gráficos. Elaboración de informes sinxelos. ▪ B3.4. Organización da información en bases de datos. Realización de consultas básicas e xeración de documentos.	▪ B3.1. Utilizar aplicacións informáticas de escritorio para a produción de documentos.	▪ TICB3.1.1. Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.	▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CCEC
			▪ TICB3.1.2. Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.	▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CCL ▪ CSIEE
			▪ TICB3.1.3. Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos.	▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CAA ▪ CSIEE
▪ c ▪ f ▪ g ▪ h ▪ i ▪ m ▪ ñ ▪ o	▪ B3.5. Tipos de presentacións e estrutura do contido. Deseño da estrutura e de elementos gráficos adecuados para o público obxectivo. Importación de elementos multimedia, de imaxes e de gráficos. ▪ B3.6. Edición e montaxe de materiais audiovisuais a partir de fontes diversas. Captura de imaxe, de audio e de vídeo, e conversión a outros formatos. ▪ B3.7. Tratamento básico da imaxe dixital. Exposición, saturación, luminosidade e contraste. Resolución e formatos.	▪ B3.2. Elaborar contidos de imaxe, audio e vídeo, e desenvolver capacidades para integralos en diversas producións.	▪ TICB3.2.1. Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.	▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CCEC ▪ CSC
			▪ TICB3.2.2. Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.	▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE

	Tecnoloxías da Información e da Comunicación. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 4. Seguridade informática			
▪ a ▪ f	▪ B4.1. Procedementos de intercambio de información entre dispositivos físicos de características técnicas diversas. ▪ B4.2. Riscos de seguridade para sistemas, aplicacións e datos. Hábitos de protección. ▪ B4.3. Medidas de seguridade activa e pasiva. Actualización do software. Antivirus e devasas.	▪ B4.1. Adopta condutas de seguridade activa e pasiva na protección de datos e no intercambio de información.	▪ TICB4.1.1. Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles.	▪ CD ▪ CMCCT.
			▪ TICB4.1.2. Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.	▪ CD ▪ CMCCT.
			▪ TICB4.1.3. Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade.	▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CCL
	Bloque 5. Publicación e difusión de contidos			
▪ b ▪ f	▪ B5.1. Compartición de recursos en redes locais e en internet.	▪ B5.1. Utilizar dispositivos de intercambio de información coñecendo as características da comunicación ou da conexión entre eles.	▪ TICB5.1.1. Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.	▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CAA ▪ CSC
▪ a ▪ f ▪ g ▪ h ▪ i ▪ m ▪ ñ ▪ o	▪ B5.3. Deseño de páxinas web sinxelas.	▪ B5.2. Elaborar e publicar contidos na web que integren información textual, numérica, sonora e gráfica.	▪ TICB5.2.1. Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.	▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CCL ▪ CAA
			▪ TICB5.2.2. Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.	▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CCL ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CCEC
▪ a ▪ b ▪ c ▪ g ▪ h ▪ i ▪ m ▪ ñ ▪ o	▪ B5.4. Creación e publicación na web. Estándares de publicación. ▪ B5.5. Traballo colaborativo con servizos na nube e coas ferramentas das TIC de carácter social.	▪ B5.3. Coñecer os estándares de publicación e empregalos na produción de páxinas web e coas ferramentas das TIC de carácter social.	▪ TICB5.3.1. Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios.	▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC
	Bloque 6. Internet, redes sociais e hiperconexión			
▪ a ▪ b ▪ f ▪ g ▪ h ▪ i ▪ m	▪ B6.1. Creación e publicación na web de materiais multiplataforma accesibles. ▪ B6.2. Recursos e plataformas de formación a distancia, emprego e saúde. ▪ B6.3. Administración electrónica e comercio electrónico:	▪ B6.1. Desenvolver hábitos no uso de ferramentas que permitan a accesibilidade ás producións desde diversos dispositivos móbiles.	▪ TICB6.1.1. Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma.	▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CSIEE
			▪ TICB6.1.2. Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen	▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CCL

	Tecnoloxías da Información e da Comunicación. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ ñ ▪ o	intercambios económicos e seguridade. ▪ B6.4. Sincronización entre dispositivos móbiles e computadores.		servizos de formación, lecer, etc.	▪ CAA ▪ CSC
			▪ TICB6.1.3. Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo.	▪ CD ▪ CMCCT.
▪ a ▪ b ▪ f ▪ g ▪ h ▪ i ▪ m ▪ ñ ▪ o	▪ B6.5. Redes sociais. Privacidade e seguridade persoal na interacción en redes sociais.	▪ B6.2. Empregar o sentido crítico e desenvolver hábitos adecuados no uso e no intercambio da información a través de redes sociais e plataformas.	▪ TICB6.2.1. Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade.	▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE
▪ f ▪ m ▪ ñ	▪ B6.6. Utilización de canles de distribución de contidos multimedia para distribución de materiais propios.	▪ B6.3. Publicar e relacionar mediante hiperligazóns información en canles de contidos multimedia, presentacións, imaxe, audio e vídeo.	▪ TICB6.3.1. Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.	▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CCL ▪ CSC

5. TEMPORALIZACIÓN.

1º TRIMESTRE	Equipos informáticos y sistema operativos Redes Ofimática
2º TRIMESTRE	Ofimática Bases de datos Multimedia
3º TRIMESTRE	Diseño de páginas web Web 2.0 y redes sociales Seguridad y ética en la interacción en red

6. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR A MATERIA

Adoptar conductas e hábitos que permitan a protección do individuo na súa interacción na rede.

Acceder a servicios de intercambio e publicación de información dixital con criterios de seguridade e uso responsable.

Recoñecer e comprender os dereitos dos materiais aloxados na web.

Empregar e configurar equipos informáticos identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.

Xestionar a instalación e eliminación de software de propósito xeral.

Empregar software de comunicación entre equipos e sistemas.

Coñecer a arquitectura dun ordenador, identificando os seus compoñentes básicos e describindo as súas características.

Analizar os elementos e sistemas que configuran a comunicación alámbrica e inalámbrica.

Empregar aplicacións informáticas de escritorio para a producción de documentos.

Elaborar contidos de imaxe, audio e vídeo e, desenvolver capacidades para integralos en diversas producción.

Adoptar conductas de seguridade activa e pasiva na protección de datos e no intercambio de información.

Empregar diversos dispositivos de intercambio de información coñecendo as características e a comunicación ou conexión entre eles.

Elaborar e publicar contidos na web integrando información textual, numérica, sonora e gráfica.

Coñecer os estándares de publicación e empregalos na producción de páxinas web e ferramentas TIC de carácter social.

Desenvolver hábitos no uso de ferramentas que permitan a accesibilidade ás producciones dende diversos dispositivos móbiles.

Empregar o sentido crítico e desenvolver hábitos adecuados no uso e intercambio da información a través de redes sociais e plataformas.

Publicar e relacionar mediante hiperenlaces información en canles de contidos multimedia, presentacións, imaxe, audio e vídeo.

7. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

A cualificación do alumno recollerá esencialmente o resultado dos traballos realizados ao longo do curso no seu ordenador, así coma as distintas probas de avaliación realizadas, tendo en conta o desenvolvemento das súas capacidades, o seu traballo ao longo do ano e o seu interese e atención pola materia.

A avaliación efectuarase mediante a observación sistemática do progreso e evolución do alumno e atendendo sempre ás súas capacidades persoais. Serán instrumentos adecuados para isto:

- Traballos realizados no ordenador da aula de informática ou no ordenador E-Dixgal, participación activa e realización de exercicios prácticos. (50%)

- Probas escritas prácticas no ordenador. (50%)

No caso de que nun trimestre non se realizase algunha das probas mencionadas, as demáis pasarían a supor o 100% da calificación, mantendo a ponderación arriba sinalada.

8. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INICIAL.

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso escolar e terá en conta os seguintes aspectos:

- Información do titor ou titora do curso anterior para coñecer as necesidades de aprendizaxe do alumnado, características familiares que poidan incidir na súa aprendizaxe ou calquera outra circunstancia que poida afectar ao seu desenvolvemento.
- A observación do traballo e a conduta na aula.
- A análise das producciónns realizadas: traballos de clase, exposicións, participación.
- As preguntas respecto a aprendizaxes básicas necesarias para desenvolver a seguinte fase de aprendizaxe.

Esta avaliación será o punto de referencia para adoptar as medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas.

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais ten que alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais, os obxectivos e as competencias da etapa. Para asegurar un progreso axeitado, estableceranse as seguintes medidas de atención á diversidade:

Medidas ordinarias:

- Adapatación do currículo da ESO.
- Reforzo educativo dentro da aula.
- Adaptación dos exames (contidos e tempo).

Medidas específicas:

- Adaptacións curriculares.

Á marxe destas medidas, teranse en conta outros aspectos importantes:

- Estratexias para favorecer a autoestima: felicitacións en público, correccións en privado, ignorar os comportamentos de chamada de atención leves.

- Metodoloxía con actividades variadas, traballo cooperativo e colaboración entre alumnos.
- Organización da aula: sentado preto da profesora e nun lugar onde haxa poucos elementos distractores.

10. METODOLOXÍA

Os principios metodolóxicos que se seguirán na área son os seguintes:

1. Especial atención á diversidade e utilización de métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e favorezan a capacidade de aprenderen por si mesmos.

2. Metodoloxía activa e participativa, favorecendo o traballo individual e cooperativo do alumnado, o traballo en grupo colaborativo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmellorable para adestrar a competencia comunicativa.

3. Especial atención a adquisición e ao desenvolvemento das competencias clave.

4. Adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión oral e lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación que son, obviamente, extrapolables a outras áreas e contextos de aprendizaxes.

5. Integración e uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula de informática.

6. Dende o coñecemento da diversidade da aula e en resposta ás múltiples intelixencias predominantes no alumnado, o desenvolvemento de actividades desde a teoría das intelixencias múltiples para que todos os alumnos e as alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que se adquiran para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

11. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Recursos fotocopiables que recollen actividades de reforzo e de ampliación; material para o desenvolvemento das competencias; fichas de autoavaliación e a Adaptación curricular.
- Aula de informática cun ordenador por alumno con diverso sofware informático: procesadores de texto, follas de cálculo, power point, sofware para presentacións interactivas, editores de imaxes, software para diseño de páxinas web, ...
- Pizarra dixital.
- Ordenador e material E-Dixgal.
- Internet.

12. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
Avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel do alumnado.		
Identificación dos coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
Revisión dos traballos propostos na aula e fóra dela.		
Información necesaria sobre a resolución de tarefas.		
Corrección e explicación dos traballos e actividades do alumnado.		
Utilización de suficientes criterios de avaliación que atendan a avaliación dos diferentes contidos.		
Proposta de novas actividades para facilitar a adquisición de obxectivos cando estes non foron acadados con suficiencia.		
Proposta de actividades de maior nivel cando os obxectivos foron acadados con suficiencia.		

13. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Traballaránse os seguintes valores:

- Igualdade entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero.
- Responsabilidade ante un consumo responsable.
- Respeto á natureza: deterioro medioambiental, extinción das especies.
- Prevención e resolución pacífica de conflitos (xustiza, igualdade, paz, democracia...).
- Prevención da violencia terrorista e de calquera forma de violencia.
- Prevención do racismo e a xenofobia.
- Desenvolvemento sostible e medio.
- Riscos de explotación e abuso sexual.
- Situacións de risco derivadas da utilización das TIC.
- Protección ante urxencias e catástrofes.
- Espírito emprendedor e iniciativa empresarial.
- Educación e seguridade vial.

14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AOS DISTINTOS PLANS

Accións de contribución ao Plan TIC.

As TIC son unha ferramenta fundamental á hora de practicar o que poderiamos chamar un "traballo autónomo", motor dunha aprendizaxe duradeira e permanente, que provoca a utilización de habilidades cognitivas e a autonomía do alumnado. O tratamento da información implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e empregar a información dispoñible, contrastándoa cando é preciso.

O emprego das TIC centrarase básicamente en:

- Busca e selección de información en diversas páxinas web.
- Utilización de diccionarios, enciclopedias e prensa dixitais.
- Realización de actividades on-line.
- Libros dixitais.
- Utilización de distintos programas de cálculo e representacións gráficas.
- Utilización da aula de informática.
- Utilización da plataforma dixital Esemtia.
- Presentacións de power point.
- Utilización de material sonoro (gravacións de recitais de poesía).

Accións de contribución ao Plan Lector

Actuacións destinadas ao fomento da lectura para garantir unha progresiva capacitación do alumnado nas competencias básicas e contribuír á súa formación como cidadáns activos e solidarios:

- Lectura diaria na clase de diferentes tipos de textos e enunciados de problemas. A lectura pode ser silenciosa (para logo compartir todas as cuestións que suscite) ou en voz alta (neste caso sempre cuns minutos para unha preparación previa).

- Realización de actividades que favorezan a lectura comprensiva e aplicada á resolución de problemas (activar os coñecementos previos, establecer predicións, formular preguntas, resumir...)
- Traballo co xornal na aula: iránse comentando noticias de actualidade relacionadas coa materia (táboas, gráficas, estatísticas, ...
- Actividades para conmemorar o Día do Libro, a Semana das Letras Galegas e as Xornadas Culturais.

Accións de contribución ao Plan de Convivencia

Aplícase no traballo diario da aula, entre outras cousas ao traballar cooperativamente e respetar ás demais persoas. Relaciónase co Plan de acción titorial.

15. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Serán actividades encamiñadas a reforzar a consecución de obxetivos:

- A visita a exposicións e museos de interese.
- Realización de traballos cooperativos referidos a temas relacionados coa materia.
- As actividades de colaboración co Concello e outras institucións para traballar a educación en valores.
- As convivencias lúdicas e festivas dentro e fóra do centro.
- A visita a vilas e cidades para coñecer o noso patrimonio natural, histórico e cultural.

16. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

A avaliación da programación didáctica no seu conxunto farase a través da seguinte ferramenta:

ASPECTOS A AVALIAR	AVALIACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
Temporalización das unidades didácticas.		
Desenvolvemento dos obxetivos didácticos.		
Manexo dos contidos da unidade.		
Realización de tarefas		

Estratexias metodolóxicas seleccionadas.		
Recursos		
Claridade nos criterios de avaliación.		
Uso de diversas ferramentas de avaliación.		
Atención á diversidade.		